- MOLINA NAVARRETE, C. "Nuevas reglas sobre la jubilación anticipada", en *La Ley*, núm. 4892, 1999.
- MOLINA NAVARRETE, C. "Algunas reflexiones sobre la ley y los principios generales en el Derecho de la Seguridad Social, en *Revista Laboral*, 1998.
- MONEREO PEREZ, J.L. *Público y privado en el sistema de pensiones*. Ed. Tecnos, Madrid, 1996.
- MONEREO PEREZ, J. e MORENO VIDA, M.N. *Comentario a la Ley General de la Seguridad Social*. Ed. Comares, Granada, 1999.
- RODRIGUEZ-PIÑERO, M. "El Estado y la Seguridad Social". *Revista de Política Social*, núm. 61, 1964.
- RODRIGUEZ-PIÑERO, M., GONZALEZ ORTEGA, S. "La configuración constitucional de la Seguridad Social como condicionante necesario de su reforma". *II Jornadas Universitarias Andaluzas de Derecho del Trabajo*. Madrid, 1985.
- RODRIGUEZ-RAMOS, M.J., GORELLI HERNANDEZ, J. e VILCHEZ PORRAS, M. *Sistema de Seguridad Social*. Tecnos, Madrid, 2001.
- TOTUERO PLAZA, J.L. "Reflexiones sobre a Seguridad Social y su reforma: del compromiso político a la reforma legislativa", en *Tribuna Social*, núm. 107, 1999.
- VIDA SORIA, J., MONEREO PEREZ, J.L., MOLINA NAVARRETE, C. e QUESADA SEGURA, R. *Manual de Seguridad Social*. Tecnos, Madrid, 2005.
- VILLA GIL, L.E. "Las pensiones sociales: problemas y alternativas", no libro colectivo *Pensiones Sociales. Problemas y alternativas*. MTAS. Madrid, 1999.

Cuestións xurídicas sobre  
o Sahara occidental  
(Libre determinación, condición  
de Estado e nacionalidade  
da súa poboación)

**Cuestiones jurídicas sobre  
el Sahara occidental  
(Libre determinación, condición  
de Estado y nacionalidad  
de su población)**

Legal questions on the  
western Sahara  
(Issue determination, condition  
of State and nationality  
of your population)

DANIEL GONZÁLEZ URIEL

Licenciado en Dereito con Premio Extraordinario de Fin de Carreira pola  
Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela  
daniel\_glez\_uriel@hotmail.com

Recibido: 04/10/2013 | Aceptado: 05/06/2014

**Resumo:** *O obxecto do presente artigo é analizar tres aspectos concretos do Sahara occidental: o dereito de libre determinación, a sucesión dos Estados e a nacionalidade da súa poboación. Dado que o proceso descolonizador non se pode considerar finalizado, continúa sendo un tema de actualidade o estudo destes elementos, onde aparecen tres niveis de tratamento que afectan e vinculan: a territorialidade, a universalidade (a xeopolítica) e a identidade. Ao mesmo tempo, debemos atender aos vínculos existentes entre España e o Sahara occidental, polo que non nos pode resultar indiferente a solución deste conflito. Metodoloxicamente analízanse: o contexto histórico, as características descritivas, o Dereito Comparado e o marco xurídico internacional, coa finalidade de destacar os aspectos esenciais das referidas institucións. Non se pretende, sobra dicir, unha análise exhaustiva e pormenorizada de cada unha das tres figuras, dado que iso desbordaría con moito o espazo dispoñible e desvirtuaría o fin perseguido, que non é outro que aproximar ou favorecer o coñecemento da situación xurídica actual dunha poboación que, non hai moito, se integraba en España.*

**Palabras clave:** *autodeterminación; descolonización; Estado; pobo; recoñecemento; nacionalidade.*

**Resumen:** *El objeto del presente artículo es analizar tres aspectos concretos del Sahara occidental: el derecho de libre determinación, la sucesión de los Estados y la nacionalidad de su población. Dado que el proceso descolonizador no se puede considerar finalizado, continúa siendo un tema de actualidad el estudio de estos elementos, donde aparecen tres niveles de tratamiento que afectan y vinculan: la territorialidad, la universalidad (la geopolítica) y la identidad. Al mismo tiempo, debemos atender a los vínculos existentes entre España y el Sahara occidental, por lo que no nos puede resultar indiferente la solución de este conflicto. Metodológicamente se analizan: el contexto histórico, las características descriptivas, el Derecho Comparado y el marco jurídico internacional, con la finalidad de destacar los*

*aspectos esenciales de las referidas instituciones. No se pretende, huelga decir, un análisis exhaustivo y pormenorizado de cada una de las tres figuras, dado que ello desbordaría con mucho el espacio disponible y desvirtuaría el fin perseguido, que no es otro que aproximar o favorecer el conocimiento de la situación jurídica actual de una población que, no hace mucho, se integraba en España.*

**Palabras clave:** autodeterminación; descolonización; Estado; pueblo; reconocimiento; nacionalidad.

**Abstract:** *The object of the present article is to analyze three specific aspects of the Western Sahara: the law of free determination, the succession of the States and the nationality of his population. Since the decolonizing process can not be considered finished, the study of these elements continues being a subject of present, where three levels of treatment appear that they affect and link: the territoriality, the universality (the geopolitics) and the identity. At the same time, we have to attend to the existing links between Spain and the Western Sahara, for which we can not find the solution of this conflict indifferent. Methodologically they are analyzed: the historical context, the descriptive characteristics, the Compared Law and the international legal frame, with the aim of highlighting the essential aspects of the referred institutions. It is not aimed for, is in excess to say, an analysis exhaustive and detailed of each of the three figures, since that would be overflowed by far with the available space and would spoil the intended end, that is not another to bring over or to favor the knowledge of the current legal location of a population that, notlong ago, it integrated into Spain.*

**Key words:** self-determination; decolonization; State; people; recognition; nationality.

**Índice:** 1. Libre determinación e Sahara occidental 1.1 A libre determinación dos pobos. Que pobos teñen dereito á libre determinación dos pobos? 1.2 De que modos pode exercer un pobo o seu dereito á autodeterminación? 1.3 Que papel desempeña o principio de integridade territorial con respecto ao principio de libre determinación? 1.4 É conforme a descolonización do Sahara occidental co principio de libre determinación? 2. Condicións do Estado e do recoñecemento do Sahara occidental 2.1 Elementos do Estado 2.2 A existencia destes elementos na RASD 2.3 O recoñecemento de Estados. Teorías en presenza 2.4 Os recoñecementos da RASD 2.5 É a RASD un Estado independente? 3. Sucesión de estados en materia de nacionalidade. A nacionalidade da poboación do Sahara occidental 3.1 Sucesión de Estados. Formulacións teórico-comparadas referentes á sucesión en materia de nacionalidade 3.2 A nacionalidade marroquí dos saharauís que habitan no territorio ocupado por Marrocos 3.3 A nacionalidade alxeriana das persoas que habitando nos campamentos da Hamada alxeriana viaxan fóra de Alxeria 3.4 A nacionalidade española dos saharauís 3.5 En que medida se pode falar na actualidade dunha nacionalidade saharauí? 4. Conclusións 5. Anexo: Estados que recoñecen a RASD 6. Bibliografía

## 1 Libre determinación e Sahara occidental

### 1.1 A libre determinación dos pobos. Que pobos teñen dereito á libre determinación dos pobos?

#### i) Concepto de pobo

Antes de analizar que pobos teñen dereito á autodeterminación, debemos comezar por fixar que entendemos por pobo, e despois desta necesaria introdución terminolóxica, acometer a análise dos distintos pobos que ostentan o citado dereito. Por pobo, seguindo a definición recollida en dicionarios<sup>1</sup> e enciclopedias, podemos entender “conxunto de persoas que forman unha comunidade e están unidas pola súa orixe, relixión, historia, etc”. Xuridicamente, seguindo a Ruiloba Santana<sup>2</sup>, podemos distinguir uns elementos obxectivos e uns elementos subxectivos no concepto de pobo: entre os primeiros, un territorio xeo-

1 Enciclopedia Santillana; 2001, Madrid.

2 RUILOBA SANTANA, E.: “Unha nova categoría no panorama da subxectividade internacional: O concepto de pobo”, *Estudos de Dereito Internacional. Homenaxe ao Profesor Mijaja de la Muela*, Madrid, I, 1979, pp. 335 e 314-315.



graficamente diferenciado, unidade de raza, lingua e cultura común, tradicións e costumes comúns, pasado común, sentimento da patria e conciencia nacional. Entre os elementos subxectivos: a vontade colectiva ou a conciencia de constituír un pobo diferenciado ou independente. Este elemento subxectivo, non obstante ser necesario ao concepto de pobo, non é suficiente e requírese unha base obxectiva.

Unha vez sinalado este trazo esencial, unha definición básica e primaria do que entendemos por pobo, como comunidade constituída por individuos vinculados por lazos culturais, emocionais, históricos... convén sinalar, no ámbito que nos ocupa das Relacións Internacionais, a importancia dos pobos, potenciada no século XX, en que se recoñeceu a súa subxectividade internacional. Este feito é digno de recensión xa que, tras a I Guerra Mundial e superando o concepto de nacionalidade, o pobo xorde como suxeito no plano internacional, con todo o que iso leva consigo, a saber e fundamentalmente, pode ser titular duns dereitos -así como tamén dunhas obrigas-, que poden ser de tipo político, económico, social... e entre os que ocupa un lugar destacado o dereito de libre determinación dos pobos, que se analizará en profundidade ao longo desta primeira cuestión. Deste modo, como sinala Manuel Pérez González<sup>3</sup> *“suxeito de Dereito Internacional é o titular de dereitos e obrigas conferidos por normas xurídicas internacionais”*. O pobo, xunto co Estado e as Organizacións Internacionais, cóvterese en suxeito do Dereito Internacional, e non é un mero actor internacional; non obstante, seguindo novamente a Pérez González<sup>4</sup>, dos pobos non cabe predicar senón unha subxectividade internacional restrinxida *“ao exercicio duns dereitos específicos e á asunción dunhas concretas obrigas correlativas a eses dereitos”*.

## ii) Diferencia entre pobo e poboación

Sinalado o concepto de pobo, é preciso neste punto efectuar unha distinción terminolóxica que ten grandes repercusións na práctica: a diferenza entre pobo e poboación. A pesar de que poida semellar algo anecdótica ou pasaxeira esta distinción, resulta de todo punto necesaria, posto que o exercicio do dereito de libre determinación corresponde aos pobos e non ás poboacións<sup>5</sup>. Así, podemos convir, xunto co ecuatoriano Borja Cevallos que *“a poboación é a comunidade social, ou a organización das persoas, con independencia da súa significación ou conciencia política. O pobo, en cambio, enténdese como a agrupación humana, orgánica e consciente, vinculada por ideais compartidos e unha conciencia común”*<sup>6</sup>. Desta breve pero contundente definición de ambas as dúas realidades, extraemos unha importante conclusión: a poboación é entendida como o elemento demográfico, o elemento humano do Estado, a base sociolóxica deste; constitúe así, nin máis nin menos, a totalidade de individuos que habitan, de forma permanente, o territorio dun Estado. Por outra parte, o pobo identifícase como algo que poderíamos considerar máis metafísico, como unión de suxeitos por vínculos históricos, lingüísticos, sociais, culturais... entendido como unha realidade existente per se, non obstante, sen chegar a esaxeracións a propósito destes, como aquelas en que incorreu a Escola Histórica do Dereito, debido á influencia do romanticismo, con Sàvigny como adai, de outorgar un papel preponderante na Historia e

3 PÉREZ GONZÁLEZ, M.: *“Institucións de Dereito Internacional Público”*, coord. Díez de Velasco, M; 17ª ed., Madrid, Tecnos, 2009, p. 272.

4 PÉREZ GONZÁLEZ, M.: *op. cit.*, p. 292.

5 Ditame consultivo sobre o Sahara occidental; C.I.X., Rec. 1975: 33.

6 BORJA CEVALLOS, R.: *“Dereito Político e Constitucional”*, México, Fondo de Cultura Económica, 1991, p. 30.

no Dereito ao “volksgeist”, o que poderíamos traducir como o espírito do pobo, que se consideraba como un ente con vida propia.

Por todo iso, na nosa análise sobre o caso do Sahara occidental, convén establecer unha afirmación, como punto de partida deste traballo: a existencia do pobo saharauí, que non pode ser reconducido a unha simple poboación, a unha sorte de grupos tribais subsumibles noutro/s pobo/s distinto/s. Constitúe, polo tanto, un pobo e ten o dereito de autodeterminación, de conformidade coa Carta das Nacións Unidas<sup>7</sup>, que simplemente o enuncia, e coas Resolucións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas que serán analizadas posteriormente.

### iii) Pobos que gozan do dereito de libre determinación

Unha vez analizado o concepto de pobo, debemos centrarnos en estudar que pobos gozan do dereito de libre determinación. En primeiro lugar, este dereito, que será descrito na seguinte pregunta, corresponde aos pobos coloniais. Sendo este o seu ámbito de proxección fundamental, non podemos obviar a transcendencia do citado dereito en situacións non coloniais, debendo efectuar, dentro destas, unha especificación a propósito dos pobos indíxenas.

#### a) Os pobos coloniais

De conformidade coa Resolución 1541 (XV), do 15 de decembro de 1960, da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, defínese ao pobo colonial como *“aquele que non alcanzou aínda a plenitude do goberno propio, pero se atopa en progreso cara este obxectivo, e habita nun territorio que está separado xeograficamente do país que o administra e é distinto deste nos seus aspectos étnicos ou culturais, sen prexuízo de poder ter en conta outros elementos, de carácter administrativo, político, económico ou histórico, susceptibles de influír nas relacións entre a metrópole e o territorio e reflectir que este se atopa colocado arbitrariamente nunha situación de subordinación (principios I, II, IV e V da citada resolución)”*<sup>8</sup>.

Tras o proceso colonizador experimentado sobre todo a finais do S. XIX, no S. XX, no período de entreguerras, xurdiron distincións entre as colonias das potencias vencidas -que pasaron a un réxime de mandatos, é dicir, de administración internacional-, e as das potencias vencedoras ou non inimigas, que non viron afectado o seu réxime xurídico. Non obstante, despois da Segunda Guerra Mundial, e coa Carta das Nacións Unidas, consagrouse o principio de libre determinación dos pobos (artigo 1, apartado 2), pero non se dotou de contido material a este no propio texto fundacional. A Carta, novamente distinguiu dous réximes para os territorios dependentes, distinguindo entre os territorios non autónomos, para as colonias das potencias vencedoras ou non inimigas, e o de “administración fiduciaria”, para os territorios que se achaban baixo mandato, para as colonias das potencias derrotadas e para os que voluntariamente quixeran poñer as súas colonias baixo o citado réxime (territorios fideicomiso).

7 Carta das Nacións Unidas, do 26 de xuño de 1945: Art.1.2: *“Os propósitos das Nacións Unidas son: [...] Fomentar entre as nacións relacións de amizade basadas no respecto ao principio da igualdade de dereitos e ao da libre determinación dos pobos, e tomar medidas adecuadas para fortalecer a paz universal”*, o que tamén se menciona no seu art. 55: *“Co propósito de crear as condicións de estabilidade e benestar necesarias para as relacións pacíficas e amigables entre as nacións, baseadas no respecto ao principio da igualdade de dereitos e ao da libre determinación dos pobos, a Organización promoverá[...]”*.

8 PÉREZ GONZÁLEZ, M.: *op. cit.*, p. 295.

Non obstante, a evolución da Sociedade Internacional e os cambios experimentados nas décadas posteriores á fin da Segunda Guerra Mundial propiciaron os procesos de descolonización. No curso destes acontecementos tivo un papel primordial a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que a través dunha serie de importantes resolucións posibilitou tal proceso descolonizador. Entre estas resolucións, destaca, polo seu peso específico, a Resolución 1514 (XV), do 14 de decembro de 1960, coñecida como “A Carta Magna da Descolonización”, incorporando a Declaración sobre concesión de independencia aos países e pobos coloniais, que podemos esquematizar do seguinte xeito, atendendo aos sete puntos transcritos, pola súa singular transcendencia, na nota ao pé <sup>9</sup>: inscribíse o citado dereito na esfera dos Dereitos Humanos, debendo cesar toda acción armada ou medida represiva fronte ao citado dereito e impoñéndose aos Estados o respecto ao disposto na citada declaración.

Deste modo, a Resolución 1514 constitúe o punto de partida esencial, e será complementada por Resolucións posteriores, como a citada anteriormente, Resolución 1541, ou a Resolución 2625, que será analizada xunto co dereito de libre determinación na seguinte cuestión

## b) Situacións non coloniais

A propósito dos pobos non coloniais, é preciso conciliar dúas situacións que a priori poden resultar controvertidas: o dereito á libre determinación dos pobos, consagrado como un dereito con valor universal, pertencente a todos os pobos, como recolle entre outros instrumentos de Dereito Internacional Público a Resolución 2625 da A.X., e o principio de integridade territorial dos Estados. Para operar esta conciliación configurouse o citado dereito nas situacións internas dos Estados, non como un dereito de secesión, senón como unha forma atenuada deste, establecéndose cláusulas de salvagarda para os Estados soberanos, como a recollida na Resolución 2625 (XXV), pois non caberá a invocación do citado dereito en Estados nos que *“exista un goberno que represente á totalidade do pobo pertencente ao territorio, sen distinción por motivos de raza, credo ou cor”*.

Así mesmo, establécense nesta resolución outras formas atenuadas de exercicio do dereito en situacións non coloniais, v.gr, conceder un aceptable grao de autonomía política á colectividade en cuestión, sen que se menoscabe a integridade territorial ou a soberanía do Estado en cuestión. Deste modo, para as situacións non coloniais, prevese este dereito

9 Resolución 1514 (XV) da A.X., do 14 de decembro de 1960, principios establecidos: *“1. A suxeición de pobos a unha subxugación, dominación e explotación estranxeiras constitúe unha denegación dos dereitos humanos fundamentais, é contraria á Carta das Nacións Unidas e compromete a causa da paz e da cooperación mundiais. 2. Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación; en virtude deste dereito, determinan libremente a súa condición política e perseguen libremente o seu desenvolvemento económico, social e cultural. 3. A falta de preparación na orde política, económica, social ou educativa non deberá servir nunca de pretexto para atrasar a independencia. 4. Co fin de que os pobos dependentes poidan exercer pacífica e libremente o seu dereito á independencia completa, deberá cesar toda acción armada ou toda medida represiva de calquera índole dirixida contra eles, e deberá respectarse a integridade do seu territorio nacional. 5. Nos territorios en fideicomiso e non autónomos e en todos os demais territorios que non lograron aínda a súa independencia deberán tomarse inmediatamente medidas para traspasar todos os poderes aos pobos deses territorios, sen condicións nin reservas, en conformidade coa súa vontade e os seus desexos libremente expresados, e sen distinción de raza, credo nin cor, para permitirles gozar dunha liberdade e unha independencia absolutas. 6. Todo intento encamiñado a quebrantar total ou parcialmente a unidade nacional e a integridade territorial dun país é incompatible cos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas. 7. Todos os Estados deberán observar fiel e estritamente as disposicións da Carta das Nacións Unidas, da Declaración Universal de Dereitos Humanos e da presente Declaración sobre a base da igualdade, da non intervención nos asuntos internos dos demais Estados e do respecto dos dereitos soberanos de todos os pobos e da súa integridade territorial”*.

cunha configuración especial, pretendéndose a representación da poboación subxugada na toma de decisións dese Estado<sup>10</sup>.

Como un suposto específico de pobo non colonial ao que se recoñece o seu dereito á autodeterminación é preciso abordar o caso dos pobos indíxenas. Xunto con Ponte Iglesias, podemos atribuír aos grupos indíxenas o carácter de pobos, posto que concorren neles: a) o mantemento dun **particularismo cultural**, traducido nunha lingua, unha relixión, unhas tradicións e unhas institucións e organización propias e diferenciadas do resto da poboación; b) a **vinculación ancestral** coas terras que ocupan; e a **autoidentificación** e c) **conciencia de grupo**.

Sinalados estes trazos, e tendo afirmado a súa condición de pobo, non cabe senón afirmar o seu dereito á libre determinación; non obstante, é un dereito matizado polo principio de integridade territorial e, continuando co manifestado por Ponte Iglesias<sup>11</sup>, “o recoñecemento deste dereito de autodeterminación e o seu exercicio non conducen necesariamente á adquisición da condición de Estado. Trataríase dun dereito á libre determinación limitado á súa vertente interna, que se concreta en modelos abertos de autogoberno, autoxestión e participación ampla e especial en todas as decisións que lles concirnan nunha ou outra medida dentro do Estado cuxa integridade territorial ha de ser respectada”.

## 1.2 De que modos pode un pobo exercer o seu dereito á autodeterminación?

### i) Significado do dereito de libre determinación

O dereito de autodeterminación é un dereito subxectivo dos pobos de natureza xurídico-consuetudinaria, constituíndo un principio fundamental de Dereito Internacional Público, de carácter inalienable e que xera obrigas *erga omnes* para os Estados, e que, para algún sector doutrinal, pertence ao *ius cogens* internacional<sup>12</sup>. Este dereito recóllese nunha pluralidade de textos e instrumentos internacionais, destacando, entre todos eles, o Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos, de 1966, que o define no seu artigo 1, así como tamén aparece analizado en tres Resolucións Fundamentais da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, a saber, Resolucións 1514 (XV), 1541 (XV) e 2625 (XXV). Non obstante, de todas elas infírese un concepto xenérico e impreciso, que leva a serios problemas na práctica, fundamentalmente, á hora de compatibilizar este dereito co principio de integridade territorial, o que se estudará na seguinte cuestión. Despois de sinalar a escasa concreción do seu significado, podemos atender ao texto do artigo 1<sup>13</sup> apuntado anteriormente, que se

10 Neste punto, convén non confundir o réxime das minorías co dos pobos colonizados, como se pon de manifesto despois da lectura do artigo 27 do Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos, do 16 de decembro de 1966: “nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas, non se negará ás persoas que pertencen ás devanditas minorías o dereito que lles corresponde, en común cos demais membros do seu grupo, a ter a súa propia vida cultural, a profesar e practicar a súa propia relixión e a empregar o seu propio idioma.”

11 PONTE IGLESIAS, M.T.: “Ciudadanía e consolidación democrática: A promoción e protección dos dereitos colectivos dos pobos indíxenas”, RIPS, Santiago de Compostela, 2009, pp.161 e 162.

12 BRIONES VIVES, F.: “O dereito á autodeterminación do pobo saharauí”, *El Vuelo de Icaro: Revista de Derechos Humanos, crítica política y análisis de la economía*, n.º 4, 2003, pp.27-29.

13 Pola súa singular relevancia, considero conveniente reproducir aquí literalmente o artigo 1 do Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos de 1966: “Artigo 1.1. Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación. En virtude deste dereito establecen libremente a súa condición política e provén así mesmo o seu desenvolvemento económico, social e cultural. 2. Para o logro dos seus fins, todos os pobos poden dispoñer libremente das súas riquezas e recursos naturais, sen prexuízo das obrigas que derivan da cooperación económica

centra na posibilidade para os pobos —reafirmándose a súa subxectividade internacional, como suxeitos titulares do citado dereito— de decidir a súa organización política e a súa configuración social e económica, ocúpase de protexer e preservar os seus recursos propios —o que se vulnera no caso do Sahara cos acordos de pesca da Unión Europea con Marrocos— e establécese un deber de observancia deste dereito para os Estados. Deste modo, configúrase como un dereito-deber, é dicir, un dereito dos pobos, e un deber dos Estados.

Por último, neste apartado conceptual, non podemos obviar a evolución do principio de autodeterminación ao longo do século XX, pois, como sinala Pérez González<sup>14</sup>, tras a I Guerra Mundial, non aparecía recollido no Pacto da Sociedade de Nacións e, malia a súa inclusión en determinados instrumentos internacionais, non se lle consideraba como unha regra do Dereito de Xentes. Todo iso cambiou tras a II Guerra Mundial e, no proceso descolonizador, impulsado como xa vimos pola Organización das Nacións Unidas, dotouse de contido ao citado dereito a través dunha serie de Resolucións da Asemblea Xeral e do Consello de Seguridade. Deste modo, a relevancia crecente dos pobos e a evolución da Sociedade Internacional propiciaron a nova configuración do termo.

## ii) Formas de exercicio

Un día despois da Carta Magna da Descolonización -a Resolución 1514 (XV) do 14 de decembro de 1960, a Asemblea Xeral emitiu unha nova Resolución, 1541 (XV), en que sinalaba cales eran as formas de exercicio do dereito de autodeterminación polos pobos coloniais. Da citada Resolución<sup>15</sup>, é preciso atender aos Principios VI, VII, VIII e IX para responder á cuestión das formas de exercicio deste dereito. Destaca sobre todo o Principio VI, que enumera tres posibles formas de exercicio, e pode considerarse que un territorio non autónomo alcanzou a plenitude de goberno propio cando: a) se converte nun **Estado independente** e soberano; b) cando se **asocia libremente** con outro Estado independente; c) cando **se integra** a un Estado independente.

Non só hai que atender a estas posibles formas de exercicio, pois a Resolución 2625 (XXV)<sup>16</sup> veu a complementar ou, se se prefire, salvar o obstáculo que representaba o exercicio deste dereito e a súa colisión coa integridade territorial de Estados soberanos, pois engade unha cláusula máis aberta que posibilita un exercicio deste dereito máis matizado ou suavizado, como pon de relevo a seguinte frase extraída da Resolución: *“O establecemento dun Estado soberano e independente, a libre asociación ou integración cun Estado independente **ou a adquisición de calquera outra condición política libremente decidida por un pobo** constitúen formas do exercicio do dereito de libre determinación dese pobo”*.

*internacional baseada no principio do beneficio recíproco, así como do dereito internacional. En ningún caso se poderá privar a un pobo dos seus propios medios de subsistencia. 3. Os Estados Partes no presente Pacto, mesmo os que teñen a responsabilidade de administrar territorios non autónomos e territorios en fideicomiso, promoverán o exercicio do dereito de libre determinación, e respectarán este dereito de conformidade coas disposicións da Carta das Nacións Unidas”.*

14 PÉREZ GONZÁLEZ, M.: *op.cit.*, pp. 292-294.

15 RESOLUCIÓN 1541 (XV), da A.X. do 15 de decembro de 1960: *“Principios que deben servir de guía aos Estados membros para determinar se existe ou non a obriga de transmitir a información que se pide no inciso E do artigo 73 da Carta”*.

16 RESOLUCIÓN 2625 (XXV) da A.X. do 24 de outubro de 1970, que contén a *“Declaración relativa aos principios de Dereito Internacional referentes ás relacións de amizade e á cooperación entre os Estados de conformidade coas Carta das Nacións Unidas”*.

Deste modo, introduciendo esta cláusula máis aberta, permítese o exercicio do dereito respectando a integridade territorial dos Estados soberanos, polo que constitúe unha cláusula de salvagarda ou protección destes.

No continente africano, a maior parte das antigas colonias accederon á súa independencia nas décadas de 1960 e 1970, accedendo en 1975 á independencia da dominación portuguesa tanto Angola coma Mozambique. Deste modo, podemos sinalar como a principal forma de exercicio a secesión, a obtención da independencia. Non obstante, non foi a única forma proposta, como se puxo de relevo no artigo 12 do frustrado Plan Ibarretxe<sup>17</sup>, que sinalaba que se accedía ao autogoberno establecéndose un réxime de asociación co Estado español. Obviamente, este intento non prosperou, pero serve como exemplo ilustrativo da citada forma de exercicio. Pero como exemplo de asociación con outro Estado independente, o caso paradigmático é o de Puerto Rico, que é un Estado libre asociado a Estados Unidos, con status de autogoberno; deste modo, pertence a EUA, pero non forma parte del. Como sinala Ruipérez Alamillo<sup>18</sup>, na asociación débense reunir unha serie de trazos: a) o territorio que se asocia poderá determinar libremente a súa Constitución interna, b) esta asociación debe ser o resultado da vontade popular, entre varias alternativas posibles e c) a condición de Estado asociado é reversible en todo momento.

Polo que concirne á integración, o mesmo autor sinala os seus caracteres fundamentais: a) a integración debe basearse na absoluta igualdade e non discriminación en materia de dereitos políticos e liberdades fundamentais, e na participación nos órganos xudiciais, legislativos e executivos en todos os seus graos; b) a integración será froito da concorrencia de vontades entre o Estado que se integra e o Estado en que se integra; c) se con posterioridade un Estado integrado pretende obter a súa independencia, tal decisión non pode quedar ao arbitrio, unilateralmente, do territorio interesado na secesión.

### iii) Vías de exercicio

Con este último e conciso apartado, simplemente pretendo poñer de manifesto que, se ben o usual é o exercicio pacífico do dereito, a manifestación da vontade popular do territorio non autónomo, debendo absterse de toda coacción ou exercicio da forza a potencia colonial, de modo que se prive da posibilidade de exercitar o citado dereito, como se recolle na Resolución 2625, tales pobos *“poderán pedir e recibir apoio de conformidade cos propósitos e principios da Carta”*, polo que se está a abrir a posibilidade, implicitamente, ao recurso á forza armada por parte dos movementos de liberación nacional e que este non sexa tido por ilícito. Desta forma, están a lexitimarse as loitas de liberación nacional e acentúase a internacionalización de tales conflitos, o seu carácter internacional, ao manifestarse na mesma Resolución que *“o territorio dunha colonia ou outro territorio non autónomo ten, [...] unha condición xurídica distinta e separada da do territorio do Estado que o administra”*.

17 Proposta de ESTATUTO POLÍTICO da Comunidade de EUSKADI. Ajuria-Enea, 25 de outubro de 2003. Artigo 12.- Réxime de Libre Asociación: *“Os cidadáns e cidadás da Comunidade de Euskadi, de acordo coa súa propia vontade e co respecto e actualización dos dereitos históricos que contempla a disposición adicional primeira da Constitución, acceden ao autogoberno mediante un réxime singular de relación política co Estado español, baseado na libre asociación, dende o respecto e o recoñecemento mutuo, conforme se establece no presente Estatuto Político, que constituirá para os devanditos efectos a súa norma institucional básica”*.

18 RUIPÉREZ ALAMILLO, J. J.: *“Constitución e Autodeterminación”*, Madrid, Tecnos, 1995.

### 1.3 Que papel desempeña o principio de integridade territorial con respecto ao principio de libre determinación?

#### i) Alcance do principio de integridade territorial: concepto e normas internacionais que o recollen

A integridade territorial dun Estado é un principio de Dereito Internacional, e constitúe tanto un dereito coma un deber para os Estados, debendo preservar as súas fronteiras de toda influencia exterior. Así mesmo, os Estados soberanos non deben promover movementos secesionistas ou cambios nas fronteiras doutros Estados, pois iso considerárase un acto de agresión.

Este principio recolleuse en numerosos instrumentos internacionais, como principio que debe rexer as relacións entre os Estados soberanos e, sobre todo, como contrapunto ou atranco ao dereito de libre determinación dos pobos. Destaca, polo tanto, a súa presenza nos seguintes textos: no art. 2.4 da Carta das Nacións Unidas abórdase tanxencialmente a cuestión, referido ás relacións internacionais, en que os Estados parte se comprometen a absterse de recorrer á ameaza ou ao uso da forza contra a integridade territorial ou a independencia política de calquera Estado. Así e todo, con posterioridade, encontrámonos con este principio noutros textos, como a Resolución 2625 (XXV), onde sinala, xa no seu preámbulo que *“todo intento de quebrantar parcial ou totalmente a unidade nacional e a integridade territorial dun Estado ou país ou a súa independencia política é incompatible cos propósitos e principios da Carta”*, e máis adiante, entre os seus principios, non podemos pasar por alto a seguinte afirmación, que pola súa gran transcendencia transcribo literalmente: *“Ningunha das disposicións dos parágrafos precedentes se entenderá no sentido de que autoriza ou fomenta calquera acción encamiñada a quebrantar ou menosprezar, total ou parcialmente, a integridade territorial de Estados soberanos e independentes que se conduzan de conformidade co principio da igualdade de dereitos e da libre determinación dos pobos antes descritos e estean, polo tanto dotados dun goberno que represente á totalidade do pobo pertencente ao territorio, sen distinción por motivo de raza, credo ou cor”*. *Resulta ser, polo tanto, este parágrafo o esencial na cuestión que estamos a tratar, pois é o artífice da difícil compatibilización entre o dereito de libre determinación e o principio de integridade territorial dos Estados. —Sobre este particular volverase no seguinte apartado, atendendo ás achegas doutriniais españolas—*.

Por último hai que facer referencia á Acta Final de Helsinki<sup>19</sup>, en que se reproducen pasaxes tanto da Carta das Nacións Unidas, coma da Resolución 2625, subliñándose a importancia do respecto á integridade territorial, á liberdade e á independencia política, que deberán guiar aos Estados nas súas relacións internacionais, debendo absterse do recurso á forza ou ás ameazas que poñan en perigo aquelas.

#### ii) Integridade territorial vs. Dereito de autodeterminación

Debemos partir nesta análise do fundamental fragmento anteriormente apuntado da Resolución 2625 (XXV) en que, se ben se reafirma o dereito de libre determinación dos pobos, se

19 Conferencia sobre a Seguridade e a Cooperación en Europa. Acta Final. Helsinki, 1975.



fai constar que tal exercicio non poderá atentar contra a integridade territorial dos Estados soberanos se estes contan cun goberno que represente a toda a poboación do territorio e non existen discriminacións de ningunha clase na súa actuación.

No momento actual, en que podemos dar practicamente por finalizado o proceso descolonizador —se ben non se resolveu satisfactoriamente en determinadas ocasións, como é o caso do Sahara occidental—, o alcance ou proxección do exercicio do dereito de libre determinación dos pobos debe ser matizado ou reconducido ao que a doutrina denominou “o exercicio interno”, posibilitado pola propia Resolución 2625 a través da fórmula anteriormente analizada. Isto é así, e debe ser así, pois pola contra, se continuásemos identificando a libre determinación con independencia ou secesión dun territorio respecto dun Estado soberano, iso nos conduciría a unha controversia ou contradición irresoluble entre ambos os dous principios. Destacan neste punto as consideracións da profesora Abellán Honrubia<sup>20</sup>, quen defende que o vincular de xeito inescindible o dereito de libre determinación cos Dereitos Humanos, e a conseguinte análise do exercicio interno do dereito de autodeterminación na súa vertente interna, como posibilidade de exercicio dos dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais sen discriminación nun Estado democrático, a pesar de conseguir aparentemente a coherencia entre a autodeterminación e o principio de integridade territorial, ten unha serie de inconvenientes: a) concrétese o principio de libre determinación no libre exercicio dos dereitos humanos nun Estado xa constituído, desnaturalizándose tal principio, excluíndose do seu contido a posibilidade de determinar libremente a condición política do pobo; b) trátase dun concepto ambiguo e confuso no que concirne á determinación da condición política do pobo e o libre exercicio dos dereitos políticos dos individuos pertencentes ao pobo; c) trátase dun concepto ad hoc, non xeneralizable na investigación do Dereito Internacional; d) malia o que aparentemente poida parecer, podería ser contradictorio co principio de integridade territorial nos casos en que un Estado soberano non se rexese de forma democrática. Por todo iso, considera que se debe manter o principio de libre determinación, limitado aos supostos de pobos coloniais ou que sofren apartheid, ou pobos desprazados, e que, finalizado o proceso descolonizador, segue vixente como principio xeral de prohibición do colonialismo en todas as súas formas.

Así mesmo, podemos atender ás achegas de Ruiz Rodríguez<sup>21</sup>, que analiza o dereito de autodeterminación dos pobos dentro de Estados soberanos, dende unha perspectiva escéptica, pois sinala que “o hipotético recoñecemento do dereito de autodeterminación dos pobos supón na miña opinión a destrución do Estado democrático multiétnico”, resaltando a ambigüidade dos termos “dereito”, “autodeterminación” e “pobo”, sendo todos eles conceptos de imposible definición unívoca, estando, por iso, sometido ás continxencias dos suxeitos que os analicen. Así mesmo, Segundo Ruiz, diferencia entre “autodeterminación” e “dereito de autodeterminación”, afirmando que en ocasións si cabe defender a secesión ou independencia dun pobo nun momento histórico determinado e baixo unhas circunstancias concretas, pero iso non significa xeneralizar ou considerar tal autodeterminación como un dereito de secesión dos pobos en calquera momento.

20 ABELLÁN HONRUBIA, V.: “Sobre o método e os conceptos en Dereito Internacional Público”, *Soberanía do Estado e Dereito Internacional. Homenaxe ao profesor Juan Antonio Carrillo Salcedo*, Sevilla, Servizo de Publicacións da Universidade de Sevilla, Tomo I, 2005, pp. 70-72.

21 RUIZ RODRÍGUEZ, S.: “A teoría do dereito de autodeterminación dos pobos”, Madrid, Centro de Estudos Políticos e Constitucionais, 1998.



Dende esta visión negativa do dereito de autodeterminación, apunta cinco riscos para a democracia: a) introduce o **factor étnico** na determinación do suxeito de soberanía popular; b) confire ao pobo, concepto como xa dixemos de significado plural, dereitos que se sitúan por enriba dos dereitos dos individuos; c) poderíase **poñer en perigo a supervivencia do Estado**, da organización política estatal tal como a coñecemos, ao multiplicarse as pretensións secesionistas; d) pode producir, como efecto colateral, o **dereito de expulsión** dunha maioría sobre unha minoría; e) pode producir unha **balcanización internacional**, co xurdimento dunha pluralidade de novos Estados.

Deste modo, o citado autor manifesta que a única forma posible de compaxinar o dereito de autodeterminación co principio de integridade territorial é atender ao exercicio interno do dereito, á posibilidade de se administrar a si mesmo, de conformidade coa Resolución 2625 (XXV). Por todo iso, desbota a secesión dentro dun Estado soberano por antidemocrática e constatando o carácter multiétnico de moitos Estados.

Podemos sinalar a práctica das Nacións Unidas<sup>22</sup> nos últimos anos, que se materializou en tres grandes orientacións: a) aplicación do principio de autodeterminación a favor de países colonizados; b) negativa á súa aplicación no caso de *poboacións* correspondentes a territorios artificialmente creados polas potencias coloniais -Xibraltar; c) rexeitamento á súa utilización en calquera circunstancia que implique a secesión dun Estado soberano membro recoñecido da Comunidade Internacional.

Por todo iso, o principio de integridade territorial supón o límite infranqueable —salvo as excepcións sinaladas— do dereito de libre determinación, e a forma de compatibilizar ou compaxinar ambos os dous é a través da articulación do expediente do exercicio do dereito na súa versión interna, cuestión que, como vimos, tampouco resulta pacífica na doutrina.

## 1.4 É conforme a descolonización do Sahara occidental co principio de libre determinación?

### i) Evolución histórica

Na década de 1970, ante as presións internacionais, a expansión do proceso descolonizador e a convulsa situación interna en España, con Franco agonizando e coas conseguintes dúbidas sobre o que acontecería á morte do caudillo, España decidiu efectuar a súa saída do Sahara, a través dos Acordos de Madrid, con Marrocos e Mauritania, instituíndose unha “Administración temporal” do territorio na que participarían Marrocos e Mauritania en colaboración coa Yemaá<sup>23</sup>, e que sería respectada a opinión da poboación saharauí a través da Yemaá.

De facto, fragmentábase o Sahara entre Marrocos e Mauritania. Así, en decembro de 1975, prodúcese unha ocupación militar e administrativa de Marrocos no Sahara. Iso provocou que miles de saharauís se desprazasen e fosen acollidos en campamentos de refuxiados en Tinduf, en Alxeria. Comezou entón unha oposición armada por parte da Fronte Polisaria,

22 DE BLAS GUERRERO, A.: “*Nacionalismos e nacións en Europa*”, Madrid, Alianza Editorial, 1995, pp. 136-148.

23 Acordos de Madrid, 14 de novembro de 1975: Declaración de principios entre España, Marrocos e Mauritania sobre o Sahara, principios 2º e 3º.

que contou co apoio de Alxeria. Foi este un conflito longo e cruento, unha sorte de guerra de guerrillas que se prolongou no tempo. En 1988 asínanse acordos entre Marrocos e a Polisario para rematar a guerra. En 1990, as Nacións Unidas propoñen un Plan de Regulamento ás partes. En 1991, en setembro, declárase o alto ao fogo e aparece na zona a MINURSO (Misión das Nacións Unidas para o Referendo do Sahara occidental).

Non obstante, tras unha serie de intentos frustrados, destacando en 2003 a presentación do Plan Baker e o seu rexeitamento por Marrocos en 2004, a día de hoxe, a pesar das numerosas reunións entre ambas as dúas partes, non se levou a cabo o ansiado referendo.

## ii) Aspectos xurídicos

No seu ditame consultivo, a Corte Internacional de Xustiza sinalou que o Sahara non era unha *terra nullius*, pero que tampouco se podía soste a existencia de vínculos máis alá do relixioso, entre Marrocos e as tribos nómades do Sahara, desbotando a natureza de normas de Dereito Público de *as Bai'a*, ou relacións de obediencia co Sultán de Marrocos, e que, por ende, non comportaban atribucións de soberanía sobre tales territorios.

Tras a descolonización española, semellaba, que os saharauís poderían por fin decidir a súa organización política. Nada máis lonxe da realidade. Dende o principio, Marrocos comportouse como unha nova potencia dominante, negándose á celebración do referendo ao que se comprometera<sup>24</sup>. Cando a finais da década de 1980 e comezos da década de 1990, coa intervención das Nacións Unidas, semellaba que o conflito se achaba na súa fin, a actitude intransixente de Marrocos obstaculizou a desexada finalización deste. Deste modo, no referendo que se debía celebrar<sup>25</sup>, había dúas posibles decisións: independencia do Sahara ou a súa integración en Marrocos. Partindo de que se debía elixir no referendo, o problema que se formulou foi que poboación tería dereito a voto neste. Nun principio, acordouse que fose a poboación recollida no censo elaborado por España en 1974, onde se recollían preto de 75000 suxeitos. Marrocos impugnou tal lista, presentando 120000 novas peticións a identificar. En decembro de 1999 completouse a identificación que botaba a lista definitiva de 86386 votantes, Marrocos presentaba novamente 130000 recursos de apelación. Deste modo, ponse de manifesto a actuación obstrucionista levada a cabo por Rabat, que foi dilatando e prolongando demasiado o xa de por si custoso proceso de identificación de electores. Isto púxose de manifesto polo Secretario Xeral da ONU en outubro de 2000<sup>26</sup>, en que mostrou o seu pesimismo sobre o arranxo da controversia; así mesmo, neste Informe do ano 2000, Kofi Annan referíase a Marrocos como "potencia administradora do territorio", e non como forza ocupante.

O Plan Baker do ano 2003, basicamente, centrábase nas seguintes liñas<sup>27</sup>: os 86000 saharauís do Censo do MINURSO de 1999, elixirían o xefe de Goberno e os membros da Asem-

24 RUIZ MIGUEL, C. "As obrigas legais de España como potencia administradora do Sahara occidental", Anuario Español de Dereito Internacional, Vol. XXVI, 2010, pp. 324-327.

25 GARCÍA, A.: "Historia do Sahara e o seu conflito", Madrid, Catarata, 2010, pp. 79-95.

26 Informe do Secretario Xeral do 25 de outubro de 2000, S/2000/1029, en que sinalaba que: "A vulgar polas dificultades e demoras, ambas as dúas partes comparten a opinión de que a composición do electorado predeterminará o resultado do referendo e unha e outra negáronse a cooperar por considerar que co tempo poderían inclinar ao seu favor a composición do electorado. Os acontecementos durante os últimos meses constitúen unha verdadeira fonte de preocupación e fan dubidar sobre a posibilidade de aplicar o Plan de Arranxo".

27 GARCÍA, A.: *op. cit.*, p. 85.

blea lexislativa para un primeiro período de catro anos. O Tribunal Supremo saharauí sería nomeado por esta Asemblea. O Goberno local tería competencias sobre administración local, facenda, policía, execución da lei, cultura e educación e infraestruturas. Marrocos mantería competencias exclusivas en relacións exteriores, seguridade nacional e defensa exterior. Na seguinte elección, tras catro anos, tanto o executivo coma a asemblea elixiríanse por un censo ampliado que incluíría tamén aos residentes dende 1999. No referendo, que se celebraría durante este período, tamén terían dereito a voto os citados residentes dende 1999. Por último, como cuestión esencial, a elección no referendo incluía unha terceira opción: a autonomía.

En principio, a Fronte Polisario negouse, pero posteriormente asumíuno. Non obstante, Marrocos opúxose, considerando que a independencia xa non era algo posible. O Plan Baker fracasara.

En 2007, cun novo representante da ONU, Van Walsum, Marrocos efectuou unha nova proposta, moi semellante ao Plan Baker, a *“Iniciativa para a negociación dun Estatuto de Autonomía da Rexión do Sahara”*, na cal, a única novidade era que no referendo había dúas opcións: confirmar ou non a autonomía do que se denominaba “provincias do sur”. Non obstante, non houbo resultados, malia ás posteriores negociacións e conversacións, que resultaron infrutuosas.

Por todo o visto, a descolonización do Sahara occidental<sup>28</sup> non foi conforme co principio de libre determinación, pois, partindo do seu recoñecemento como pobo, non se puido expresar nin manifestar libremente a través dun referendo, e non puido, nas case catro décadas de conflito con Marrocos, *“establecer libremente a súa condición política e prover así mesmo ao seu desenvolvemento económico, social e cultural”*, como reza o artigo 1 do Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos. Deste modo, infrinxíronse as Resolucións da A. X., pois ningunha das catro formas de exercicio do dereito de libre determinación puido ser levada á práctica, ante a negativa reiterada de Marrocos á celebración do referendo, pospoñéndoo *sine die*. Non houbo unha manifestación da vontade do pobo saharauí, e o desenvolvemento da rexión veu ditaminado por Marrocos, que mesmo construíu un conxunto de muros defensivos dunha lonxitude superior a 2720 km, o que ocasionou trastornos demográficos, dificultándose a volta dos refuxiados. Queda patente a intransixencia marroquí, que sen fundamentos de Dereito Internacional, como puxo de relevo a Corte Internacional de Xustiza no seu ditame consultivo de 1975, procedeu a unha ocupación ilegal do Sahara occidental. De acordo coa Resolución 2625 (XXV) da A. X., o Sahara occidental ten unha *“condición xurídica distinta e separada da do territorio do Estado que os administra, conservando a devandita condición ata que o pobo do territorio en cuestión exercese o seu dereito á libre determinación”* —debendo subliñarse que, malia ao manifestado por Kofi Annan, Marrocos non é a potencia administradora, senón a potencia ocupante, como subliña Soroeta Liceras<sup>29</sup>— polo tanto, as denominadas “provincias do sur”, non se poden assimilar a Marrocos, erro no que incorre o reino alauí ao cualificar ao Sahara de semellante xeito.

28 BADIA MARTÍ, A.M.: *“La cuestión del Sahara occidental a la luz de la dimensión económica del principio de autodeterminación de los pueblos coloniales”*, *O dereito á libre determinación do pobo do Sahara occidental: do “ius cogens” ao “ius abutendi”*, Aranzadi, 2013, pp. 60-64.

29 SOROETA LICERAS, J.: *“O plan de paz do Sahara occidental, viaxe a ningunha parte?”*, Revista electrónica de Estudos Internacionais, 2005, pp.18 e ss.

### iii) Postura actual de Marrocos

Fronte ao citado ditame do TIX, numerosos autores promarroquí sinalaron que se obviou a natureza xurídica das *Bai'a*, pactos que, segundo eles transcenden do meramente relixioso e que tiñan consecuencias administrativas. Eran pactos renovables anualmente, que impoñían obrigas a ambas as dúas partes, e que constituían unha forma de exercer o control, por parte do Sultán de Marrocos, sobre amplas zonas desérticas, chegando a acordos cos xefes tribais, aos que se recoñecía certo poder e se outorgaba protección, a cambio da cal rendesen obediencia ao Sultán. Chegouse a dicir que a postura do TIX fora “eurocéntrica” e que non se atenderan as análises dos expertos en Dereito Musulmán.

Partindo deste punto, algúns autores, como Mohamed Cherkaoui<sup>30</sup>, negan o carácter independente do Sahara, estimando como opción máis axeitada a concesión dunha maior autonomía que ao resto de rexións do Estado marroquí, evidenciando os aspectos negativos da concesión de independencia ao Sahara, a saber: a) dificultade para trazar as súas fronteiras, dado que *“se se quixese trazar as fronteiras naturais, sociais e culturais destas poboacións, teríamos que ter en conta todo o espazo que comprende do Atlántico ata o Mar Vermello, e proceder a unha nova definición territorial destes países”*, pois eran pobos nómades que percorrían un amplo territorio. b) Posto que se trata dun extenso territorio desértico, de case 270000 km<sup>2</sup>, cunha densidade de poboación inferior a un habitante por km<sup>2</sup>, con fronteiras porosas, incontrolables para un Estado fráxil, sería dependente do estranxeiro, pois poderían darse condicións favorables para o desenvolvemento de grupos terroristas e para a inmigración ilegal. c) Risco de balcanización do continente africano por contaxio.

## 2 Condicións do estado e recoñecemento do Sahara occidental

### 2.1 Elementos do Estado

#### i) Noción de Estado

Aínda que nos instrumentos internacionais non haxa unha definición específica do que se entende por Estado, podemos considerar como tal o suxeito de Dereito Internacional que se encontra constituído por unha poboación, ocupa un territorio determinado e conta cun goberno que exerce as súas funcións e facultades, fundamentalmente, sobre ese territorio e sobre esa poboación; non só isto, senón que, como tal suxeito de Dereito Internacional, pode manter relacións, entrar en contacto, con outros Estados, debendo guiarse tales relacións por principios internacionais consolidados tales como a boa fe, a amizade, a cooperación, a non inxerencia nos asuntos internos... Así mesmo, partindo da súa subxectividade internacional, pode ser titular de dereitos e obrigas no plano internacional. Os suxeitos primarios e plenarios do Dereito Internacional seguen sendo os Estados soberanos, e só estes posúen *per se* unha subxectividade internacional sen condicións.

Xorde, a noción moderna de Estado, a finais do s. XV, consolidándose nos ss. XVI e XVII. Nos ss. XVIII e XIX son os únicos suxeitos de Dereito Internacional, pero no S. XX xorden ou-

---

30 CHERKAOU, M.: *“O Sahara, vínculos sociais e retos estratéxicos”*, Oxford, The Bardwell Press, 2008, pp. 60-71.

tras realidades ás que se lles recoñece a subxectividade internacional, así, as Organizacións Internacionais e os pobos, basicamente, co que poderíamos falar da era da “humanización do Dereito Internacional”.

Á difícil pregunta de cando nace un Estado, a Comisión de Arbitraje -órgano asesor da Conferencia sobre o establecemento da paz en Iugoslavia (1991-1995)-, sinalou que<sup>31</sup> “é unha cuestión de feito que se tratará en función dos principios do Dereito Internacional que determinan os elementos constitutivos do Estado, que se define como unha comunidade composta por un **territorio** e unha **poboación** sometidos a un **poder político organizado** e cuxa nota característica é a da súa **soberanía**”.

Deste modo, os tres elementos esenciais dun Estado son: unha poboación, un territorio e un poder organizado. A estes tres elementos clásicos, engádese, na Convención sobre os dereitos e deberes dos Estados adoptada pola sétima Conferencia Interamericana do 26 de decembro de 1933, un novo elemento, pois o seu art.1<sup>32</sup> sinala: “O Estado, como persoa de Dereito Internacional, debe reunir as condicións seguintes: 1) poboación permanente; 2) territorio determinado; 3) goberno; 4) **capacidade de entrar en relacións con outros Estados**”.

## ii) Poboación

A poboación é o conxunto de persoas que, de xeito permanente, habitan un Estado e se encontran, como regra xeral, ligadas a este polo vínculo da nacionalidade; non obstante, como apreciaremos deseguida, a nacionalidade non constitúe un requisito sine qua non para formar parte da poboación dun Estado, malia que algúns autores incidan en destacar a importancia da nacionalidade á hora de analizar a poboación.

Constitúe así o elemento persoal, a base sociolóxica sobre a que o Estado exerce as súas competencias. Á hora de abordar o estudo da poboación, convén sinalar que é indiferente o número e a densidade desta, pois tales datos de carácter sociolóxico non interfieren na consideración dun grupo humano como conformador da poboación dun Estado, polo tanto, non ten relevancia que un Estado estea máis ou menos poboado, ou que a súa poboación se encontre moi concentrada ou que exista, pola contra, unha ampla dispersión demográfica.

Esta poboación estatal pode ser homoxénea ou heteroxénea e, neste último suposto, poden xurdir as “minorías”, influíndo niso factores raciais, étnicos, culturais, relixiosos... pero que en ningún caso poden ser discriminadas polo feito de selo, nin moito menos, dar lugar a situacións atroces e aberrantes como as chamadas “limpezas étnicas”.

O Estado, como dixemos, exerce as súas competencias sobre os nacionais e sobre os estranxeiros, debendo neste último caso atender aos tratados internacionais e á lexislación interna sobre estranxeiría, que debe pivotar sobre tres principios fundamentais: igualdade de trato, trato mínimo internacional e reciprocidade. Polo que fai referencia aos nacionais dun Estado, este pode exercer as súas competencias sobre estes mesmo fóra do seu terri-

31 REMIRO BROTONS, A. (coord.): “Dereito Internacional”, Madrid, Mc Graw Hill, 1997, p.44.

32 PÉREZ GONZÁLEZ, M.: *op. cit.*, pp.275 e 276.

torio, destacando tres supostos<sup>33</sup>: a) en materia penal, rexendo, nalgúns delitos, o principio de personalidade; b) no relativo á realización do servizo militar -dende hai unha década suprimido en España-, podendo reclamar a súa realización de individuos que se encontren no estranxeiro; c) certos servizos públicos, tales como embaixadas ou corpo diplomático, ou protección de traballadores nacionais no estranxeiro.

### iii) Territorio

É a base física sobre a que se asenta a poboación e sobre a cal o Estado desprega en toda a súa plenitude a súa soberanía e a súa xurisdición. É o elemento característico dos Estados, pois doutros suxeitos de Dereito Internacional non se pode predicar tal nota, v.gr, as Organizacións Internacionais. Este elemento abrangue un conxunto de espazos, a saber: a superficie terrestre, o espazo aéreo supraxacente e os espazos marítimos próximos nos casos de Estados con litoral. Resulta irrelevante, para os efectos de Dereito Internacional, a maior ou menor extensión dos Estados, así como a súa morfoloxía, sendo indistinto que se trate dun Estado con descontinuidade territorial, así, nos casos de illas.

Os Estados encóntranse delimitados por fronteiras, pero esta esixencia delimitatoria foi suavizada ou relativizada pola xurisprudencia internacional xa no período de entreguerras<sup>34</sup>, pois *“é suficiente con que o territorio do Estado teña unha consistencia apropiada, aínda que as súas fronteiras non fosen aínda precisamente delimitadas”*, polo que, contar cun territorio definido non significa inescusablemente un territorio recoñecido, delimitado nin, por ende, demarcado.

O Estado, como titular do territorio, ten, en virtude da súa soberanía territorial, dereito exclusivo a exercer as actividades estatais. Noutros supostos, un Estado administra un territorio que non pertence á súa soberanía, o que se pode reconducir a tres supostos<sup>35</sup>: a) supostos de condominio, onde existe un exercicio concorrente de soberanías estatais distintas; b) espazos internacionalizados, como a Antártida; c) territorios non autónomos, produto de procesos descolonizadores en que os pobos aínda non exercitaron o seu dereito de libre determinación e cuxa natureza xurídica é distinta da da potencia administradora, como subliñamos na Resolución 2625 A. X.

Polo que respecta á dimensión económica do territorio, hai que mencionar a Resolución 1803<sup>36</sup> (XVII) da A. X., que sentou o principio de soberanía permanente do Estado sobre os seus recursos propios, o que se viu completado coa Resolución 3281 (XXIX) da A. G., que estableceu a Carta de Dereitos e Deberes Económicos. Destes textos internacionais derivase que o territorio do Estado se configura como o espazo en que ten lugar a súa actividade económica principal, e cuxos recursos naturais lle corresponden por enteiro, con independencia da súa localización e con exclusión dos demais Estados, sen prexuízo das normas internacionais.

33 GONZÁLEZ CAMPOS, J.D.; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L.I.; ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.: *“Curso de Dereito Internacional Público”*, Madrid, 2ª ed., Civitas, 2002, pp.430-431.

34 Tribunal Arbitral Mixto xermano-polaco no asunto Deutsche Continental Gas-Gesellschaft contra o Estado Polaco, de 1929.

35 GONZÁLEZ CAMPOS, J. D.; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L.I.; ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.: *op.cit.*, p.424.

36 Resolución 1803 (XVII) da Asemblea Xeral, do 14 de decembro de 1962, titulada “Soberanía permanente sobre os recursos naturais”, destacando o punto: 7. A violación dos dereitos soberanos dos pobos e nacións sobre as súas riquezas e recursos naturais é contraria ao espírito e aos principios da Carta das Nacións Unidas e entorpece o desenvolvemento da cooperación internacional e a preservación da paz.

#### iv) Goberno

Podemos definilo como a organización política capaz de establecer e manter a orde interna e que é apto para participar nas relacións internacionais de forma independente. Trátase, polo tanto, dunha organización institucional a través da cal poidan levarse a cabo as funcións de autoridade pública sobre o seu territorio e sobre a poboación estatal, así como tamén, que sexa capaz de articular os mecanismos necesarios para entrar en relación con outros Estados ou suxeitos internacionais. Queda demostrada pois, de forma patente, a bipartición do goberno en dúas facetas fundamentais, que se corresponden coas esferas *ad intra* e *ad extra* da súa actuación.

Deste modo, entendemos o goberno en sentido lato, como expresión da organización política do Estado. Este goberno, non obstante, debe estar presidido polo principio de efectividade, como se desprende do artigo 4 da Carta das Nacións Unidas<sup>37</sup> e, dende unha perspectiva teleolóxica, o goberno debe estar en posición de garantir o cumprimento dos fins propios do Estado, tanto no plano interno, coma no internacional. Así, no Dereito Internacional clásico, a existencia dun goberno constituía unha presunción de existencia dun Estado, todo iso condicionado a que o goberno fose efectivo. Non obstante, podemos matizar este principio de efectividade<sup>38</sup>, pois nos casos de gobernos no exilio, sempre que estes non se convertan en eternos, malia non se encontrar fisicamente no territorio do Estado que representan, nin estean en tales momentos desenvolvendo as súas funcións e labores con normalidade, segue afirmándose a existencia do Estado, como sucedeu cos países bálticos malia a duradeira ocupación soviética.

Cumprido o importante requisito da efectividade, o Dereito Internacional non debe efectuar inxerencias na natureza constitucional dun Estado, pois se estaría a infrinxir o principio de autoorganización estatal, a determinación da súa propia organización política, sempre que non se contraveñan ou violen obrigas de Dereito Internacional.

O goberno, polo tanto, é<sup>39</sup> un poder definitivo e orixinario, non derivando de ningún outro grupo estatal; é un poder de autoorganización exclusivo do Estado e é unha facultade de dominación que afecta á totalidade da poboación do Estado e que non é delegable.

## 2.2 A existencia destes elementos na RASD

Despois de analizar, dun xeito esquemático, pero incidindo no esencial, cada un dos tres elementos que configuran o Estado, neste punto debemos atender ao suposto concreto do Sahara occidental e apreciar a concorrencia destes.

37 Carta das Nacións Unidas, artigo 4:1. "Poderán ser Membros das Nacións Unidas todos os demais Estados amantes da paz que acepten as obrigas consignadas nesta Carta, e que, a xulzo da Organización, estean capacitados para cumprir as devanditas obrigas e se achen dispostos a facelo".

38 REMIRO BROTONS, A. (coord.): *op. cit.*, p. 46.

39 GONZÁLEZ CAMPOS, J. D.; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L. I.; ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.: *op. cit.*, p. 426.

## i) Poboación

Antes e durante a ocupación española, como potencia colonizadora, os habitantes desta rexión do Planeta caracterizábanse pola súa estrutura tribal e pola nota de ser nómades. Iso explícase fundamentalmente polas dificultades de supervivencia e de practicar asentamentos humanos nunha zona desértica. Con todo, coa chegada dos colonizadores españois e fundamentalmente coa incipiente industria de fosfatos e conserveras a partir da década de 1940, consolidáronse núcleos urbanos como O Aaiún (que xorde en 1944) ou Smara. Efectuado, a grandes trazos o bosquexo sobre a tipoloxía poboacional do Sahara occidental, hai que facer referencia ao censo español de 1974, efectuado con anterioridade á saída dos españois da zona, no que se incluían 74.000 suxeitos como membros do pobo saharauí. O citado censo foi un dos grandes obstaculizadores da solución do conflito, pois Marrocos apelou en reiteradas ocasións, pretendendo introducir suxeitos cunha dubidosa relación, ou, en palabras do Secretario Xeral das Nacións Unidas, Pérez de Cuellar, con *“implantación no Sahara”*, criterio identificativo de difícil concreción na práctica, o que dificultou os labores da Comisión de Identificación da MINURSO. Como sinalamos, é indiferente que o número de individuos sexa maior ou menor, polo que non podemos senón, no momento de partida dos españois do Sahara occidental, á luz deste censo, afirmar a existencia dunha poboación saharauí diferenciada e propia. Esta poboación, non obstante, ao ano seguinte, experimentaría graves trastornos coa ocupación administrativo-militar de Marrocos e Mauritania, tras os Acordos tripartitos de Madrid, e posteriormente, co abandono de Mauritania, coa ocupación unicamente marroquí. A citada ocupación levou consigo dous efectos na poboación do Sahara: a) a retirada masiva a campos de refuxiados en Alxeria, destacando Tinduf —onde actualmente existen preto de 200.000 refuxiados— e b) a introdución de colonos marroquís no Sahara, levándose a cabo políticas de desnaturalización da poboación saharauí<sup>40</sup>. A iso debe engadirse a construción do muro, no ano 1982 por Marrocos, que supuxo a separación de familias e grupos sociais, que permite a Marrocos ocupar militarmente dous terzos do territorio do Sahara. Así mesmo, Marrocos exerce unha forte represión sobre a poboación saharauí, sen dereitos reais de expresión, sen posibilidade de asociarse, manifestarse, sendo detidos arbitrariamente... polo que non é unha poboación libre.

Na actualidade, tomando como referencia estatísticas de 1999, a poboación saharauí é de 307.000 persoas, das que 120.000 viven na zona ocupada por Marrocos e 187.000 nos campos de refuxiados. Non se inclúen aquí os 200.000 marroquís ocupantes; non obstante, as mesmas cifras sinalaban unha previsión, para o ano 2010, de 443.000 saharauís, atendendo á taxa de crecemento de poboación dun 3,4% anual. Por iso, e dada a dificultade para elaborar listados de cidadáns saharauís, ante a presión marroquí, podemos estimar acertada a cifra de 400.000 saharauís.

Polo tanto, atendendo ás cifras, viven máis saharauís na diáspora que no seu propio territorio. Con todo o exposto só pretendo afirmar a existencia dunha poboación xenuinamente saharauí diferenciada, dándose, polo tanto, cumprimento ao primeiro dos elementos necesarios para considerar a existencia dun Estado.

40 Algúns autores —como Santiago Jiménez Gómez— poñen de manifesto a vontade de desestruturación e desnaturalización da poboación saharauí efectuada por Marrocos a través de varios mecanismos: i) recolocación das familias saharauís, ii) introdúcese como segunda lingua na educación dos menores o francés, desaparecendo o castelán; iii) a escolarización de estudos superiores só pode ser cursada en Marrocos; iv) servizo militar obrigatorio fóra do Sahara ou v) o cambio de nomes, entre outras, como a vi) imitación da vestimenta propia saharauí polos colonos marroquís. Non obstante, estas medidas e outras similares produciron o efecto contrario ao desexado: a reafirmación da identidade propia dos saharauís.



## ii) Territorio

O Sahara occidental encóntrase no extremo occidental do deserto do Sahara, na beira do Océano Atlántico. As teses promarroquís —como apuntamos anteriormente, Mohamed Cherkaoui—, defenden que o Sahara non ten un territorio delimitado, e que, ao estar formado o citado pobo por tribos nómades, non se podería determinar o seu elemento xeográfico habitual<sup>41</sup>, pois constituiría unha “área de civilización”, máis que un territorio concreto, afectándose as fronteiras de distintos Estados da zona —Mauritania, Alxeria, Malí, Níxer, Chad, Libia e mesmo Sudán—. Contra esta afirmación podemos achegar a postura da xurisprudencia internacional, tendente a relaxar a esixencia dunha delimitación precisa das fronteiras para considerar a existencia ou non dun Estado. Deste xeito, atendendo ao asunto *Deutsche Continental Gas-Gesellschaft contra o Estado Polaco*, de 1929, e ao manifestado polo Tribunal Arbitral Mixto, non fai falta que as fronteiras se encontren trazadas con precisión, sendo suficiente con que o territorio teña unha consistencia apropiada, o que se cumpre neste suposto pois, malia ser historicamente habitado por tribos nómades, estas tiñan un sentimento de pertenza ao citado territorio, ademais, agora existen importantes núcleos urbanos en tal territorio, destacando O Aaiún, polo que non se pode negar a existencia dun territorio concreto. Á súa vez, a doutrina analizou o elemento territorial de referencia; como subliña Badia Martí<sup>42</sup>: “*a delimitación do espazo do coñecido como o Sahara occidental é o que correspondía a España como potencia administradora, delimitado polas fronteiras establecidas, e configúrase como unha unidade xurídica. Categorización xurídica a ter en conta cando se formulan propostas que contemplan a partición da colonia, sen contar cos dereitos do pobo colonial. A noción de fronteira aplícase non só ao espazo terrestre senón tamén ao espazo marítimo e ao espazo aéreo subxacente*”.

Neste momento debemos prestar unha especial atención á soberanía territorial entendida dende o punto de vista económico, é dicir, a soberanía sobre os propios recursos naturais. Atendendo en primeiro lugar ao chamado Informe Corell<sup>43</sup>, destácase no seu punto 7 que Marrocos, malia a retirada española do Sahara occidental o 26 de febreiro de 1976 e malia os Acordos de Madrid, non é a Potencia Administradora do Sahara, pois non figura como tal na listaxe de Territorios non autónomos das Nacións Unidas, e non deu cumprimento ao recollido no artigo 73 apartado e) da Carta das Nacións Unidas. Deste modo, a súa situación como potencia administradora de facto resulta anormal ou inxustificada no plano internacional. Non obstante, partindo da explotación dos recursos naturais que efectúa e os contratos e tratados asinados con outros Estados sobre estes, no marco dos territorios non autónomos, só se poderían efectuar se redundase en beneficio dos pobos de tales territorios non autónomos e se realizasen no seu nome ou despois de consultar aos seus representantes, como recolle o punto 24 do Informe, e se non se cumprixe tal finalidade con respecto ao pobo saharauí, Marrocos estaría a infrinxir os principios xurídicos internacionais que son de aplicación ás actividades relacionadas cos recursos naturais dos territorios non autónomos.

41 CHERKAOUI, M.: *op. cit.*, p. 62.

42 BADIA MARTÍ, A.M.: “*A explotación dos recursos naturais do Sahara occidental: as negociacións de pesca entre a Unión Europea e Marrocos*”, *El Vuelo de Icaro: Revista de Derechos Humanos, crítica política y análisis de la economía*, n.º 4, 2003, pp. 49-50.

43 Carta de data do 29 de xaneiro de 2002 dirixida ao Presidente do Consello de Seguridade polo Secretario Xeral Adxunto de Asuntos Xurídicos, Asesor Xurídico, Hans Corell.

No tema dos recursos naturais hai que destacar a postura de Ruiz Miguel<sup>44</sup> e de Soroeta Licerás<sup>45</sup>, que se mostran contundentes á hora de afirmar a condición non de potencia administradora, senón de potencia ocupante de Marrocos sobre o Sahara, constituíndo unha flagrante violación da legalidade internacional e que, partindo do informe Corell, Marrocos só podería contratar sobre recursos saharauís cando fose en interese e beneficio do pobo saharauí, sempre que así o estimase o seu *“único e lexítimo representante”* recoñecido pola ONU que, como subliña Soroeta, non é outra senón a Fronte POLISARIO. Máis alá vai Ruiz Miguel, que sinala que ao ser Marrocos a potencia ocupante, non podería celebrar ningún contrato ou tratado que afecte ao territorio do Sahara, cargando ademais as tintas contra a UE, pois esta, en virtude do seu Tratado Constitutivo, debe actuar conforme á Carta das Nacións Unidas, e neste caso estaría a quebrantar esta ao negociar cun Estado que viola o dereito de libre determinación do Sahara, e estaría a infrinxirse a *“soberanía permanente” dos pobos e as nacións* sobre os seus recursos naturais e, polo tanto, non pode negociar con Marrocos sobre as augas do Sahara occidental.

Polo tanto, non podemos senón afirmar tamén a existencia deste segundo elemento, o territorio e denunciar que os seus recursos propios están a ser esquilados e usurpados por unha potencia ocupante.

### iii) Goberno

No seu ditame consultivo do 16 de outubro de 1975, o TIX sinalou que no Sahara occidental non existía un goberno<sup>46</sup>, e que non se podía considerar como organización política ás estruturas de xefes tribais, pois non se trataba dun goberno efectivo, non obstante, o Sahara era considerado polo citado tribunal como unha *terra nullius*. Non obstante, partindo desta consideración da Corte Internacional de Xustiza, hai que atender á realidade fáctica pois, unha vez que España abandonou definitivamente o Sahara occidental o 26 de febreiro de 1976, o día seguinte, o 27 de febreiro, se proclamou de forma unilateral a independencia da República Árabe Saharauí Democrática, constituíndose unha República presidencial dirixida pola Fronte POLISARIO, e con Mohamed Abdelaziz como xefe de Estado dende 1976. Deste modo, si que existe un goberno no Sahara, non obstante, este se encontra no exilio e Abdelaziz reside en Tinduf, nos campamentos de refuxiados. Como afirmamos na pregunta anterior, o feito de encontrarse no exilio un goberno non lle priva da nota de efectividade, sempre que non se eternice; no noso caso, son xa máis de tres décadas de goberno fóra do Sahara, dada a actitude obstrucionista e contumaz de Marrocos a unha solución para o conflito. Polo tanto, malia o manifestado polo TIX, debemos atender ao principio 3 da Resolución 1514 (XV) da A. X., do 14 de decembro de 1960, a teor do cal ***“A falta de preparación na orde política, económica, social ou educativa non deberá servir nunca de pretexto para atrasar a independencia”***. Deste xeito, a inicial ausencia dun goberno efectivo, malia ser unha das principais bazas de Marrocos á hora de negar a existencia dun Estado saharauí, á vista dos feitos posteriores, debe ser desbotada como argumento contrario á autodeterminación do Sahara occidental. Polo tanto e reiterando as

44 RUIZ MIGUEL, C.: *“O Acordo de pesca UE-Marrocos e o intento español de considerar a Marrocos como potencia administradora do Sahara occidental”*, Anuario de Dereito Internacional, vol. XXII, 2006, pp. 403 e ss.

45 SOROETA LICERAS, J.: *cit.*, pp. 18-24.

46 Dictame consultivo sobre o Sahara occidental; C.I.X., Rec.1975:63.

súas dificultades de actuación, debemos estimar que no Sahara occidental si que existe un goberno efectivo, dándose cumprimento tamén a este terceiro elemento.

## 2.3 O recoñecemento de Estados. Teorías en presenza

Neste apartado analizaremos o concepto e os trazos esenciais do recoñecemento de Estados, atenderemos á postura da xurisprudencia internacional no recente e problemático suposto da declaración de independencia do Estado de Kosovo e, por último, abordaremos unha distinción conceptual entre o recoñecemento de Estados e o recoñecemento de gobernos.

### i) Recoñecemento de Estados: concepto, teorías e trazos esenciais

Partindo da definición dada polo Instituto de Dereito Internacional na súa sesión de Bruxelas de 1936, *“o recoñecemento dun Estado novo é o acto libre polo cal un ou varios Estados constatan a existencia sobre un territorio determinado dunha sociedade humana politicamente organizada, independente de calquera outro Estado existente, capaz de observar as prescricións do Dereito Internacional e manifestan conseguintemente a súa vontade de consideralo como membro da Comunidade Internacional”*.

Un Estado pode xurdir por distintas causas, así, sen ánimo de ser exhaustivos, podemos apuntar as seguintes: por *desmembración* dun Estado anterior, por *división* dun Estado en dous ou pola *fusión* de varios Estados nun só. Non se debe confundir o recoñecemento dun Estado con outras figuras vinculadas ou semellantes, como apunta Pastor Ridruejo<sup>47</sup>, pois se un Estado recupera a súa antiga calidade estatal, o que existe é un recoñecemento da recuperación da súa independencia; por outra parte, se un Estado é continuador da personalidade xurídica internacional doutro (v.gr, Federación Rusa sucedendo á URSS), non se recoñece como novo Estado, senón que se pode recoñecer como continuador.

Existen disquisicións doutriniais a propósito da natureza do acto de recoñecemento, xa que, partindo da súa condición de acto libre e discrecional, algúns autores, como Pastor Ridruejo, manifestan que se trata dun acto de natureza política. Pola contra, outro sector doutrinal sostén que se trata dun acto xurídico, e non un puro xesto político<sup>48</sup>, se ben, o devandito acto non deixa de estar influído por motivacións políticas. Así mesmo, tampouco existe un lugar común na doutrina a propósito dos efectos do citado acto xa que, mentres algúns autores sosteñen que os efectos do recoñecemento son meramente declarativos, que simplemente manifestan ou constatan unha situación preexistente ao propio acto de recoñecemento, outros defenden que o recoñecemento é constitutivo e que o Estado xorde ou nace despois de ser recoñecido.

Por todo iso, podemos distinguir tres teorías<sup>49</sup>:

47 PASTOR RIDRUEJO, J.A.: *“Curso de Dereito Internacional Público e Organizacións Internacionais”*, 12ª ed., Madrid, Tecnos, 2008, pp. 298-302.

48 PÉREZ GONZÁLEZ, M.: *op. cit.*, pp. 280-283.

49 GONZÁLEZ CAMPOS, J.D.; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L.I.; ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.: *op. cit.*, p. 501.

- a) **Teoría constitutiva do recoñecemento:** polo feito de existir, os Estados, como tales, forman parte da comunidade natural de Estados, pero non adquiren a plena personalidade internacional ata que non exista un acto de recoñecemento doutros suxeitos, conferíndolle entón ao novo ente estatal dereitos e obrigas derivados de tal personalidade. Con esta teoría déixase en mans dos suxeitos recoñecedores todo o peso da decisión, e poden darse situacións paradoxais de existencia e inexistencia do Estado cando non é recoñecido por todos os membros da Sociedade Internacional.
- b) **Teoría declarativa:** o Estado existe dende que reúne os elementos necesarios para ser considerado Estado, polo que o recoñecemento é un simple acto declarativo, e a personalidade internacional é detida dende que o Estado existe de feito.
- c) **Teorías mixtas ou eclécticas:** para paliar as deficiencias das dúas teorías anteriores xorde un terceiro grupo, que subdivide o acto de recoñecemento en dúas fases: en primeiro lugar, o recoñecemento tería natureza constitutiva, decidindo sobre a existencia ou non dos elementos esenciais para considerar que un determinado ente goza da nota de estatalidade e, nun segundo momento, constatada a presenza dos elementos do Estado, tería natureza declarativa, limitándose a sinalar a existencia de tal Estado, unha vez que se confirmou que se cumpren os requisitos necesarios para tal afirmación.

Unha vez sinalados o concepto e as diferentes teorías, podemos centrarnos nunha serie de trazos fundamentais<sup>50</sup>:

- a) **Suxeitos que recoñecen:** os Estados e as Organizacións Internacionais.
- b) **Carácteres:** malia ser un acto libre e discrecional, coñece de certos límites, así, as normas de *ius cogens* internacional, ou que se condicione o recoñecemento por un Estado ou grupo de Estados ao cumprimento dunha serie de requisitos por parte do solicitante do recoñecemento, que supoñen un plus engadido ao cumprimento dos requisitos esenciais.
- c) **Forma:** rexe, como principio esencial do Dereito Internacional e das Relacións Internacionais, o principio de non formalismo, podendo ser explícito ou implícito, unilateral e mutuo ou recíproco, individual ou conxunto... en moitas ocasións haberá de acudirse ao caso concreto, sobre todo nos supostos de recoñecementos implícitos, para saber se determinados comportamentos ou condutas estatais significan actos de recoñecemento ou non, sen que se poidan establecer regras xerais neste particular.
- d) **Efectos:** se ben é maioritaria a postura que sostén o efecto declarativo do recoñecemento, tamén é certo que tal recoñecemento produce unha serie de efectos que deben ser tidos en conta: 1. a incorporación, na práctica, do Estado á Sociedade Internacional; 2. provoca variacións esenciais na cualificación das situacións e nos suxeitos implicados; 3. dá paso á aplicación de tratados bilaterais e multilaterais; 4. ten repercusións á hora da postulación procesual pois, se ben, en principio admítese que malia á non existencia de recoñecemento, si se pode alegar a inmunidade de xurisdición e

---

50 REMIRO BROTONS, A. (coord.): *op. cit.*, pp. 52-58.

de execución, o citado feito do non recoñecemento supón que non se pode alegar o *ius standi* ante os tribunais de Estados que non o recoñecen.

Deste modo, a pesar de se tratar dun acto libre e discrecional, non podemos obviar as súas consecuencias xurídicas, que son evidentes, de aí a busca polos seus promotores do maior número de recoñecementos posible, destacando en todo este proceso o recoñecemento das Nacións Unidas. É perigoso, non obstante, o coñecido como “recoñecemento prematuro”, que se dá cando aínda non se cumpriron os requisitos para afirmar a existencia do Estado, e que pode supoñer unha inxerencia nos asuntos internos doutro Estado; a este propósito, malia ser algo incipiente para constituír unha teoría xeral, podemos falar de “supostos de non recoñecemento”<sup>51</sup>, por supoñer supostos de violación de normas de *ius cogens*, e tales supostos inclúen: a) a prohibición da agresión, b) a prohibición da adquisición do territorio mediante o uso da forza, c) a prohibición da discriminación racial e o apartheid, e d) o dereito de libre determinación dos pobos (o que se incumpre flagrantemente no noso caso).

## ii) O caso de Kosovo

O Tribunal Internacional de Xustiza manifestou en xullo de 2010 que “o dereito internacional xeral non considera prohibicións sobre as declaracións de independencia e, polo tanto, a declaración do 17 de febreiro de 2008 non viola o dereito internacional xeral”. Deste modo, na opinión consultiva do citado tribunal, adoptada por dez votos a favor e catro en contra, contestouse á pregunta da Asemblea Xeral, a petición de Serbia, sobre a secesión de Kosovo en 2008. Non obstante, este ditame non xulga se existe ou non un dereito de secesión por parte de Kosovo, pero si subliña a excepcionalidade deste suposto pois, como sinalou o Presidente do Tribunal, Hisashi Owada: “Hai que ter en conta o contexto do acontecido en 2008”. Destaca o parágrafo 80 do ditame<sup>52</sup>: “Diferentes participantes nos procedementos ante a Corte defenderon que a prohibición de declaracións unilaterais de independencia está implícita no principio de integridade territorial”. Sinala no mesmo parágrafo que se ben noutras resolucións do Consello de Seguridade, en concreto, relativas a Rhodesia, ao Norte de Chipre e a Srpska, non se estimaron tales declaracións unilaterais, o Consello de Seguridade fíxoo porque se violou a prohibición do uso ilexítimo da forza e outras normas internacionais de *ius cogens*, e que o caso de Kosovo é distinto, polo que se apunta que non existe unha práctica consolidada no Consello de Seguridade no citado sentido de manifestar contrarias o Dereito Internacional as declaracións unilaterais de independencia, polo que, á vista do suposto excepcional que se trata, e sen entrar a analizar a independencia de Kosovo en si mesma, nos parágrafos 122 e 123, a Corte se reafirma na súa postura de que non resulta contraria ao Dereito Internacional a declaración unilateral de independencia dun Estado.

## iii) O recoñecemento de gobernos

Novamente, atendendo á definición dada polo Instituto de Dereito Internacional na súa mencionada resolución de Bruxelas de 1936, descríbese do seguinte xeito: “o recoñece-

51 GONZÁLEZ CAMPOS, J.D.; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L.I.; ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.: *op. cit.*, pp. 507-508.

52 Dictame do TIX sobre Kosovo do 22 de xullo de 2010: destacan os parágrafos 78-121, nos que se desenvolve o fondo da cuestión.

*mento do novo goberno dun Estado xa recoñecido é o acto libre polo que un ou varios Estados verifican que unha persoa ou un grupo de persoas están en condicións de obrigar ao Estado que pretenden representar e expresan a súa vontade de manter relacións con elas".* Trátase, polo tanto, dun acto de elección puramente política, de carácter sumamente discrecional e que, en principio, non parece que se poidan determinar, en virtude de normas de Dereito Internacional, os requisitos que debe reunir un goberno *de facto* para ser recoñecido. Xorde a necesidade de recoñecer un goberno cando este substituíu outro de forma irregular<sup>53</sup>, contrariando a legalidade constitucional vixente: é por iso un goberno *de facto*, distinto ao lexítimo ou *de iure*. Partindo da importancia no Dereito Internacional do principio de efectividade dos gobernos, sinálase pola doutrina, como un dos criterios de recoñecemento, que todo goberno efectivo e estable, é un goberno no sentido do Dereito Internacional, sendo irrelevante, dende a perspectiva que estamos a tratar, a súa posible orixe irregular segundo o Dereito interno.

## 2.4 Os recoñecementos da RASD

### i) Recoñecementos da RASD

O 27 de febreiro de 1976, proclamouse de xeito unilateral a independencia da República Árabe Saharauí Democrática. Esta República reunía os requisitos esenciais para ser considerada un Estado. Non obstante, a ocupación marroquí e as tensións e alianzas xeoes-tratéxicas propiciaron que estes 35 anos fosen un longo periplo de recoñecementos illados de Estados<sup>54</sup> fundamentalmente africanos e ultimamente sudamericanos, pero onde chama poderosamente a atención a abstención das potencias occidentais, que manteñen unha actitude pasiva, que poderíamos cualificar de condescendente para con Marrocos.

En pleno proceso descolonizador, na década de 1960, e grazas ás Resolucións da A.X. (1514 e 1541), a partir de 1966 emitíase anualmente unha Resolución en que se sinalaba a España, como potencia colonizadora, a obriga de posibilitar o exercicio do dereito de libre determinación pola poboación saharauí. Este era o obxectivo perseguido por España, para cuxo fin elaborou o censo de 1974. Non obstante, as pretensións marroquíes eran ben distintas, pois, ambicionando o "Gran Marrocos", o seu desexo era anexionarse o Sahara occidental á saída dos españois. Así o fixeron, *manu militari*, implantando un duro sistema represivo. A Fronte POLISARIO iniciou unha guerra de liberación nacional, que duraría oficialmente máis dunha década e que finalizou co alto ao fogo tras a intervención da ONU. Non obstante, como sabemos, o proceso segue inconcluso a día de hoxe, e sen grandes visos de mellora nun futuro próximo. En todo este tempo destacou o apoio de EUA e de Francia ao reino alauí, sendo un aliado estratéxico nunha área candente do Globo. Ante estas presións de dúas potencias tan poderosas, os principais Estados mundiais non recoñeceron á RASD. En total, na actualidade, a RASD conta con 82 recoñecementos estatais e foi recoñecida en 1984 como membro da Organización para a Unidade Africana. A maioría dos Estados que a recoñecen son africanos e latinoamericanos, o que, sen ánimo de ser discriminatorios ou subestimar a tales países,

---

53 PÉREZ GONZÁLEZ, M.: *op. cit.*, pp. 284-286.

54 *Vid. ANEXO: Estados que recoñecen á RASD*, p. 67.

dá boa mostra do pouco apoio internacional con que conta, de xeito oficial, a RASD, malia a adhesións a título persoal de destacadas personalidades ou organizacións non gobernamentais.

Así mesmo, a ONU, dende 1966, recoñeceu anualmente a través de múltiples resolucións o dereito de libre determinación do pobo saharauí, que debe ser efectivo e poder exercitarse; non obstante, a ONU non recoñeceu á RASD como Estado independente, como se verá de forma detallada na seguinte pregunta.

## ii) Recoñecementos de Marrocos

Por outra parte, no que concirne aos apoios oficiais a Marrocos, ningún país recoñece a soberanía marroquí sobre o Sahara occidental, malia que houbo esforzos nada disimulados por parte da antiga administración americana de George Bush e de Francia, ao que se debe sumar a posición nos últimos anos do executivo español, para potenciar a vía da autonomía do Sahara dentro do Estado de Marrocos, o que non faría senón que confirmar a marroquinidade do Sahara occidental.

A pesar de non contar con recoñecementos oficiais e ser xuridicamente a potencia ocupante, chama perigosamente a atención a celebración dos anteriormente citados Acordos de Pesca entre a UE e Marrocos, nos que se incluía, entre as augas de “*xurisdición marroquí*”, o mal chamado banco canario-sahariano. Deste modo, carecendo de calquera recoñecemento internacional, deuse certa lexitimidade á explotación irregular duns recursos naturais para os que Marrocos carece de calquera título xurídico avalador, polo que neste punto estimo acertada a posición apuntada de Ruiz Miguel, crítica coa UE, que pasou por alto a natureza xurídica de potencia ocupante de Marrocos.

Polo tanto, analizando os recoñecementos con que contan ambas as dúas partes, podemos chegar a unha conclusión moi evidente: na Comunidade Internacional existe o convencemento de que a RASD debe ser considerada un Estado independente, non obstante, o seu escaso peso internacional e a posición estratéxica de Marrocos como enclave que une Occidente con África e cos países árabes, leva ás potencias occidentais a adoptar unha posición de cautela, de inacción para evitar conflitos con Marrocos, cos efectos perniciosos que iso podería levar consigo nesta inestable rexión do Planeta, conducindo a unha política de permisividade, próxima á complicidade, polo que podería dicirse que a violación flagrante do Dereito Internacional operada por unha ocupación evidentemente ilegal é considerada como un mal menor ou un dano colateral que teñen que asumir.

## 2.5 É a RASD un estado independente?

### i) Natureza xurídica do Sahara occidental

Malia que se cumpran os requisitos esenciais para ser considerado un Estado independente, e a pesar dos recoñecementos internacionais anteriormente apuntados, á hora de abordar o status xurídico do Sahara occidental, debemos partir dunha primeira premisa xeral<sup>55</sup>:

55 SOROETA LICERAS, J.: *cit.*, pp.18 e ss.

**o Sahara occidental é un territorio non autónomo pendente de descolonización.**

Polo tanto, debemos retrotraernos novamente no tempo e analizar a saída de España do territorio: seguindo as resolucións das Nacións Unidas, España estaba disposta a que se celebrase un referendo no Sahara para que se exercitase o seu dereito de libre determinación, para cuxo efecto elaborou o censo de 1974, que tantos rompedeiros de cabeza e problemas formularía con posterioridade ante a oposición de Rabat a este; non obstante, a saída española foi, evidentemente, temeraria e pouco meditada: dunha anómala situación de administración tripartita, en virtude dos Acordos de Madrid, en que a administración do territorio correspondía a España, Marrocos e Mauritania, pasouse a unha administración única, *de facto*, de Marrocos, que dende moi cedo amosou os seus desexos soberanistas sobre a rexión. España, que segue sendo considerada, *de iure*, como a potencia administradora, deixou á súa sorte a unha poboación —“os irmáns saharauís” como se denominaba popularmente os saharauís durante a ocupación española—, transferindo todo o peso a Marrocos, unha vez que Mauritania se desentendeu do conflito. Como sabemos, Marrocos obstaculizou permanentemente a solución do conflito, impedindo a celebración do ansiado referendo, e nos últimos tempos envorcou os seus esforzos na consecución da autonomía do Sahara occidental baixo soberanía marroquí.

Deste modo, o Sahara segue figurando no listado de territorios non autónomos das Nacións Unidas, como un territorio que aínda non exercitou o seu dereito de autodeterminación. A este respecto, novamente e valla a redundancia, non podemos esquecer o recollido na Resolución 2625 (XXV) da A. X., onde se atribúe unha natureza xurídica distinta e diferenciada ao territorio non autónomo con respecto á súa potencia administradora -que neste caso sería oficialmente España-, co fin de evitar que a través de operacións tales como a súa consideración como unha provincia máis, se queira mudar a natureza do conflito, pasando dun contencioso de alcance internacional a un asunto interno.

Por todo o exposto, non podemos considerar a día de hoxe o Sahara occidental como un Estado independente, pois Marrocos impediu a obtención de semellantes status, como pon de manifesto o feito de que continúe coa ocupación militar no Sahara. Estase a infrinxir, polo tanto, o mandato que as Nacións Unidas impuxeron a España dende 1966, pois o pobo saharauí non tivo ocasión de materializar o seu dereito. Trátase así dunha situación anacrónica, pois debería terse solucionado a mediados da década de 1970, coa saída de España do territorio. É un caso de descolonización frustrada ou abortada, polo que non se pode proclamar, como fan algúns autores, a finalización do proceso descolonizador e o novo alcance que se debe dar ao dereito de autodeterminación, pois, á vista do dito ata aquí, debemos considerar que o proceso descolonizador aínda está inconcluso, polo menos ata que os territorios non autónomos exerciten o seu dereito de libre determinación.

ii) Marrocos: potencia administradora?

Tras os Acordos de Madrid, o 14 de novembro de 1975, cun Franco agonizante e un goberno franquista que non sabía que sucedería á morte do Caudillo, acordouse establecer unha administración tripartita no Sahara occidental, composta por España, Marrocos e Mauritania. Dende 1962, en pleno proceso descolonizador, na súa calidade de Potencia Administradora, España cumpriu coa obriga de transmitir a información técnica e estatística



que se requiría no art.73 apartado e) da Carta das Nacións Unidas, sobre os Territorios non autónomos. Deste modo, cumpría coas obrigas impostas ás potencias administradoras<sup>56</sup>.

Non obstante, cando España abandonou o Sahara o 26 de febreiro de 1976 e a administración pasou de feito a Marrocos e Mauritania, e posteriormente só a Marrocos, deixou de cumprirse coa citada obriga e Marrocos non figura como Potencia administradora na listaxe de Territorios non autónomos das Nacións Unidas<sup>57</sup>.

Sinaladas a grandes trazos as orixes das disputas a propósito da administración do Sahara occidental, podemos chegar á conclusión de que Marrocos carece de calquera título xurídico para administrar de facto a zona<sup>58</sup>: a) as responsabilidades e poderes outorgados en virtude dos Acordos de Madrid, **transferíronse a unha entidade tripartita**, non a Marrocos de xeito individual; b) **o carácter temporal da administración tripartita**, pois esta desapareceu cando España abandonou a rexión, xa que o Acordo non prevía a subrogación de ningunha das dúas partes restantes nos dereitos da administración tripartita; c) pero, sobre todo, non se puido transferir a administración nin moito menos a soberanía en virtude dos citados Acordos, pois **España, de forma unilateral non podía transferir ningunha das dúas**<sup>59</sup>.

A ONU, nas súas distintas resolucións e informes, nunca considerou a Marrocos como potencia administradora, senón como potencia ocupante<sup>60</sup>, e o anteriormente mencionado descoído de Kofi Annan non ten relevancia xurídica, xa que os informes do Secretario Xeral non son fonte do Dereito Internacional nin poden modificar resolucións da A.X., e en informes posteriores do Secretario Xeral, relativos ao artigo 73 e) da Carta das Nacións Unidas, é dicir, á transmisión dos datos técnicos e estatísticos dos territorios non autónomos polas potencias administradoras, séguese considerando a España como tal.

Non obstante, se ben esta é a base xurídica internacional, o certo é que Marrocos leva case catro décadas administrando *de facto* o territorio do Sahara occidental, en clara contravención do ordenamento xurídico internacional, pois, carecendo de título xurídico ningún, está a explotar os recursos naturais do territorio e leva a cabo unha ilexítima ocupación militar e burocrática. Como sinalamos, a potencia administradora é España, aínda que se desentendese por completo do asunto.

### iii) Expectativas de futuro

Con este breve apartado pretendo atender aos últimos movementos internacionais referidos ao tema que nos ocupa. Debemos partir dun informe do Secretario Xeral da ONU, do 13 de abril de 2007<sup>61</sup>, en que Ban Ki Moon centra a súa atención na necesidade de desmilitar o territorio e das dificultades de tal misión, así como solicita a ampliación do prazo da misión da MINURSO e pide os Estados máis fondos e axudas para levar a cabo tal misión,

56 Informe Corell, parágrafo 5.

57 Informe Corell, parágrafo 8.

58 RUIZ MIGUEL, C.: *cit.*, pp.400 e ss.

59 Informe Corell, parágrafo 6.

60 AHMED, B.: "Sáhara occidental: dúas propostas de solución", El País, 26-09-2012.

61 Informe do Secretario Xeral sobre a situación relativa ao Sáhara occidental, S/2007/202.

pero onde destaca o parágrafo 47<sup>62</sup>, que non obstante invitar ao diálogo ás partes, non introduce nada novo no conflito senón a súa dilación temporal; tería sido preferible que o novo Secretario Xeral da ONU tivese adoptado unha postura máis activa e involucrada coa solución do conflito que o mero chamamento a un diálogo que se encontra estancado e no que non se aprecian avances de interese.

Pola súa banda, no que concirne a EUA, cabe destacar que baixo a presidencia de Barack Obama se produciron certas oscilacións na administración americana: incrementáronse as reunións e conversas con Marrocos e coa Fronte POLISARIO; así mesmo, a principios de 2010 unha delegación da Fronte POLISARIO foi recibida polo Departamento de Estado Norteamericano por primeira vez. Non obstante, en decembro de 2013, con motivo da visita de Mohamed VI a EUA, a Casa Branca emitiu un comunicado en que manifestaba o seu apoio ao plan de autonomía para o Sahara, formulado por Marrocos ao Consello de Seguridade en abril de 2013.

### 3 Sucesión de estados en materia de nacionalidade. A nacionalidade da poboación do Sahara occidental

#### 3.1 Sucesión de Estados. Formulacións teórico-comparadas referentes á sucesión en materia de nacionalidade

##### i) A sucesión de Estados

A práctica internacional amosa que a soberanía sobre un determinado territorio non é algo inamovible, senón que pode sufrir cambios e transformacións. Esta variación na soberanía, que se coñece como sucesión de Estados, pode deberse a unha pluralidade de factores: que unha parte do territorio dun Estado pase a formar parte doutro Estado (é dicir, supostos de segregación e conseguinte absorción por outra entidade estatal), que xurda un novo Estado como consecuencia do proceso descolonizador, o que tivo o seu auxe nas décadas de 1960 e 1970; Estados que se unifiquen, como é o caso de Alemaña tras a unificación da RDA e a RFA; ou ben, a separación de Estados, v.gr, a antiga República Federativa de Iugoslavia.

Ante estas contingencias, poden xurdir, e de feito xorden, grandes cuestións que afectan ao Dereito Internacional, así, que acontece cos Tratados internacionais concluídos polo anterior soberano, cos seus bens públicos e rexistros ou arquivos xudiciais, coas débedas contraídas por este, coa nacionalidade e dereitos adquiridos polos seus cidadáns, coa súa condición de Estado membro dunha Organización Internacional... Para atallar estas cuestións leváronse a cabo esforzos na Comunidade Internacional, concertándose unha serie de Tratados e Convenios a propósito da sucesión de Estados; non obstante, na materia que nos afecta, é dicir, sucesión de Estados con respecto á nacionalidade dos seus cidadáns, non se elaboraron normas internacionais positivas, polo que haberá que estar irremediamente

---

62 Parágrafo 47 do Informe S/2007/202: “Recomendo que o Consello de Seguridade exhorte ás partes, Marrocos e a Fronte Polisario, a que entren en negociacións sen impoñer condicións previas, co fin de lograr unha solución política xusta, duradeira, e mutuamente aceptable que conduza á libre determinación do pobo do Sahara occidental. Os países veciños, Alxeria e Mauritania, tamén deberían ser convidados a estas negociacións e ser consultados por separado sobre as cuestións que lles afectan directamente, de conformidade coa fórmula utilizada durante o mandato do meu anterior Enviado Persoal, James A. Baker III”.

á práctica dos Estados<sup>63</sup>, que foi variada e plural, como teremos ocasión de comprobar. Así mesmo, tampouco foi obxecto de Codificación Internacional o asunto da sucesión de Estados na condición de Estado membro dunha Organización Internacional.

Podemos atender, de xeito xeral, á definición contida en senllas Convencións sobre sucesión de Estados<sup>64</sup>, que definen esta como *“a substitución dun Estado por outro na responsabilidade das relacións internacionais dun territorio”*.

Como último apuntamento a este apartado introdutorio hai que destacar que o feito que determine a sucesión debe ser legal<sup>65</sup>, e non cabe falar tecnicamente de sucesión cando o control efectivo sobre un territorio determinado se obteña mediante o recurso a unha forza prohibida polo Dereito Internacional: en tales circunstancias, o Estado infractor será unha potencia ocupante, pero non se lle poderá atribuír a nota de Estado sucesor, como acontece no noso caso.

## ii) Noción de nacionalidade

Dunha forma xenérica, podemos referirnos á nacionalidade como o principal vínculo xurídico que une a unha persoa cun Estado. O xurdimento da concepción moderna de nacionalidade sitúase a principios do S. XIX posto que, con anterioridade, os seus perfís resultaban difusos. Deste xeito, durante a Idade Media, marcada polo feudalismo, o elemento persoal estaba constituído polas relacións de vasalaxe para cos señores feudais, relacións que variaban moito dun lugar a outro, podendo resultar un elemento sometido a cambio, cando se entraba baixo a protección ou cobertura dun novo señor feudal, ou ben, un elemento inmovible, non suxeito a modificación ningunha. Co fin do Antigo Réxime, o citado vínculo converteuse nunha submisión da persoa do vasalo á do soberano. Non obstante, como adiantamos, é a principios do S. XIX cando a nacionalidade se configura dun xeito distinto, e podemos sinalar, xunto coa doutrina máis autorizada<sup>66</sup>, unha dobre faceta ou dobre xeito de entender a nacionalidade: a) como un vínculo xurídico que liga ao nacional co Estado, co que se está a atender a unha visión xurídico-positiva; b) como unha condición ligada á persoa, resaltándose un aspecto sociolóxico vinculado á idea de Nación.

No noso estudo, partiremos da súa condición xurídica, e hai que sinalar que constitúe o estado civil fundamental da persoa, que inflúe de xeito decisivo na súa capacidade de obrar, e que, se ben a lexislación pretende a eliminación das diferenzas entre nacionais e estranxeiros, si que existen na práctica tales distincións. Deste modo, non só constitúe un estado civil, senón que a nacionalidade posúe un carácter político e constitucional.

Podemos atender á definición dada polo Tribunal Internacional de Xustiza:<sup>67</sup> “[...] é, *pódese dicir, a expresión xurídica do feito de que o individuo ao que lle foi conferida, ben direc-*

63 MARÍN LÓPEZ, A.: *“Sucesión de Estados e cambio de nacionalidade. As transformacións territoriais en Europa nos anos noventa”*, Anuario Español de Dereito internacional, 2002, Vol. XVIII, pp. 127-132.

64 *Convención de Viena do 23 de agosto de 1978*, sobre sucesión de Estados en materia de tratados e a *Convención de Viena do 8 de abril de 1983*, sobre sucesión de Estados en materia de bens, arquivos e débedas de Estado, art. 2, 1, b.

65 REMIRO BROTONS, A. (coord.): *op. cit.*, pp.58-73.

66 Díez-PICAZO E PONCE DE LEÓN, L.; GULLÓN BALLESTEROS, A.: *“Sistema de Dereito Civil”*, Vol.I, 11ªed., Madrid, Tecnos, 2005, pp.285 e ss.

67 Decisión do Tribunal Internacional de Xustiza do 6 de abril de 1955, *asunto Nottebohm*.

*tamente pola lei, ben por un acto de autoridade, está de feito máis estreitamente unido á poboación do Estado que lla conferiu, que á de calquera outro [...]”.*

### iii) Sucesión de Estados en materia de nacionalidade: práctica dos Estados

Como apuntamos con anterioridade, o Dereito Internacional caracterízase, neste concreto sector, pola ausencia de normas positivas, polo que deberemos atender á práctica estatal, podendo distinguirse unha serie de comportamentos ou condutas dos Estados segundo o tipo de sucesión de que se trate.

Un primeiro grupo de autores<sup>68</sup> distingue tres posibilidades:

- a) Sucesión respecto a unha parte do territorio que **non comporta a aparición dun novo Estado**: establécese un dereito de opción individual exercitable en prazo determinado a favor da nacionalidade do Estado predecesor; non obstante, o que adoita acontecer é que a poboación se manifieste de xeito xeral a través dun plebiscito concernente ao propio feito da sucesión.
- b) Estados de recente **independencia xurdidos dentro do proceso descolonizador**: a regra xeral é deixar ao Dereito interno do novo Estado a determinación das condicións de nacionalidade, con algunhas particularidades en determinados supostos: colonias británicas.
- c) Supostos de **unificación de Estados**: adquirese a nacionalidade do Estado sucesor.

Outros autores<sup>69</sup> atenden a outros criterios:

- a) En **Estados de recente independencia**, en certas ocasións, como subliñamos anteriormente, a determinación da nacionalidade condiciónase **polas normas que dite o Estado metropolitano**, sendo o seu máximo expoñente as colonias británicas.
- b) Que se resolva a cuestión **en virtude dun acordo** entre a antiga potencia soberana e o Estado que agora é soberano do territorio en cuestión, como sucedeu na retrocesión de Ifni a Marrocos por España
- c) Que se deixe a cuestión, como sucedeu na maioría dos supostos e o que, ao meu xuízo resulta a mellor opción, ao **Dereito Interno do novo Estado**, tendo en conta o carácter eminentemente interno ou endógeno da nacionalidade, sen prexuízo da súa proxección no exterior.

Apreciamos, polo tanto, unha pluralidade de prácticas e, sendo como apuntei esta última opción a idónea dende o meu punto de vista, non podo deixar de apreciar nela un inconveniente e é que, naqueles procesos separatistas en que predomine un principio étnico, se poden establecer formulacións restritivas á obtención da nacionalidade deste, o que podería supoñer unha violación dos Dereitos Humanos, como quedará de manifesto no seguinte subapartado, á hora de analizar a nacionalidade á luz da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Por último, subliñar a importancia da determinación da nacionalidade polos Es-

---

68 PASTOR RIDRUEJO, J.A.: *op. cit.*, pp.321 e 322.

69 REMIRO BROTONS, A. (coord.): *op. cit.*, pp.71-73.

tados, e certas prácticas interesadas e perversas dalgúns Estados, que elaboran políticas de nacionalidade alén das súas fronteiras dun xeito previo a posteriores reivindicacións territoriais, como pon de manifesto Remiro Brotóns, o que constitúe un comportamento pouco compatible coa non inxerencia nos asuntos internos doutros Estados.

#### iv) A nacionalidade na Declaración Universal dos Dereitos Humanos

No seu artigo 15<sup>70</sup>, dunha forma concisa pero contundente, recóllese o seguinte: “1. *Toda persoa ten dereito a unha nacionalidade. 2. Non se privará a ninguén arbitrariamente da súa nacionalidade nin do dereito a cambiar de nacionalidade*”.

Deste modo, este dereito ten unha base legal de Dereito Internacional, e é obriga dos Estados o seu cumprimento e evitar calquera tipo de obstáculo ao seu exercicio. Para iso a Asemblea Xeral promulgou unha serie de Resolucións, de loita contra a apatridia e reguladoras dos refuxiados e dos que solicitan o asilo político ante outros Estados, destacando neste suposto unha institución fundamental, ACNUR, que é o Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados. No noso caso estase a vulnerar o artigo transcrito, como se verá nas cuestións seguintes.

### 3.2 A nacionalidade marroquí dos saharauís que habitan no territorio ocupado por Marrocos

Despois da desafortunada saída española do Sahara, que tantas veces reiteramos neste traballo, pero que non podemos deixar de mencionar nun aspecto tan relevante para os saharauís como este, sobreveu unha ocupación militar e ilexítima por parte de Marrocos. Establecendo unha administración *de facto* sobre parte do Sahara occidental, e co fin de desnaturalizar e de integrar forzosamente á poboación saharauí no reino alauí, Marrocos outorgou unilateralmente a nacionalidade marroquí aos saharauís que habitaban no territorio que ocupaba<sup>71</sup>.

Deste modo, partindo dunha previa nacionalidade española ata 1976, ano en que España se retirou do Sahara occidental, e posteriormente, en virtude do discutido dereito de opción temporal concedido polo Real Decreto 2258/1976, do 10 de agosto, que posteriormente será analizado, se non se exercitaba o citado dereito en prazo, imponíase aos saharauís que residisen no territorio ocupado por Marrocos a nacionalidade marroquí.

A Audiencia Nacional viña recoñecendo, ata a importante Sentenza do Tribunal Supremo do 20 de novembro de 2007, que será obxecto de análise na última pregunta deste terceiro bloque a propósito dunha posible nacionalidade saharauí, que os que residen no Sahara occidental son marroquís. Esta insostible postura<sup>72</sup> só é defendida por quen ocupa de xeito ilegal un territorio e se encontra nos pasos previos á súa definitiva anexión, posto que choca cos postulados do Dereito Internacional, coa vontade dos saharauís e coa propia realidade

70 *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, adoptada a través da Resolución 217 A (III) da A.X. das Nacións Unidas, o 10 de decembro de 1948 en París.

71 LÓPEZ BARONI, M. J.: “*Apátridas saharauís en España: Europa e a súa memoria*”, Anuario Mexicano de Dereito Internacional, vol. XIV, 2014, pp. 401-405.

72 SOROETA LICERAS, J.: “*A apatridia dos saharauís*”, *diariovasco.com*, 09/01/08.

dos feitos acaecidos ata o día de hoxe, posto que ningún Estado recoñeceu oficialmente a marroquinidade do Sahara occidental, preconizada dende Rabat, pero que non conta con título xurídico ningún, como puxo de manifesto o Ditame Consultivo do TIX de 1975. Así mesmo, nesta liña de negación da nacionalidade marroquí dos saharauís cabe destacar unha frase da anteriormente sentenza do noso Alto Tribunal, en que se establece que «a nacionalidade non orixinaria implica a aceptación —por suposto voluntaria— dun novo status xurídico [...] mais en modo algún pode vir determinada pola imposición».

Deste xeito, o Tribunal Supremo vén a ratificar a tese dos activistas saharauís de que non son de nacionalidade marroquí nin pretenden selo. Como mostra da oposición saharauí podemos mencionar o caso de Aminatu Haidar, quen protagonizou unha folga de fame nunha situación peculiar dende o punto de vista dun dereito fundamental como é a liberdade, na súa vertente de liberdade ambulatoria, pois se encontraba retida no aeroporto de Lanzarote, despois de que o goberno de Marrocos a expulsase do Aaiún e a introducise sen pasaporte nun avión con destino a Canarias. Haidar ten nacionalidade marroquí por residir na zona ocupada por Marrocos, pero negouse a recoñecer tal nacionalidade á hora de desembarcar no aeroporto, confirmando a postura dos activistas saharauís.

Non obstante, malia quebrantar a legalidade internacional, Marrocos considera tales residentes na súa zona de ocupación como nacionais marroquí, feito que, aínda sendo insosistente polo carácter forzoso da imposición e pola ausencia dunha vontade do pobo saharauí que confirme tal nacionalidade marroquí, non encontrou unha resposta contundente no plano internacional, á parte de resolucións xudiciais como a apuntada con anterioridade, pois atopámonos co insalvable escollo da falta dun Estado saharauí independente, e, por ende, a capacidade de manobra do pobo saharauí é moi reducida, dado que sen exercitar aínda o seu dereito de libre determinación se encontran indefensos no ámbito internacional.

### 3.3 A nacionalidad alxeriana das persoas que habitando nos campamentos da Hamada alxeriana viaxan fóra de Alxeria

#### i) Posición histórica de Alxeria

Antes de centrarmonos no tema que nos ocupa, a saber, a nacionalidade alxeriana dos refuxiados saharauís cando viaxan fóra de Alxeria, é preciso facer un mínimo percorrido histórico para comprender a situación actual. En 1976, despois da proclamación unilateral da independencia da RASD, e coa ocupación militar marroquí, miles de saharauís fuxiron do Sahara occidental e foron acollidos por Alxeria, que cedeu unha parte do seu territorio, o deserto de Tinduf, para que se construísen campamentos de refuxiados para as decenas de miles de saharauís. Así mesmo, Alxeria prestou axuda económica e militar á Fronte Polisario na súa loita de liberación nacional.

Posicionábase deste xeito Alxeria fronte a Marrocos, pero debemos entender que este apoio non era desinteresado, pois existía unha pugna ou rivalidade latente entre ambos os dous países, que podemos resumir en dúas cuestións fundamentais<sup>73</sup>: a) Alxeria apoia ao

73 SÁNCHEZ HERNÁNDEZ, C.: *“España e Marrocos: a falta de alternativas, solución militar?”*, Nómades 7. Revista Crítica de Ciencias Sociais e Xurídicas, Universidade Complutense de Madrid, Madrid, 2003.

Polisario para que se instaure un Sahara independente e así Marrocos non sexa a potencia dominante do Magreb; b) pola discutida soberanía da zona dos oasis do Sahara sur oriental alxeriano. Deste modo, é comprensible o apoio alxeriano á RASD. Convén apuntar que no ano 1988, Alxeria retomou as relacións diplomáticas co entón monarca alauí, Hassan II, pero nunca se normalizaron de todo estas, continuando as desconfianzas e receos entre ambas as dúas potencias mesmo ata hoxe, en que Marrocos segue sostendo que Alxeria resulta fundamental para chegar a unha solución para o conflito.

Polo que respecta á vida da poboación saharauí nos campos de refuxiados de Tinduf, algúns autores<sup>74</sup> subliñan que *“o deserto de Tinduf, outrora reclamado tamén por Marrocos, é a verdadeira República Árabe Saharauí Democrática”*, cualificándoo así mesmo como *“Estado de area”*. Ademais, grazas á axuda internacional, construíronse en tales campamentos escolas, teares, talleres, hospitais, hortas e mesmo unha granxa avícola. O Frente Polisario estableceu nos campamentos de refuxiados o modelo de sociedade que ansía nun Sahara independente, pero iso non debe levarnos a engano sobre a situación farto precaria en que viven os refuxiados, desprazados da súa terra, con familias separadas, dificultade ou práctica imposibilidade para efectuar comunicacións de todo tipo, amoreados en haimas no medio do deserto durante case catro décadas, á espera dunha solución para un conflito que semella interminable.

## ii) Natureza xurídica dos saharauís en Alxeria e fóra dela

Como subliñamos, ao longo de toda a contenda, destacou a xenerosidade de Alxeria co pobo saharauí, así como as súas mostras de apoio ao POLISARIO e á súa causa. Non obstante, neste punto centrámonos no estudo da natureza xurídica dos cidadáns saharauís que viven nos campos de refuxiados na Hamada alxeriana. Cando se achán en territorio alxeriano, os saharauís teñen a condición de refuxiados. Non obstante, cando se desprazan ao estranxeiro, concédeselles por Alxeria unha documentación, uns pasaportes que lles permiten saír do país, nos supostos de Estados que non recoñecen á RASD -como é o caso de España. Non obstante, malia o que poida parecer, tales documentos non constitúen en absoluto un recoñecemento da nacionalidade alxeriana aos saharauís, como puxo de manifesto o Tribunal Supremo en recentes sentenzas, nas que xa se fala de doutrina consolidada no noso Alto Tribunal, cos efectos que iso leva consigo. Estoume a referir, neste concreto particular, á Sentenza da Audiencia Nacional do 12 de xullo de 2010, da Sala do Contencioso; nela resúmese a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo ao respecto, centrándose nas SSTs de 19/12/08, de 20/11/07 e de 18/07/08. Podemos esquematizar tal liña doutrinal nos seguintes aspectos fundamentais:

- a) Alxeria nunca realizou, nin de forma expresa nin de forma tácita, unha declaración de recoñecemento da nacionalidade alxeriana dos saharauís que viven como refuxiados no seu territorio. Alxeria simplemente documenta tales saharauís coa finalidade de que poidan saír ao exterior, por vía aérea, nos supostos daqueles Estados que non recoñezan á RASD. A documentación que aporta Alxeria consiste nun pasaporte, xunto co visado emitido pola oficina consular do respectivo Estado, situada en Alxer. Deste modo, en tal proceso, nin se está a proceder a recoñecer a nacionalidade alxeriana, nin esta é solicitada polos saharauís, e podemos entender tal documentación na súa

74 VALENZUELA, J.: *“De Tánxer ao Nilo. Crónica do Norte de África”*, Madrid, Catarata, 2010, pp. 111-133.

dimensión instrumental, para facilitar a mobilidade dos refuxiados saharauís máis alá do deserto de Tinduf. É, polo tanto, como recollen as sentenzas citadas, “*a documentación dun indocumentado*”. O feito de non ostentar a nacionalidade alxeriana conséntase na denegación, por parte do Consulado de Alxeria en España, da renovación do pasaporte de refuxiados saharauís residentes en Tinduf, que viaxan a España, “*por carecer da nacionalidade alxeriana*”, remitindo os saharauís á oficina da RASD en España, pero que, como España non recoñece á RASD, aquela carece de potestade para renovar pasaportes, polo que nos achamos ante un círculo vicioso.

- b) Diferenzas entre a simple documentación e a concesión da nacionalidade: a primeira conta cun **carácter formal, non esixe a solicitude** e voluntariedade do destinatario e **non implica unha relación de dependencia co Estado que documenta**. A segunda, a concesión da nacionalidade, require o **cumprimento dunha serie de requisitos recollidos na lexislación interna** do país que a concede, e implica a **súa previa solicitude e a súa posterior e voluntaria aceptación**. Polo tanto, esta nacionalidade non orixinaria implica que sexa aceptada polo solicitante e non pode ser imposta a este -como acontece coa nacionalidade marroquí dos saharauís residentes na zona ocupada.
- c) Como establece a sentenza da Audiencia Nacional que estamos a analizar, tampouco cabe considerar que os refuxiados saharauís en Tinduf encontren “*actualmente protección ou asistencia dun órgano ou organismo das Nacións Unidas distinto do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados, mentres estean a recibir tal protección ou asistencia*”, como establece o art.1.2.i) da Convención de Nova York de 1954, pois entre as funcións da MINURSO non se encontra a *protección e asistencia*, notas que a citada convención require para excluír ás persoas do seu pase á situación de apatridia.

### 3.4 A nacionalidade española dos saharauís

#### i) A práctica española

Á hora de analizar a práctica española a propósito da sucesión de Estados en materia de nacionalidade, debemos partir dunha primeira idea xeral: a falta de uniformidade nos distintos procesos de desposesión de territorios sometidos á soberanía española. Como sinalan distintos autores<sup>75</sup>, podemos distinguir varias condutas que levou a cabo España:

- a) Ifni: retrocesión deste territorio, que era un territorio soberano español, non un protectorado, ao reino de Marrocos e, neste suposto, outorgouse un dereito de opción para que os naturais de Ifni puidesen elixir a súa nacionalidade, pero era este un dereito de opción máis aparente que real, pois o seu prazo de exercicio era de tres meses, debendo certificar as autoridades de Marrocos a renuncia á nacionalidade marroquí.
- b) Guinea Ecuatorial: a través do Real Decreto 2987/1977 do 28 de outubro, concedíase unha medida de graza: unha concesión real de nacionalidade española para determinados suxeitos, concesión colectiva que requiría declaración ou manifestación

---

75 GONZÁLEZ CAMPOS, J. D.; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L. I.; ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.: *op. cit.*, pp.528 e 529.



de vontade individual; o criticable desta medida era que tal graza só operaba sobre determinados suxeitos, sendo a Administración quen decidía quen podían acollerse a esta medida e quen non, e adxudicouse fundamentalmente por razóns políticas, pois había en España centenaes de ecuatoguineanos que non podían volver ao seu país por motivos políticos; non obstante, outro aspecto negativo consistiu en que se obrigou tales cidadáns a renunciar á nacionalidade ecuatoguineana, dificultándose en extremo posteriores trámites administrativos para retornar á súa antiga nacionalidade sen deixar de residir en España, malia a estabilización da situación política en Guinea Ecuatorial.

- c) Marrocos: cando o protectorado marroquí, anteriormente ocupado por España, reco-brou a súa independencia, os nativos adquiriron a nacionalidade do Estado marroquí e os colonizadores españois continuaron ostentando a nacionalidade española.

## ii) Nacionalidade española dos saharauís

O caso do Sahara resulta especialmente rechamante, como poñeremos de manifesto. Despois dunha nefasta xestión do proceso descolonizador do Sahara occidental, despois de abandonar xa a desértica rexión, promulgouse o Real Decreto 2258/1976 do 10 de agosto, en que se confería un dereito de opción pola nacionalidade española aos saharauís<sup>76</sup>. Os requisitos que había que cumprir para poder efectuar tal opción recollíanse nos artigos 1 e 2 do Real Decreto: dábbase un prazo dun ano para exercitar o citado dereito de opción, comparecendo ante o xuíz encargado do Rexistro Civil do lugar da súa residencia en España, ou ante os consulados españois. Unha vez precluido o citado prazo, perdíase todo dereito á nacionalidade española. Resultou ser esta medida desproporcionada, inxusta, supresora de dereitos xa adquiridos, xuridicamente moi discutible en canto á súa validez e que reflectía á perfección á que nese momento era a actitude de España para coa súa antiga colonia: unha medida que mostraba a velocidade con que España quería desentenderse do asunto -atendamos ao breve prazo de exercicio do mal chamado dereito de opción, que era dun ano, deixando a antigos nacionais españois pendente dos designios do reino alauí. Supoñía unha fuxida, unha escapada, pretendendo dar por finalizada, a través de tal Real Decreto, a relación de case cen anos que unira a España co Sahara occidental.

Se como establece o Título Preliminar do Código Civil, as normas han de ser interpretadas de acordo co<sup>77</sup> *sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e legislativos e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas*, debía terse presente tal realidade social no momento en que se aplicou o Real Decreto, durante ese ano que se daba para optar pola nacionalidade española. Isto é así porque nos encontrabamos ante unha situación excepcional, cunhas circunstancias dunha dureza extrema xa que, ademais das dificultades de desprazamento a través do deserto -recordemos a ampla extensión desértica do Sahara occidental-, debe terse en conta o ambiente bélico vivido por entón na rexión, cunha guerra entre o POLISARIO e Marrocos. Deste modo, o prazo dun ano semella un insulto ao pobo saharauí, sumido nun éxodo forzado aos campos de refuxiados da Hamada alxeriana, onde, dende logo, non contaban con autoridades consulares españolas,

76 SÁNCHEZ RIBAS, J. “O problema do Sahara: a nosa responsabilidade?”, Lex Nova Blogs, 24-11-2010.

77 Artigo 3.1 do Código Civil.

nin podían acudir aos xuíces encargados do rexistro civil da súa residencia en España. Polo tanto, o Real Decreto xurdiu como un brinde ao sol, pero a súa efectividade foi nula.

Non obstante, as críticas que efectuamos ao Real Decreto non só quedan aquí, senón que van moito máis alá e cuestionan a súa propia validez, como subliñaron algúns autores<sup>78</sup> e podemos centrarnos en dous aspectos esenciais que poñerían en dúbida todo o acontecido con posterioridade:

- a) Os saharauís eran cidadáns españois de pleno dereito con anterioridade ao citado regulamento, como o pon de manifesto o feito de que contasen con representantes nas Cortes españolas e de que votasen en 1966 no referendo a propósito da Lei Orgánica do Estado, por iso, resulta moi difícil comprender como se pode facer perder unha nacionalidade de orixe en virtude dunha norma de rango inferior ao Código Civil, que en 1976 non recollía tal suposto de perda de nacionalidade de orixe, recollendo unicamente: por adquisición voluntaria doutra nacionalidade, por sanción ou no suposto da muller que casase cun estranxeiro; deste modo, non existía un *numerus apertus* de causas de perda da nacionalidade española de orixe, senón que podemos convir en que existía un *numerus clausus*; se iso é así, por elementais razóns de seguridade xurídica e en virtude do principio de xerarquía normativa, tal causa de perda da nacionalidade introducida *ex novo* polo Real Decreto debería ser anulada.
- b) Pero non só é criticable este aspecto senón que, coa chegada da democracia e coa promulgación da Constitución de 1978, poderíamos entender esta situación como atentatoria contra o dereito á nacionalidade, dado que a Constitución debe ser interpretada de acordo cos Tratados e Convenios Internacionais subscritos por España e, por ende, atender ao artigo 15 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos —o dereito á nacionalidade—, e considerando esta situación como “non esgotada”, deberíase proceder á aplicación retroactiva da Constitución e a confirmar a nacionalidade española dos saharauís.

Como quedou demostrado, a nacionalidade española foi inxustamente arrebatada aos saharauís a través dun Real Decreto que establecía un falso dereito de opción, cunha causa de perda da nacionalidade española de orixe que resultaba ilegal e que debería ser anulada no seu momento, cun fugaz prazo de exercicio da opción e abandonando á súa sorte aos saharauís, condenándoos á nacionalidade da potencia que ocupara o seu territorio polas armas, ou á condición de refuxiados nos campamentos de Tinduf.

Por iso é gratificante observar o cambio xurisprudencial que tivo lugar en España nos últimos anos pois, o Tribunal Supremo, a través das SSTS do 28 de outubro de 1998 (da Sala do Civil) e do 7 de novembro de 1999 (da Sala do Contencioso Administrativo), recoñeceu o dereito de senllos recorrentes saharauís a obter a nacionalidade española. Polo tanto, xunto co noso Alto Tribunal, non podemos senón congratularnos da adopción de tales sentenzas, que vinte anos despois viñan a recoñecer algo que nunca debía ter sido arrebatado os saharauís.

---

78 RUIZ MIGUEL, C.: “Nacionalidade española de cidadáns saharauís: Secuela dunha descolonización frustrada (e frustrante)”, Revista Xeral de Dereito, n.º 663, 1999.

### 3.5 En que medida se pode falar na actualidade dunha nacionalidade saharauí?

Para a Unión de Estados Africanos e para os máis de oitenta Estados que recoñecen á RASD, non resulta algo controvertido afirmar a nacionalidade saharauí dos seus cidadáns, pois a aceptan sen discusións. Non obstante, atendendo á realidade dos feitos e ao devir dos acontecementos, actualmente, resulta bastante artificioso falar propiamente da existencia, no ámbito internacional, dunha nacionalidade saharauí<sup>79</sup>. Debemos recordar, novamente, que o Sahara occidental é un territorio non autónomo que aínda non exercitou o seu dereito á libre determinación dos pobos, e que se acha sometido a unha ocupación militar e administrativa por parte de Marrocos. Neste contexto, é lóxico que aínda non se puidese desenvolver como un Estado independente no plano internacional, e unha das primeiras manifestacións de tal carencia é o status xurídico dos seus cidadáns, os cales se encontran nunha situación deplorable, nun limbo xurídico restritivo dos seus dereitos máis fundamentais e necesarios. En puridade, carecen dunha nacionalidade posto que nin son marroquís —nin pretenden selo—, nin son alxerianos en Tinduf —simplemente son refuxiados—, nin son españois, pois aqueles que non optaron tras o Real Decreto de 1976, se viron privados, de xeito ilexítimo, da súa nacionalidade de orixe, non obstante, nos últimos anos apreciáronse sentenzas xudiciais alentadoras en España, recoñecendo a nacionalidade española de certos saharauís. Deste modo, non podemos cualificar aos saharauís doutro modo que de apátridas.

Na práctica dos nosos tribunais, ata hai pouco tempo, admitíase sen discusións a nacionalidade marroquí dos saharauís que residían no Sahara occidental, así como a nacionalidade alxeriana dos saharauís que residían nos campos de refuxiados<sup>80</sup>. Con esta práctica tan discutible como inexplicable dende os postulados e principios do Dereito Internacional, negábase a atribución da nota de apatridia aos seus solicitantes, co que se evitaban os efectos que tal status xurídico leva consigo. Deste xeito, atendendo á Convención sobre o estatuto dos apátridas, de Nova York de 1954, o seu artigo 1 define ao apátrida como *“toda persoa que non sexa considerada como nacional seu por ningún Estado, conforme á súa lexislación, e manifeste carecer de nacionalidade”*. Como apuntamos con anterioridade, a partir da Sentenza do Tribunal Supremo do 20 de novembro de 2007, recoñeceuse a unha cidadá saharauí, nacida en Smara, a condición de apátrida, por non posuír nacionalidade ningunha. Esta sentenza recoñeceu por primeira vez nunha sede xudicial española a existencia dun pobo saharauí, diferenciado do marroquí e do alxeriano. En termos prácticos, os avances conseguidos con esta e coa atribución do estatuto de apátrida, son dous: o dereito á residencia legal en España e ao reagrupamento familiar.

Con todo, a pesar dos avances significativos que tal variación xurisprudencial leva consigo, non deixa de ser un consolo menor que non erradica o problema, senón que o fai, se cabe, máis patente, ao estigmatizar a un suxeito, ou se se prefire, para que en termos gráficos sexa máis comprensible, a todo un pobo. Deste modo, atribuíndo aos saharauís a nota de apatridia incídese no seu desarraigamento, na súa non pertenza a ningún Estado, en definitiva, na súa soidade e desamparo no plano internacional. Esperemos, polo tanto, que nun futuro non moi afastado poidan celebrar o seu referendo e que se recoñeza internacional-

79 RODRÍGUEZ MARÍN, E: “A situación xurídica dos saharauís”, Actualidade Legal, 18-04-13.

80 SOROETA LICERAS, J.: “A apatridia dos saharauís”, diariovasco.com, 09/01/08.

mente, sen dúbidas nin vacilacións, a nacionalidade dun pobo que exercitou o seu dereito de autodeterminación con plena liberdade.

Polo tanto, en resumo, contestando á pregunta formulada, actualmente, mal que nos pese, resulta unha quimera falar da nacionalidade saharauí. Por todo iso, deben levarse a cabo os esforzos necesarios e remover os obstáculos que aparezan co fin de que, tras case catro décadas de contenda, se poida solucionar o conflito dunha forma favorable para o pobo saharauí, gran damnificado ao longo de todo este período.

## 4 Conclusións

1. Débese proceder, sen máis dilación á celebración do referendo de autodeterminación do Sahara occidental, dándose cumprimento ás resolucións anuais da A. X. que así o indican.
2. España debe asumir, dunha vez por todas, a responsabilidade internacional que lle corresponde, como potencia administradora *de iure*, e asumir un papel destacado na consecución da autodeterminación do Sahara occidental, abandonando a súa política actual de “neutralidade activa”, debendo atender sobre todo á legalidade internacional e aos dereitos humanos, que están a ser sistematicamente violados por Marrocos.
3. As Nacións Unidas deben mostrar unha actitude máis contundente, deixando de ser un mero intermediario, e impondo a legalidade internacional polos medios que sexan mester; a este respecto, o caso do Sahara occidental deberíase trasladar do Capítulo VI da Carta aos asuntos do Capítulo VII, co que o seu poder de actuación sería maior, pero tal variación é practicamente imposible, ao contar Francia con dereito de veto no Consello Permanente das Nacións Unidas, habida conta a súa estreita relación con Marrocos.
4. Que os Estados occidentais, a UE e a ONU recoñezan internacionalmente á RASD, o que suporía unha das principais medidas de presión sobre Marrocos, que se debería dobregar, se o apoio internacional fose practicamente unánime para coa causa saharauí, e permitiría a celebración do referendo
5. Imposición de sancións internacionais a Marrocos por esquilmar os recursos naturais do Sahara occidental sen consultar ao POLISARIO.
6. Que se faciliten os trámites para considerar á poboación saharauí apátrida, cos efectos beneficiosos que iso pode levar consigo con respecto á súa situación anterior -iso xa se está a levar a cabo a través dalgunhas sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Nacional, v.gr, Sentenzas do 15 de xuño de 2012 e do 26 de decembro de 2013. Non obstante, isto non é unha solución definitiva, senón temporal, e debe durar o menos posible, pois se está contravindo a Declaración Universal de Dereitos Humanos, en concreto o seu artigo 15, que recolle que “*toda persoa ten dereito a unha nacionalidade; a ninguén se privará arbitrariamente da súa nacionalidade*”. Polo tanto, como afirmamos, co pobo saharauí estase a infrinxir este dereito ao non ser considerados nacionais de ningún Estado.

## 5 Anexo: estados que recoñecen á RASD

1. Afganistán* 23/05/1979	29. Guinea Ecuatorial* 03/11/1978	57. Ruanda 01/04/1976
2. Albania 29/12/1987	30. Güiana 01/09/1979	58. Illas Salomón 12/08/1981
3. Angola 11/03/1976	31. Haití 22/11/2006	59. San Cristóbal e Nieves 25/02/1987
4. Antiga e Barbuda 28/02/1987	32. Honduras 08/11/1989	60. Santa Lucía 01/09/1979
5. Alxeria 06/03/1976	33. India* 01/10/1985	61. San Vicente e Granadinas 14/02/2002
6. Barbados 27/02/1988	34. Irán 27/02/1980	62. São Tomé e Príncipe 22/06/1978
7. Belize 18/11/1986	35. Xamaica 04/09/1979	63. Seychelles 25/10/1977
8. Benín 11/03/1976	36. Kenya 26/06/2005	64. Serra Leoa 27/03/1980
9. Bolivia 14/12/1983	37. Kiribati 12/08/1981	65. Siria 15/04/1980
10. Botswana 14/05/1980	38. Laos 09/05/1979	66. Sudáfrica 15/09/2004
11. Burkina Faso* 04/03/1984	39. Lesoto 09/10/1979	67. Surinam 11/08/1983
12. Burundi 01/03/1976	40. Liberia 31/07/1985	68. Suazilandia 28/04/1980
13. Cabo Verde 04/07/1979	41. Libia 15/04/1980	69. Tanzania 09/11/1978
14. Cambojia 10/04/1979	42. Madagascar* 28/02/1976	70. Timor Oriental 20/05/2002
15. Chad 04/07/1980	43. Malauiano 24/03/2002	71. Togo 16/03/1976
16. Colombia 27/02/1985	44. Mali 04/07/1980	72. Trinitade e Tobago 01/11/1986
17. Congo 03/06/1978	45. Mauritania 27/02/1984	73. Tuvalu 12/08/1981
18. Corea do Norte 16/03/1976	46. Mauricio 01/07/1982	74. Uganda 06/09/1979
19. Costa Rica 30/10/1980	47. México 08/09/1979	75. Vanuatu 21/11/1980
20. Cuba 20/01/1980	48. Mozambique 13/03/1976	76. Venezuela 03/08/1983
21. Dominica 01/09/1979	49. Namibia 11/06/1990	77. Vietnam 02/03/1979
22. Ecuador 14/11/1983	50. Nauru 12/08/1981	78. Iemen 02/02/1977
23. O Salvador 31/07/1989	51. Nicaragua* 06/09/1979	79. [Iugoslavia 28/11/1984]
24. Etiopía 24/02/1979	52. Nigeria 12/11/1984	80. Zambia 12/10/1979
25. Ghana 24/08/1979	53. Panamá 23/06/1978	81. Zimbawe 03/07/1980
26. Granada 24/08/1979	54. Papua Nueva Guinea 12/08/1981	82. Uruguay 26/12/2005
27. Guatemala 10/04/1986	55. Perú 16/08/1984	
28. Guinea-Bissau 15/03/1976	56. República Dominicana 24/06/1986	

Os asteriscos significan revogación de recoñecementos, pero como subliña Ruiz Miguel: *“De acordo co Dereito Internacional relativo ao recoñecemento de Estados, contido o art. 6 da Convención de Dereitos e Deberes dos Estados, “o recoñecemento dun Estado simplemente significa que o Estado que o recoñece acepta a personalidade do outro con todos os dereitos e deberes determinados no Dereito Internacional. O recoñecemento é incondicional e irrevogable”. Polo tanto, unha vez que un ou varios Estados recoñecen á RASD como Estado soberano, estes Estados non poden despois revogar o seu recoñecemento, agás no caso de que a RASD deixe de existir como Estado ou en que deixe de existir o Estado que este o seu recoñecemento á RASD. Só se pode revogar o recoñecemento dun goberno”.*

Regap



ESTUDOS E NOTAS

## 6 Bibliografía

- ABELLÁN HONRUBIA, V.: "Sobre o método e os conceptos en Dereito Internacional Público", *Soberanía do Estado e Dereito Internacional. Homenaxe ao profesor Juan Antonio Carrillo Salcedo*, Sevilla, Servizo de Publicacións da Universidade de Sevilla, Tomo I, 2005.
- AHMED, B: "Sáhara occidental: dúas propostas de solución", *El País*, 26-09-2012.
- BADIA MARTÍ, A.M.: "La cuestión del Sahara occidental a la luz de la dimensión económica del principio de autodeterminación de los pueblos coloniales", *O dereito á libre determinación do pobo do Sahara occidental: do "ius cogens" ao "ius abutendi"*, Pamplona, Aranzadi, 2014.
- BADIA MARTÍ, A.M.: "*A explotación dos recursos naturais do Sahara occidental: as negociacións de pesca entre a Unión Europea e Marrocos*", *El Vuelo de Icaro: Revista de Derechos Humanos, crítica política y análisis de la economía*, n.º 4, 2003.
- BORJA CEVALLOS, R.: "*Dereito Político e Constitucional*", México, Fondo de Cultura Económica, 1991.
- BRIONES VIVES, F: "*O dereito á autodeterminación do pueblo saharauí*", *El Vuelo de Icaro: Revista de Derechos Humanos, crítica política y análisis de la economía*; n.º 4, 2003.
- CHERKAOUI, M.: "*O Sahara, vínculos sociais e retos estratéxicos*", Oxford, The Bardwell Press, 2008.
- DE BLAS GUERRERO, A.: "*Nacionalismos e nacións en Europa*", Madrid, Alianza Editorial, 1995.
- DÍEZ DE VELASCO, M.: "*Institucións de Dereito Internacional Público*", 17ª ed., Madrid, Tecnos, 2009.
- DÍEZ-PICAZO E PONCE DE LEÓN, L.; GULLÓN BALLESTEROS, A.: "*Sistema de Dereito Civil*", Vol. I, 11ªed., Madrid, Tecnos, 2005.
- GARCÍA, A.: "*Historia do Sahara e o seu conflito*", Madrid, Catarata, 2010.
- GONZÁLEZ CAMPOS, J.D.; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L.I.; ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.: "*Curso de Dereito Internacional Público*", Madrid, 2ªed., Civitas, 2002.
- LÓPEZ BARONI, M.J.: "*Apátridas saharauís en España: Europa e a súa memoria*", *Anuario Mexicano de Dereito Internacional*, vol. XIV, 2014.
- MARÍN LÓPEZ, A: "*Sucesión de Estados e cambio de nacionalidade. As transformacións territoriais en Europa nos anos noventa*", *Anuario Español de Dereito internacional*, 2002, Vol. XVIII.
- PASTOR RIDRUEJO, J.A.: "*Curso de Dereito Internacional Público e Organizacións Internacionais*", 12ª ed., Madrid, Tecnos, 2008.

- PONTE IGLESIAS, M.T.: *"Cidadanía e consolidación democrática: A promoción e protección dos dereitos colectivos dos pobos indíxenas"*, RIPS, Santiago de Compostela, 2009.
- REMIRO BROTONS, A. (coord.): *"Dereito Internacional"*, Madrid, Mc Graw Hill, 1997.
- RODRÍGUEZ MARÍN, E.: *"A situación xurídica dos saharauís"*, Actualidade Legal, 18-04-13.
- RUILOBA SANTANA, E.: *"Unha nova categoría no panorama da subxectividade internacional: O concepto de pobo"*, *Estudos de Dereito Internacional. Homenaxe ao Profesor Miaja de la Muela*, Madrid, I, 1979.
- RUIPÉREZ ALAMILLO, J.J.: *"Constitución e Autodeterminación"*, Madrid, Tecnos, 1995.
- RUIZ MIGUEL, C.: *"O Acordo de pesca UE-Marrocos e o intento español de considerar a Marrocos como potencia administradora do Sahara occidental"*, Anuario de Dereito Internacional, vol. XXII, 2006.
- RUIZ MIGUEL, C.: *"Nacionalidade española de cidadáns saharauís: Secuela dunha descolonización frustrada (e frustrante)"*, Revista Xeral de Dereito, n.º 663, 1999.
- RUIZ MIGUEL, C.: *"As obrigas legais de España como potencia administradora do Sahara occidental"*, Anuario Español de Dereito Internacional, Vol. XXVI, 2010.
- RUIZ RODRÍGUEZ, S.: *"A teoría do dereito de autodeterminación dos pobos"*, Madrid, Centro de Estudos Políticos e Constitucionais, 1998.
- SÁNCHEZ HERNÁNDEZ, C.: *"España e Marrocos: a falta de alternativas, solución militar?, Nómades 7. Revista Crítica de Ciencias Sociais e Xurídicas, Universidade Complutense de Madrid, Madrid, 2003.*
- SÁNCHEZ RIBAS, J.: *"O problema do Sahara: a nosa responsabilidade?"*, Lex Nova Blogs, 24-11-2010.
- SOROETA LICERAS, J.: *"O plan de paz do Sahara occidental, viaxe a ningunha parte?"*, Revista electrónica de Estudos Internacionais, 2005.
- SOROETA LICERAS, J.: *"A apatridia dos saharauís"*, diariovasco.com, 09/01/08.
- VALENZUELA, J.: *"De Tánxer ao Nilo. Crónica do Norte de África"*, Madrid, Catarata, 2010.

regap



ESTUDOS E NOTAS





## Núcleos de identidade do litoral e áreas de recualificación

### Núcleos de identidad del litoral y áreas de recualificación

#### Kernels of identity of the coast and areas of requalification



PABLO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ

Alumno do Curso Superior de Técnico de Urbanismo (Galicia, España)  
HS21\_3@hotmail.com

Recibido: 30/10/2013 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

**Resumo:** *O presente traballo, pretende ser unha aproximación ás dúas estratexias “extremas” definidas polo POL para o tratamento e corrección do modelo de asentamento caracterizado na costa como Núcleos de identidade do litoral e Ámbitos de recualificación respectivamente.*

*Comézase poñendo en contexto os instrumentos de ordenación do territorio galego. Indágase nas orixes de ambos os dous conceptos nas DOT para, posteriormente, afondar no tratamento que se lles dá no POL. Lévese a cabo unha hipótese teórica da aplicación das determinacións que, para ambos os dous modos ou estratexias, establece o POL en relación á lexislación urbanística vixente (LOUGA) e unha mínima análise de como se están a levar á práctica nos Plans Xerais.*

*O traballo finaliza cunha proposta de «ficha básica» que ten un dobre obxectivo: servir como ferramenta aos equipos redactores de plan para abordar estes tipos de asentamentos; e como posible elemento de control para a administración.*

**Palabras clave:** *núcleo de identidade do litoral; área de recualificación; sistema de asentamentos; Plan de Ordenación do Litoral; litoral galego; desenvolvemento sostible.*

**Resumen:** *El presente trabajo, pretende ser una aproximación a las dos estrategias “extremas” definidas por el POL para el tratamiento y corrección del modelo de asentamiento caracterizado en la costa como Núcleos de identidad del litoral y Ámbitos de recualificación respectivamente.*

*Se comienza poniendo en contexto los instrumentos de ordenación del territorio gallego. Se indaga en los orígenes de ambos conceptos en las DOT para, posteriormente, profundizar en el tratamiento que se les da en el POL. Se lleva a cabo una hipótesis teórica de la aplicación de las determinaciones que, para ambos modos o estrategias, establece el POL en relación a la legislación urbanística vigente (LOUGA) y un mínimo análisis de cómo se están llevando a la práctica en los Planes Generales.*

*El trabajo finaliza con una propuesta de “ficha básica” que tiene un doble objetivo: servir como herramienta a los equipos redactores de planeamiento para abordar estos tipos de asentamientos; y como posible elemento de control para la administración.*

**Palabras clave:** núcleo de identidad del litoral; área de recalificación; sistema de asentamientos; Plan de Ordenación del Litoral; litoral gallego; desarrollo sostenible.

**Abstract:** *The present work, intends to be an approach to the two “extreme” strategies defined by the POL for the treatment and correction of the model of settlement characterized in the coast as, Kernels of identity of the coast and Areas of requalification respectively.*

*He begins putting on the instruments of ordering of the Galician territory in context. It is inquired into in the origins of both concepts in the DOT for, to deepen later in the treatment that is given to them in the POL. It carries out itself a theoretical hypothesis of the application of the determinations that, for both ways or strategies, the POL establishes in relation to the current urbanistic legislation (LOUGA) and a minimum analysis of as they are being taken to the practice in the General Plans.*

*The work ends with a proposal of “basic card” that ha a double goal: the editor equipments of plan using as tools for tackling these types of settlements it; and as possible element of control for the administration.*

**Key words:** *Kernel of identity of the coast; area of requalification; system of settlements; Plan of Ordering of the coast; Galician coast; sustainable development.*

**Índice:** *0. Introducción 1. Planeamento en ferverza. Dos instrumentos de ordenación do territorio ao estudo de detalle 1.1. Contexto. Ordenación do territorio en España e en Galicia 1.2. Ámbito competencial. Comunidade autónoma-concello 1.3. Relacións en ferverza da planificación territorial e urbana 2. Antecedentes dos Núcleos de Identidade do Litoral e dos Ámbitos/áreas de recalificación 2.1. NIL nas DOT 2.2. AR nas DOT 3. NIL e AR no POL 3.1. Sistema tradicional de asentamentos de Galicia 3.2. Caracterización no POL do modelo actual de asentamentos 3.3. NIL e AR, polos opostos do sistema de asentamentos 3.4. Identificación/mapificación de NIL e AR no POL 4. Modelo territorial do POL Interpretación 5. A normativa do POL en relación á lexislación vixente. LOUGA- NIL/AR 5.1. Figuras de desenvolvemento compatibles cos NIL 5.2. Figuras de desenvolvemento compatibles coas AR 5.3. Necesidade de revisión do planeamento xeral para a consecución dos seus obxectivos 6. Adaptación dos Plans Xerais. Casos reais concretos 6.1. Porto do Son 6.2. Marín 7. Fichas propostas 7.1. Ficha modelo 7.2. Exemplos concretos. Loira-Montecelo (NIL) e Punta do Couso (AR) 8. Bibliografía*

## 0 Introducción

O presente traballo desenvólvese como parte dos obradoiros do Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2012-13 da EGAP. Concretamente trátase do último obradoiro, MÓDULO V, que consiste na: *realización dun traballo que versará sobre un estudo e análise arredor dos problemas técnicos, teorías ou políticas aplicadas para o coñecemento ou actuación sobre unha materia daquelas que constitúen o obxecto dalgún dos contidos do programa..., e será proposto polo alumno.*

O programa do curso divídese en tres grandes bloques:

- módulo I: a escala territorial
- módulo II: o planeamento urbanístico
- módulo III: a execución urbanística

No primeiro módulo, a escala territorial, entre outras materias tratáronse os instrumentos de ordenación do territorio (IOT) da Comunidade Autónoma de Galicia. Concretamente e

de modo específico as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o Plan de Ordenación do Litoral (POL), aprobados ambos os dous no 2011 e vixentes na actualidade. Falouse nos dous casos, de maneira sucinta, dos Núcleos de Identidade do Litoral (NIL) e dos Ámbitos/ áreas de Recualificación (AR).

Este traballo empézase como unha pequena investigación acerca destes dous “termos”. NIL e AR son dous subtipos da caracterización de asentamentos do litoral galego que establece o POL e que xa se apuntaban nas DOT. Estudárase polo tanto a súa orixe nas DOT, o tratamento que se lles dá en ambos os dous instrumentos de ordenación do territorio (IOT), as implicacións urbanísticas derivadas deles e o grao de aplicación... ata acabar proponendo unha especie de “fichas de mínimos” que poidan servir de axuda, por un lado aos equipos redactores de planeamento como documento base co que afrontar casos similares, e polo outro á administración e aos propios equipos como documento de control ou indicador do seguimento do cumprimento das determinacións do POL en relación a NIL e AR.

Con este planteamento de traballo, fariase un certo “varrido” teórico-práctico polos principais contidos do curso, polo que se considerou axeitado e atractivo.

## 1 Planeamento en fervenza. Dos instrumentos de ordenación do territorio ao estudo de detalle

### 1.1 Contexto. Ordenación do territorio en España e en Galicia

As comunicacións previas son **actos xurídicos de particulares**, que sempre que reúnan todos os requisitos do art.24 da Lei 9/13 producen efectos (habilitan) desde o momento da súa presentación (*ab initio*). Deste xeito falar de silencio nas mesmas non parece de todo correcto, xa que a figura do silencio desde que se produce (*a posteriori*), xera efectos como se fose un acto administrativo expreso. En cambio, como dixemos con anterioridade, a comunicación previa despreza os seus efectos desde o momento inicial, e só despois perdería a súa eficacia, tras a intervención do Concello (por exemplo mediante requirimento de documentación ou tras a inspección).

Ao non ser actos administrativos, como dixemos, non podemos aplicar as disposicións dos mesmos, entre elas o silencio administrativo.

#### **O art.42.1 (Obriga de resolver) da Lei 30/92 expón:**

***“Exceptúanse da obriga, a que se refire o parágrafo primeiro, os supostos de remate do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á administración.”***

Polo tanto a comunicación previa non está suxeita á obriga de resolver e non é acreedora da aplicación da figura do silencio sobre a mesma.

### 2. Licenzas de obras, primeira ocupación, segregación, etc...

O art.195.5 da Louga di:

***“5. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. No caso de obras menores, o prazo será dun mes.***

***Transcorrido o devandito prazo sen terse comunicado ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43***



*e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”*

**Neste apartado a Louga debeu ser modificada pola Lei 9/13, xa que as obras menores agora van por comunicación previa e o Concello non ten o prazo de 1 mes para resolver a súa tramitación...**

**O art.148 do Borrador da Louga xa corrixe o anterior, suprimindo o relativo ás obras menores.**

Hai que relacionar este apartado nº5 co nº1 do mesmo art.195 da Louga:

*“1. As licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos.*

***En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou planeamento urbanístico.”***

**Polo tanto, malia transcorrer os 3 meses na tramitación da licenza, se a solicitude non é acorde coa normativa urbanística, este silencio positivo non producirá efecto ningún.**

Dentro da Lei 9/13 existen especificidades respecto ás actividades con incidencia ambiental e recreativas e de espectáculos públicos.

O art.36.2 establece para a declaración de incidencia ambiental:

***“2. A declaración de incidencia ambiental deberá ser emitida no prazo máximo de dous meses desde a presentación da solicitude. Se se supera o citado prazo, a declaración entenderase favorable, quedando a persoa solicitante vinculada polas medidas preventivas, correctoras e de restauración recollidas na memoria presentada coa solicitude.”***

Polo valor do ben protexido neste aspecto, a non emisión da declaración debería entenderse desfavorable, xa que polo xogo do art.43 da Lei 30/92 sería acredor dun silencio negativo. Unha actividade con incidencia ambiental non podemos obviar que está actuando fronte ao dominio público. O lexislador autonómico entendemos non estivo hábil neste aspecto e foi mesmo contra a formulación xeral estatal do silencio.

Por outro lado non podemos obviar que as memorias moitas veces son concisas, xenéricas e nada claras, así que o interesado quede vinculado polas medidas correctoras nelas rexistradas (se hai algunha...) crea unha inseguridade innecesaria nesta materia de tamaño calado.

O art.42.6 dispón para as licenzas de actividades recreativas e de espectáculos públicos:

***“A tramitación de solicitude de licenza non poderá exceder de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no concello, ata a resolución municipal, na que se comunican os requisitos e condicionantes técnicos. Transcorridos tres meses sen que o concello comunique a resolución ao interesado, entenderase que o proxecto presentado é correcto e válido a todos os efectos e poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.”***



Este art. redunda no xa recollido con carácter xeral na Louga no seu art.195.5.

### 3. Autorizacións (ocupación de dominio público)

Estes supostos de ocupación de dominio, xa sexa mediante a instalación de terrazas anexas a establecementos públicos, contedores para depositar elementos de obras, carpas, etc. precisan como ben indican os arts.86 e 92 da Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, do **título habilitante da autorización**.

E estas autorizacións participan do suposto do art.43 da Lei 30/92, pois **a non resolución de solicitudes que outorguen facultades sobre o dominio público entenderanse denegadas**. Podemos dicir que serían a excepción ao criterio xeral do silencio positivo que impera na normativa actual.

Vennos á mente un suposto:

Un interesado desexa realizar obras “*menores*” que requiren a ocupación de vía pública mediante unha estada para levalas a cabo.

As obras requirirían a presentación dunha comunicación previa, mentres que para a ocupación de dominio público é preceptiva a autorización por parte do Concello.

Polo tanto o interesado como primeiro paso debería presentar solicitude de autorización ante o Concello e unha vez obtida, presentar esta coa Comunicación Previa e o resto de documentación necesaria.

Aínda que os Concellos poden establecer procedementos en que ambas as dúas figuras vaian á par no mesmo modelo de Comunicación Previa, ou outro tipo de solucións baseadas no principio de economía procesal para axilizar a tramitación.

Actualmente existe tal complexidade respecto ás actuacións que levan consigo silencio positivo ou negativo, que as Comunidades Autónomas están regulando mediante Lei todos os posibles supostos e para iso traemos a conto, simplemente a modo de curiosidade, a **Lei 7/2013, de 21 de novembro, de adecuación de procedementos administrativos e reguladora do réxime xeral da declaración responsable e comunicación previa de Castela a Mancha**, que no seu Anexo I recolle todas as posibles actuacións, prazos e efectos do silencio.

## 9 Inaplicación do Plan “Emprende en 3” nos Concellos de Galicia?

O Plan Emprende en 3 naceu para dar viabilidade á Lei 12/12 de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que estableceu a regulación a nivel estatal da tramitación das actividades “*inocuas*” que figuraban no seu Anexo.

A entrada en vigor da recente Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, fai inviable a aplicación do Plan en todos os Concellos de Galicia, xa que



esta normativa fai imposible tanto o cumprimento das condicións de uso, como incluso o mesmo documento de adhesión que asinan os Entes Locais.

A razón desta inaplicación é a instauración por parte da Lei 9/2013 da figura da **Comunicación Previa**, como única vía para a tramitación das actividades inocuas, mentres que o Plan Emprende en 3 establecía a Declaración Responsable.

A distinción entre ambas as dúas figuras foi realizada con brillantez por Razquin Lizarraga e Carlos Pérez González. Este último expón, ao noso modo de ver con acerto no seu artigo “*O novo réxime de intervención administrativa nas entidades locais de Galicia, tras a transposición da Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no Mercado Interior*”, a diferenciación e caracterización das figuras da Declaración Responsable e da Comunicación Previa:

*“A Lei nº 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, define no art. 3.º, o que se entende por “declaración responsable”:*

*“O documento subscrito pola persoa titular dunha actividade empresarial ou profesional no que declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a súa vixencia”.*

*Así pois, a citada definición nin sequera esixe que se presente un certificado técnico de cumprimento da normativa de aplicación, se ben a nivel de ordenanza municipal e no desenvolvemento a lexislación estatal básica, nada impide que se estableza esta esixencia documental mínima, considerando que facilitaríala o control a posteriori.*

*Paradoxalmente a citada Lei nº 17/2009, non define o concepto de “comunicación previa” nas definicións contidas no art. 3º, aínda que o cita permanentemente, sendo este o acto mediante o que o prestador de servizos comunica á administración a súa intención de iniciar unha determinada actividade de prestación de servizos. Esta omisión vese paliada ao introducir a súa definición no ordenamento xurídico estatal o art. 71 bis.2º da Lei nº 30/1992, de 26 de novembro, na redacción outorgada pola Lei nº 25/2009, ao dispoñer:*

*“Aos efectos desta Lei, entenderase por comunicación previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1”.*

*Esa definición máis aberta do concepto de “comunicación previa”, vai ser o que permita articular na práctica, unha maior achega de documentación polo interesado. Este requisito parece de máis difícil esixencia na “declaración responsable”, onde o titular da actividade “declara baixo a súa responsabilidade” (art. 3.º Lei 17/2009).”*

A Lei 12/2012 parece non establecer ningún tipo de diferenciación de ambas as dúas figuras a teor do artigo 4 da mesma e do resto do articulado, remitindo ao artigo 71.bis da Lei 30/92 respecto á comunicación previa, pero nada di expresamente sobre a declaración responsable, co que volvemos a remitirnos ao exposto por Razquin e Pérez.

Aínda que existen evidencias na Lei 12/12, de que estamos ante 2 figuras diferentes. Concretamente o artigo 3.2. di:

**“2. Tampouco están suxeitos a licenza os cambios de titularidade das actividades comerciais e de servizos. Nestes casos será esixible comunicación previa á administración competente aos sos efectos informativos.”**

Polo tanto os cambios de titularidade están reservados á Comunicación Previa, non sendo posible a súa tramitación mediante Declaración Responsable.

A definición, características e documentación a achegar na Comunidade Autónoma Galega coa comunicación previa, vén regulado polo artigo 24 da nova Lei 9/2013:

*“Artigo 24. Comunicación previa*

1. *Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, no seu caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/las interesados/las presentarán ante o concello respectivo **comunicación previa na que porán en coñecemento da administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:***
  - a) *Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.*
  - b) *Xustificante de pagamento dos tributos municipais.*
  - c) *Declaración de que se cumpre con todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.*
  - d) *Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación.*
  - e) *A autorización ou declaración ambiental que proceda.*
  - f) *As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os requisitos necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.*
  - g) *No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na presente lei.”*

A Disposición adicional primeira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos deixaba a porta aberta para a unificación e uniformidade tanto de modelos como de ordenanzas mediante a cooperación das distintas entidades administrativas.

*“Disposición adicional primera: Accións de colaboración coas administracións públicas*

1. *O Estado promoverá coa asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación a **elaboración dun modelo tipo de declaración respon-***

**sable e de comunicación previa, aos efectos previstos no Título I desta Lei, podendo convir as accións de colaboración que se estimen oportunas.**

2. *Así mesmo, no marco do Comité para a Mellora da Regulación das actividades de servizos, as administracións públicas cooperarán para promover a elaboración dunha ordenanza tipo en materia de actos de control e intervención municipal que terá en conta o contido do Título I desta Lei en relación coa actividade de comercio minorista.*”

Vemos como a disposición adicional previa a elaboración dun modelo tipo de declaración responsable e de comunicación previa, mais porén só o realizou no Plan Emprende en 3 respecto á primeira, deixando sen modelo tipo á comunicación previa.

Recentemente as condicións de uso da Plataforma víronse modificadas pola **Resolución de 20 de xaneiro de 2014**, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, que modifica a de 31 de maio de 2013, pola que se establecen as condicións de uso da Plataforma Electrónica de intercambio de información denominada «Emprende en 3».

A FEMP fíxose eco da citada resolución e publicou a circular 2/2014 que ten como asunto: **Todos os modelos de declaración responsable autonómicos poden incorporarse á Plataforma Emprende en 3.**

Traemos a conto os epígrafes actuais, tras a citada modificación, tanto do documento de adhesión como das condicións de uso do “*Emprende en 3*”, que non poden levarse a cabo pola contraposición citada coa actual normativa.

### **Documento de adhesión dos Entes Locais**

1. *Aceptar e empregar o modelo de declaración responsable adxunto como anexo a estas «condicións de uso», de conformidade coas previsións da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de Medidas Urxentes de Liberalización do Comercio e de Determinados Servizos, así como as súas sucesivas modificacións. **No caso de que de acordo co establecido na disposición adicional décima da citada Lei, exista un modelo de declaración responsable específico e aprobado pola normativa autonómica correspondente, este será incluído na plataforma electrónica «Emprende en 3».***
2. *Non solicitará ningunha outra documentación que a mencionada no apartado*
3. *Adaptar a súa normativa propia ao novo marco xurídico establecidos pola Lei 12/2012, a cuxo efecto se porá á súa disposición a Ordenanza Tipo prevista e adoptada de acordo coa disposición adicional primeira número 2 da mesma, así como ás súas sucesivas modificacións.*

## Anexo

### Condicións de uso da plataforma electrónica «Emprende en 3»

*As entidades locais ás que se refire o artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, comprométense a observar as seguintes condicións de uso da pla-*

*taforma electrónica de intercambio de información prevista no proxecto de simplificación administrativa «Emprende en 3», aprobado por Acordo de Consello de Ministros de 24 de maio de 2013:*

1. *Aceptar e empregar o modelo de declaración responsable adxunto como anexo a estas «condicións de uso», de conformidade coas previsións das Leis 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos e, así como as súas sucesivas modificacións.*
2. *Non solicitar ningunha outra documentación que a mencionada no apartado anterior deste documento.*
3. ***Adaptar a súa normativa propia ao novo marco xurídico establecidos pola Lei 12/2012 a cuxo efecto se porá á súa disposición a Ordenanza Tipo prevista e adoptada de acordo coa disposición adicional primeira número 2 da mesma, así como ás súas sucesivas modificacións.***

O artigo 4 da Lei 12/12 parece establecer a Declaración Responsable como medida principal para a tramitación das actividades “inocuas”, sendo subsidiaria a Comunicación Previa. Tese que parece advenir o desenvolvemento realizado polo Plan Emprende en 3.

Porén a lexislación galega non só inverteu a orde de ambas as dúas figuras, senón que directamente desbotou a Declaración Responsable, aínda que a Disposición Final Sexta da Lei 9/13 deixa aberta a posibilidade da súa instauración a través do desenvolvemento regulamentario exposto con anterioridade no epígrafe V.

Esta habilitación normativa faculta a que eo futuro Regulamento que aprobe a Xunta de Galicia poida incorporar a declaración responsable como figura de tramitación, aínda que non debemos obviar que os regulamentos son desenvolvemento de leis, e a nova lei non recolle por ningunha parte a declaración responsable. De recollela o Regulamento, poderíamos estar ante a problemática de que non teña nin lexitimación nin cobertura xurídica para poder levalo a cabo.

Por outro lado fáculase ao Conselleiro de Economía e Industria a aprobar un modelo de comunicación previa por Orde, pero non de Declaración Responsable.

Por estes motivos faise sumamente complexa a aplicación do Plan Emprende en 3 en Galicia, xa que a nova regulación instaurada pola Lei 9/13 contraponse de raíz coa mesma.

O afán unificador e uniformador do lexislador estatal vólvese topar coa normativa aprobada polas diversas Comunidades Autónomas no ámbito das súas competencias.

A lei 9/13 non contradi a Lei 12/12, mais si a Resolución da Secretaría de Estado das Administracións Públicas que a desenvolve.

Isto fai pensar que o desenvolvemento normativo levado a cabo carece dunha boa técnica lexislativa, pois a opción entre dúas figuras diferentes, establecida pola Lei estatal, converxe nunha única proposta (a de declaración responsable) pola Resolución.

A pregunta xorde sobre que pasará cos Concellos Galegos que subscribiran o convenio de adhesión, o cal vincúalos xuridicamente coas condicións alí estipuladas.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Entendemos que en base aos principios “*rebus sic stantibus*” e “*pacta sunt servanda*”, os Concellos galegos asinantes estarían en disposición de aplicar estas excepcións ao negocio xurídico suscrito.

Consultada a Consellería de Economía e Industria, está en tramitación a adaptación da Comunicación Previa regulada na Lei 9/13 á Plataforma, para poder dar viabilidade á tramitación electrónica en todo o ámbito estatal, xa que como dixemos a día de hoxe esta só recolle o modelo de Declaración Responsable. Deste modo parece clara a intención de integrar todos os modelos que poidan establecer as Comunidades Autónomas á Plataforma estatal e dar así uniformidade a este ámbito.

## Bibliografía

<http://www.cmati.xunta.es/medio-ambiente-e-sostibilidade>

[http://www.seap.minhap.gob.es/es/servizos/emprende\\_en\\_3.html](http://www.seap.minhap.gob.es/es/servizos/emprende_en_3.html)

AAVV “La ordenación de las actividades de servicios: comentarios a la Ley 17/2009, de 23 de noviembre”, Dir. DE LA QUADRA-SALCEDO FERNÁNDEZ DEL CASTILLO, T. Aranzadi, Madrid, 2010.

AAVV “El impacto de la Directiva de Servicios en las Administraciones Públicas: Aspectos generales y sectoriales”. Dir. AUGADO i CUDOLA, V. e NOGUERA DE LA MUELA, B. Atelier, Madrid, 2012.

CHOLBI CACHÁ, MERINO MOLLINS, “Comentario crítico sobre la directiva de Servicios e de las leyes 17 y 25/2009 en aplicación de la misma: especial incidencia en el ámbito de las licencias urbanísticas y de actividad”.

MUÑOZ MACHADO, S. “Las transformaciones del régimen jurídico de las autorizaciones administrativas”, Revista Española de la Función Consultiva 17, núm. 14, xullo-decembro, 2010.

NOGUEIRA LÓPEZ, ALBA, “¿Reactivación económica o pretexto desregulador? Cambios en el control del acceso y ejercicio de actividades económicas y crisis”.

PAREJO ALFONSO L. “Acceso al mercado: incidencia de la directiva de servicios” Noticias de la Unión Europea, Nº 317, Sección Estudios y notas, Editorial Wolters Kluwer España. Xuño 2011.

PÉREZ GONZÁLEZ, CARLOS, “O novo réxime de intervención administrativa nas Entidades Locais de Galicia, tras a transposición de Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no Mercado Interior”.

PONCE SOLÉ, J., “¿Mellores normas?: Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, calidade regulamentaria e control xudicial”, Revista de Administración Pública nº 180, setembro-décembro 2009, pp. 217-218.

RAZQUIN LIZARRAGA, "De la intervención administrativa previa al control a posteriori: la reforma del procedimiento administrativo común a consecuencia de la directiva de servicios", Revista Aranzadi Doctrinal, nº 2, maio 2010, pp. 127-128.

RIVERA ORTEGA, R.: "La transposición de la directiva de servicios: panorámica general y balance de su transposición en España". Noticias de la Unión Europea, Nº 317, Sección Estudios y notas, Editorial Wolters Kluwer España. Xuño 2011.

VILLAREJO GALENDE, H. "Licencias comerciales: su persistencia tras la Directiva de Servicios". Liberalización del Comercio Interior., nº 868. ICE. Setembro-Outubro 2012.

regap



ESTUDIOS E NOTAS





# Panorama de Galicia: a instrucción técnica de planeamento e outros debates

Panorama de Galicia: la instrucción técnica de planeamiento y otros debates

Panorama of Galicia: the technical instruction of planning and other debates

46  
Regap

MIGUEL REIMÚNDEZ GONZÁLEZ

Arquitecto (España)  
miguelrey@coag.es

Recibido: 16/05/2012 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

**Resumo:** *Se a debilidade histórica do sistema urbano e da política urbanística, como resposta ao proceso de urbanización, foi determinante na definición das nosas estruturas urbanas, a actual debilidade da dinámica inmobiliaria é unha boa oportunidade para debater a introdución de novos instrumentos cos que abordar as necesidades económicas e ambientais do territorio. O artigo propón unha análise de como a planificación urbanística na segunda metade do século XX influíu na construción dos espazos urbanos contemporáneos, para logo abordar a necesaria incorporación de instrumentos menos ríxidos, máis axustados á capacidade de xestión administrativa e orientados a abordar os retos estruturais formulados hai máis de dúas décadas: a revitalización das cidades, a organización dos espazos periurbanos e a integración duns e outros.*

**Palabras clave:** *debilidade urbana, conxestión, dispersión, planificación territorial, crise.*

**Resumen:** *Si la debilidad histórica del sistema urbano y de la política urbanística, como respuesta al proceso de urbanización, fue determinante en la definición de nuestras estructuras urbanas, la actual debilidad de la dinámica inmobiliaria es una buena oportunidad para debatir la introducción de nuevos instrumentos con los que abordar las necesidades económicas y ambientales del territorio. El artículo propone un análisis de como la planificación urbanística en la segunda mitad del siglo XX influyó en la construcción de los espacios urbanos contemporáneos, para luego abordar la necesaria incorporación de instrumentos menos rígidos, más ajustados a la capacidad de gestión administrativa y orientados a abordar los retos estructurales formulados hace más de dos décadas: la revitalización de las ciudades, la organización de los espacios periurbanos y la integración de unos y otros.*

**Palabras clave:** *debilidad urbana, congestión, dispersión, planificación territorial, crisis.*

**Abstract:** *The answer that historical weakness of urban Galician system and town planning policies gave to the urbanization process has been very important for the definition of our urban structures. The present weakness of these dynamics gives us a good opportunity to debate the introduction of new instruments in order to confront the economic and environmental needs of urbanized territory. The article analyses how urban planning policies have influenced on*

*the construction of our urban contemporary spaces during the second half of twentieth century. Afterwards, it proposes what kind of new instruments we need to face the structural challenges formulated more than two decades ago and not solved yet, such as the recuperation of the neighbourhoods of the city centre, the organization of the outskirts and the integration between ones and others.*

**Key words:** *urban weakness, congestion, sprawl, territorial planning, crisis.*

**Índice:** *Introdución. 1. O proceso de urbanización en Galicia. 1.1. A debilidade histórica do sistema urbano. 1.2. A evolución do planeamento. 1.2.1. Os plans anteriores á Democracia. 1.2.2. A inflexión dos anos oitenta. 1.2.3. Os planeamentos adaptados á LOUG. 1.2.4. O réxime transitorio da LOUG. 2. O territorio urbano herdado. 2.1. A produción de solo urbano. 2.2. A produción de vivenda. 2.3. A produción de infraestruturas de transporte. 3. Os instrumentos de intervención no solo urbano. 3.1. Os programas de rehabilitación. 3.2. Os proxectos urbanos. 3.3. Os instrumentos de intervención na cidade difusa. 3.4. A ausencia de ordenación supramunicipal. 3.5. A debilidade do planeamento territorial. 4. Conclusións. 5. Unha proposta de instrucións técnicas de planeamento. 5.1. Réxime de aplicación. 5.2. Instrucións de carácter xeral. 5.3. Estrutura documental. 5.4. Glosario de termos. Bibliografía.*

## Introdución

En xaneiro de 2012, na sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela, celebrouse a xuntanza anual da Unión de Agrupacións de Arquitectos Urbanistas. Na primeira xornada presentáronse catro propostas: o Proxecto Terra<sup>1</sup>, A Cidade dos Barrios<sup>2</sup>, unha Instrución Técnica de Planeamento<sup>3</sup> e o Plan Base (UIA-CIMES)<sup>4</sup>: un programa educativo, un proxecto de urbanismo participado, unha proposta de sistematización na elaboración do planeamento e unha metodoloxía para a planificación das cidades medias.

Ningunha das catro propostas presentadas e debatidas neste encontro eran plans. Casualidade ou non, esta circunstancia dá pé a cuestionar se as ferramentas empregadas hoxe en día pola planificación urbanística, herdadas da lexislación do solo estatal de 1956, son as máis axeitadas para abordar problemáticas como a participación pública na elaboración dos plans ou a toma de decisións estratéxicas nunha cidade media; en definitiva, se o sistema de planificación empregado desde hai máis de 50 anos é o máis axeitado á hora de dar respostas ás problemáticas actuais dos territorios urbanos.

O anuncio da Xunta de Galicia de marzo do ano 2012 de buscar un consenso político en torno a unha nova lei do solo que substitúa á anterior, co fin de facela máis concisa e sinxela e facilitar así a tramitación e aprobación dos documentos de ordenación municipal, confirma a pertinencia deste debate.

Este artigo, resposta a un encargo da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente do COAG, tenta achegar unha reflexión sobre algúns dos trazos que condicionan a eficiencia das ferramentas empregadas na planificación urbanística do territorio galego. Entendendo que os espazos rústicos contan xa cun sistema de ordenación moi taxado desde as diferentes políticas sectoriais (augas, costas, montes, ...), o ámbito transcendente para a análise dos actuais instrumentos de planificación debería ser, fundamentalmente, o conxunto dos espazos urbanizados, e máis concretamente, os lugares nos que as problemáticas xeradas polos procesos de extensión da urbanización son máis relevantes: as cidades e os seus territorios periurbanos.

---

1 <http://proxectoterra.coag.es>

2 <http://www.acidadedodosbarrios.org>

3 Proposta do COAG á Xunta de Galicia realizada en decembro de 2011 que se describe no anexo I deste artigo.

4 <http://www.ceut.udl.cat/ciutats-mitjanes-i-intermedies/>

Nunha primeira parte do artigo analízase a evolución da relación entre as políticas urbanísticas e a cidade que estas produciron, sobre a base do singular sistema territorial preexistente, co fin de identificar algunha das trazas que resultaron máis decisivas na conformación dos espazos urbanizados na actualidade.

No segundo capítulo preséntase unha análise dalgunha das particularidades que caracterizaron a dinámica de construción do territorio galego no contexto español nos últimos anos.

Nunha terceira parte realízase unha diagnose dalgúns dos instrumentos cos que contamos para intervir na cidade difusa e consolidada, en relación cos retos e problemáticas que sería necesario abordar no futuro.

Despois de expor unha serie de conclusións sobre a idoneidade do actual sistema de planificación, explícase brevemente o contido da proposta de instrución técnica de planeamento recentemente presentada polo COAG á Xunta de Galicia, cuxa implantación é un mecanismo necesario á hora de mellorar os procesos de redacción e tramitación dos plans.

## 1 O proceso de urbanización en Galicia

Os espazos urbanos galegos son produto tanto do carácter das forzas de tipo económico, social e político que entraron en liza na súa conformación, especialmente a partires da segunda metade do século pasado, como da resposta dada desde a planificación urbanística á presión urbanizadora, condicionada nos seus efectos por unha peculiar estrutura de asentamentos.

Entre as razóns da dificultade para reconducir, desde o planeamento, os procesos económicos a través de criterios de racionalidade económica e ambiental, áchase a persistencia de estruturas económicas, políticas e sociais propias do Antigo Réxime ata ben entrado o século XX, que provocou que o despegue económico da segunda metade do século pasado provocara a urbanización do medio rural en vez de supoñer, como noutros lugares, a desruralización demográfica<sup>5</sup>.

Nun contexto de presión para a deslocalización da poboación e das actividades polo conxunto do territorio, a grande extensión do fenómeno da periurbanización en Galicia ten moito que ver a feble capacidade de acollida das estruturas urbanas preexistentes, que non permitiu ás cidades polarizar o desenvolvemento urbano máis aló dos anos 80 do pasado século, pero tamén é consecuencia do carácter da resposta dada a ditas problemáticas, primeiro feble desde as cidades, e despois multiplicadora desde a periferia.

### 1.1 A debilidade histórica do sistema urbano

A debilidade histórica do sistema urbano, complementaria da fortaleza das estruturas rurais dominantes, está na raíz da actual configuración dos nosos espazos urbanizados.

5 GONZÁLEZ FRANCO, D. "A evolución do modelo territorial en Galicia. Unha interpretación económica e espacial". *Revista Galega de Administración Pública*, núm. 41, 2011, páx. 537 GONZÁLEZ FRANCO, D. "A evolución do modelo territorial en Galicia. Unha interpretación económica e espacial". *Revista Galega de Administración Pública*, núm. 41, 2011, páx. 537.

As cidades e vilas galegas son herdeiras do cativo peso histórico dos núcleos urbanos<sup>6</sup> no conxunto do sistema de asentamentos: en 1900 os 29 núcleos que contaban con máis de 2.000 habitantes acollían só un 9% da poboación total. En 1950 a poboación urbana representaba apenas o 22% do total galego.

Por outra banda, as áreas hoxe en día máis urbanizadas<sup>7</sup> foron historicamente as máis densamente poboadas: en 1950, sobre este territorio, que supón tan só o 10,9% da superficie de Galicia, antes de que se iniciase o proceso de urbanización da segunda metade do século XX, xa vivía o 42,8% da poboación, feito que matiza a idea do desprazamento demográfico leste-oeste como feito “fundacional” do sistema urbano galego contemporáneo. Por outra banda esta concentración demográfica era aínda daquela produto máis da densidade do poboamento rural que da importancia dos núcleos urbanos, que só acollían naqueles tempos un terzo da poboación total destes ámbitos.

## 1.2 A evolución do planeamento

### 1.2.1 Os plans anteriores á democracia

Esta debilidade do fenómeno urbano tamén implica que as sete cidades se construíran ata a metade do século XX sobre unha estrutura herdada do medievo, á que se lle engadiron puntuais operacións de ensanche e cidade xardín deseñados a finais do século XIX e primeiros do XX.

Os primeiros proxectos urbanísticos de ordenación integral das cidades en Ferrol (Antonio Rey Pedreira-1930), Vigo (Antonio Palacios-1932) e A Coruña (César Cort-1945), fórmuláronse moi tarde e foron substituídos en poucos anos por plans de aliñacións e ensanche (Vigo-1937, Ferrol-1940 e A Coruña-1949), sen dar tempo á materialización da meirande parte das súas principais propostas estruturantes (avenidas, grandes dotacións deportivas e de lecer, estacións, parques...).

Con estes plans de aliñacións e ensanche abandónase o criterio global de Cidade Planificada<sup>8</sup>, ao tempo que se orienta a presión inmobiliaria, vía ordenanzas, cara a substitución do tecido histórico, permitindo maiores alturas nos barrios de traza medieval, nos ensanches do XIX e o XX e nas principais vías de acceso. Ademais prevese a substitución de usos extensivos (colexios, instalacións militares e industriais) por usos en altura<sup>9</sup>, sendo o xermos dos espazos hoxe en día máis densos e conxestionados do sistema urbano galego. (cadro 1), acadando, no caso da Agra do Orzán, na Coruña, densidades próximas aos 1.000 habitantes/ha<sup>10</sup>.

---

6 TORRES LUNA, M.P. *Xeografía de Galicia. Tomo II*, primeira edición, A Coruña, Edicións Boreal, 1985, pp 281-285.

7 A efectos de aproximación estatística e de estudo da evolución do planeamento, consideramos as áreas máis urbanizadas como as correspondentes aos territorios dos municipios costeiros das rías de Vigo, Pontevedra, Arousa, A Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol, máis Santiago, Ames, Teo, Vedra e Boqueixón na área de Santiago, Lugo, Ourense e os seus municipios limítrofes, e Arteixo.

8 CASTELO ÁLVAREZ, B.: *Ferrol: morfoloxía urbana e arquitectura civil, 1900-1940*, primeira edición, A Coruña, Universidade da Coruña, 2000, p 493.

9 PRECEDO LEDO, A. *A Coruña: Metrópole Rexional*, primeira edición, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 1990, p. 355.

10 PRECEDO LEDO, A. (op cit.), p. 355.

Cadro 1. Exemplos de barrios xurdidos dos plans de aliñacións nas sete cidades galegas

Cidade	Barrio	Superficie (ha)	Vivendas	Densidade (viv./ha)
Ferrol	Inferniño	13,86	2.559	185
A Coruña	Agra do Orzán	19,85	5.117	257
Santiago	Ensanche	37,46	4.751	127
Lugo	Milagrosa	16,90	2.170	128
Ourense	O Couto	46,29	5.985	129
Pontevedra	Ensanche	25,73	3.676	142
Vigo	Camelias	30,05	4.393	146

Fonte: Oficina Virtual do Catastro e Observatorio da Vulnerabilidade Urbana en España. Elaboración propia

Os primeiros plans xerais das cidades<sup>11</sup> aprobados ao abeiro da Lei do Solo de 1956 vanse apoiar na asunción acrítica, mesmo intensificando as densidades previstas, dos plans de aliñacións e ensanche formulados nas décadas anteriores<sup>12</sup>, propoñendo unha estrutura urbana de raíz fundamentalmente viaria, zonificando os usos en solo urbano e urbanizable sen atender ás preexistencias tipolóxicas e patrimoniais e confiando a xeración dunha verdadeira estrutura urbana ao cumprimento dos estándares esixidos pola lei do 56 para o desenvolvemento dos solos urbanizables.

A vixencia destes plans non suporá, sen embargo, a vixencia dos novos vieiros xurídicos obrigatorios<sup>13</sup>. A insuficiencia da administración municipal, fará practicamente inviable a tarefa de desenvolver procesos integrais de xestión e urbanización de solo nas cidades durante tres décadas.

Sen embargo, esta oferta de solo urbanizado de promoción pública vai resultar escasa para a demanda existente nestas décadas. Isto vai forzar a proliferación de operacións de parcelación en solo rústico sobre as que auto-promover vivenda unifamiliar, coa única premisa de contar cun acceso rodado e apoiándose nunha interpretación laxa do tamaño da parcela mínima edificable establecida na lexislación agraria e a complicidade e/ou incapacidade de control do territorio por parte da administración municipal<sup>14</sup>. O exemplo se cadra máis evidente para ilustrar a insuficiencia do modelo contido nestes plans, á hora de dar unha axeitada resposta ás demandas de solo e vivenda, é Vigo. O plan xeral de ordenación do ano 1972 fixaba como horizonte unha poboación total de 591.186 habitantes, concentrando un 92% desta capacidade nos espazos urbanos consolidados e o resto nos espazos periurbanos. Vinte anos despois a poboación total de Vigo era só de 276.398 habitantes,

11 PXOU Pontevedra (1953), Ferrol (1961), Ourense (1961), Santiago (1965), A Coruña (1967), Lugo (1969) e Vigo (1972).

12 No PXOU da Coruña, por exemplo, as liñas de edificación previstas polo Plan de Aliñacións de 1948 rexen mesmo sobre as bolsas de solo urbanizable, a densidade en solo urbano aumenta un 50% polo cambio da altura límite da edificación dun parámetro igual ao largo da rúa a unha vez e media esta dimensión.

13 PEREIRO ALONSO, J. R., *Desenvolvemento e deterioración urbana da cidade de Vigo*, primeira edición, Santiago de Compostela, COAG, 1981, p 341.

14 SOUTO GONZÁLEZ, J. M., *Vigo: proxecto e realidade do medio periurbano*, primeira edición, Vigo, Concello de Vigo, 1994.

dos que un 62,4% vivían na cidade consolidada e o resto, un 37,6%<sup>15</sup> nos espazos periurbanos, que medraran neste período a un ritmo dúas veces superior

Polo tanto, a resposta á maior presión demográfica e inmobiliaria que as cidades galegas sufriron na súa historia deuse, en boa medida, a través da intensificación do aproveitamento dos solos urbanizados previamente, pola urbanización de iniciativa pública e, ante a insuficiencia desta oferta en termos espaciais e sociais, da auto-promoción de vivendas unifamiliares en solo rústico.

Así a cidade de principios dos oitenta é un ente bipolar, desestruturado e infradotado: por unha banda uns barrios densos e conxestionados, pola outra unha periferia urbana sen máis soporte que a estrutura viaria herdada dun territorio rural xa desactivado. A excepción a esta regra van ser os polígonos desenvolvidos polo Estado ao abeiro do I Plan Nacional de Vivienda 1961-1976, que, polo seu tamaño e ao ser pezas xeradas desde o cumprimento dos parámetros dotacionais da Lei do 56, van perdurar ata a actualidade como os barrios mellor dotados das cidades.

### 1.2.2 A inflexión dos anos oitenta

No ano 1989, o número 81-82 da revista *Ciudad y Territorio* facía un balance da evolución do planeamento urbanístico en España desde finais dos anos 60, adiantando unha fase de decadencia e obsolescencia física das cidades e unha dispersión da poboación e a actividade polo territorio, como xa acontecera nos espazos urbanos europeos máis industrializados. Nesta tesitura sinalaba tres retos para a urbanística dos anos 90: a recualificación e revitalización dos núcleos urbanos, organización dos espazos periurbanos das cidades e a articulación dos espazos consolidados cos espazos periurbanos. Fronte á insuficiencia da ferramenta do deseño urbano para abordar estes retos, requiría a implantación de instrumentos de intervención simultánea no eido social e físico da cidade e figuras de planeamento urbanístico de ámbito supramunicipal<sup>16</sup>.

Na data de publicación deste artigo aprobáranse, ou estaban a piques de aprobarse, os primeiros plans das sete cidades galegas no período democrático. A diagnose case unánime que estes documentos facían sobre o desenvolvemento dos plans anteriores<sup>17</sup>, non pode ser máis negativa: plans deficientes tecnicamente, que requiriron de sucesivas modificacións puntuais, de xestión moi difícil e, en moitos casos, con propostas de desenvolvemento que non eran admisibles socialmente.

Partindo desta diagnose, estes novos plans van formular modelos de contención da urbanización que, por vez primeira, volven a súa mirada á cidade existente, abordando os conflitos xerados por tres décadas de ausencia case total de xestión urbanística. Fan explícito o obxectivo de dotar á cidade dunha estrutura urbana rica, de focalizar a xestión

---

15 EQUIPO TAULA, "Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1986 de adaptación da do solo a Galicia. Ámbito exterior do núcleo central", PXOU Vigo, Vigo, Concello de Vigo, 1993, p.3.

16 DE TERÁN, FERNANDO, "Veinte años de teoría y práctica", *Ciudad y Territorio n.º 81-82*, Madrid, Instituto Nacional de Administración Pública, 1989, p. 17.


17 Especialmente contundente resulta o documento de revisión do PXOM de Ferrol de 1983: ... *se para o conxunto dos municipios do Estado é xeneralizable a aseveración dunha herdanza do planeamento tecnicamente pouco útil, socialmente inadmisibile e de gran dificultad de xestión, Ferrol queda definido certeramente entre esa xeneralidade de municipios*. OFICINA DE PLANEAMENTO SA, *Documento de revisión do PXOM de Ferrol*, Ferrol, Concello de Ferrol, 1983, p. 4 da memoria.

do planeamento na resolución dos conflitos urbanos, de poñer en cuestión os horizontes desarrollistas dos planeamentos anteriores, e de atender, por primeira vez, á posta en valor das preexistencias históricas, culturais e ambientais das cidades e a súa contorna.

Esta aposta, en ausencia de figuras de planeamento de ámbito supramunicipal que a fixeran transcender máis aló dos propios límites municipais, bateu coa posta no mercado dunha grande superficie de solo urbano nos municipios periféricos, proxectada desde a lóxica puramente local e instrumentada a través da aprobación, para moitos deles, do que foron as súas primeiras figuras de planeamento municipal.

Se no ano 1974 tan só 23 municipios galegos contaban con instrumentos de ordenación urbanística<sup>18</sup>, esta situación vai mudar rapidamente: nos seguintes 16 anos un total de 137 concellos vanse dotar por primeira vez dunha figura de planeamento municipal, entre eles a práctica totalidade dos situados nas áreas hoxe máis urbanizadas, coa excepción dos municipios do Salnés e Bergondo (gráficos 1 e 2).

Gráfico 1. Cobertura do planeamento urbanístico nos municipios galegos en 1974 (esquerda) e 1990 (dereita). En amarelo os municipios con figuras de DSU




Fontes: *Ciudad y Territorio* 2/1974. Páxina web de planeamento da Xunta de Galicia. Elaboración propia

Este proceso vaise artellar fundamentalmente sobre a aprobación de figuras de escasa complexidade técnica, Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e Delimitacións de Solo Urbano, que perseguen fundamentalmente delimitar solo urbano e de núcleo rural onde exercer plenamente as competencias urbanísticas das administracións locais por medio da concesión de licencias de edificación, ao tempo que dan cobertura aos desenvolvementos periféricos producidos anteriormente, sobre as estruturas rurais, ao marxe do planeamento urbanístico. Esta febre planificadora vaise prolongar ata o 30 de xuño de 2003, data na que

18 MARTINEZ SARANDESES, J. HERRERO MOLINA, M.A. GARCÍA PABLOS RIPOLL, J. M., "La ordenación urbana en España: Balance de dieciséis años de aplicación de la Ley del suelo", *Ciudad y Territorio* n.º 2/1974, Madrid, Ministerio de Administraciones Públicas, 1974, p 36-56.


remata o período previsto para aprobar definitivamente figuras de planeamento municipal ao abeiro da Lei do Solo de Galicia (Lei 1/1997).

Gráfico 2. Evolución do n.º de municipios dotados de planeamento urbanístico



Fonte: Páxina web de planeamento da Xunta de Galicia. Elaboración propia

Gráfico 3. Evolución da distribución da poboación galega 1950-2011



Fonte: Ine. Elaboración propia



Así, a demanda de fogares das cohortes demográficas máis amplas nadas entre 1965 e 1975, a partires dos principios dos 90 vai contar cunha oferta máis alcanzable nos municipios periféricos das cidades. Sobre esta premisa a dinámica demográfica vai rotar 180°: de producirse, nun primeiro momento, desde as zonas rurais cara as cidades, vaise orientar nas últimas décadas cara a periferia das áreas urbanas. As sete cidades (coa excepción de Vigo) van decaer en termos demográficos a partires do ano 1991 en beneficio do resto dos municipios (gráfico 3).

### 1.2.3 Os planeamentos adaptados á LOUG

A finais de 2011, o 85,76% do territorio e un 85,69% dos municipios contaban cunha ordenación urbanística propia. Sen embargo, a meirande parte, equivalente a un 66,34% do territorio do 68,23% dos municipios, estaba ordenado por instrumentos de planeamento xeral non adaptados á lexislación vixente (cadro 2).

Cadro 2. Cobertura do planeamento municipal en Galicia

Marco de redacción		Figura	N.º de municipios	% municipios	Superficie ordenada (km²)	Superficie ordenada (%)
Municipios con planeamento adaptado á LOUG		pxom	55	17,46	4.807,42	16,26
Municipios con planeamento non adaptado á LOUG	Adaptado á Lei do Solo de Galicia	pxom	66	20,95	5.369,65	18,16
		pomr	9	2,85	462,17	1,56
		total	75	23,80	5.831,82	19,72
	Non adaptado á Lei do Solo de Galicia	pxou	12	3,80	953,55	3,23
		nsp	109	34,60	11.150,71	37,72
		dsu	19	6,03	1.967,00	6,65
		total	140	44,43	13.783,85	46,62
Municipios sen planeamento municipal (normas provinciais)			39	12,38	4.209,08	14,24
Municipios co planeamento suspendido (normas provisionais)			6	1,93	639,79	2,16


Fonte: Secretaría Xeral de Urbanismo, Xunta de Galicia. Elaboración propia



regap



ESTUDIOS E NOTAS

Gráfico 4. Municipios co planeamento adaptado á LOUG





#### 1.2.4 O réxime transitorio da LOUG

Sobre o territorio galego conflúe actualmente a vixencia parcial ou total de seis figuras de planeamento municipal diferentes, aprobadas no período de 34 anos que vai desde o ano 1977 ata o ano 2011.

O réxime transitorio da LOUG dá por boas as delimitacións de solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable establecidas por planeamentos non adaptados, coa salvidade do solo urbanizable afectado pola Lei de Costas ou pola Lei de Protección da Natureza, e ás condicións esixidas para a consideración do solo urbano como consolidado e o urbanizable

como delimitado. Con respecto ao réxime de aplicación, tan só pon límites ao aproveitamento máximo dos solos urbanos non consolidados e urbanizables, e condiciona a parcela mínima esixible nos solos de núcleo rural.

Este réxime tan laxo, que mantén “vivas” extensas clasificacións de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, anima a moitos concellos a non rematar un proceso de adaptación do planeamento ao novo marco lexislativo que suporía axustar as delimitacións vixentes a capacidades de vivenda e previsións de desenvolvemento máis realistas. Así explícase o escaso eco que tivo nos seus case dez anos de vixencia no proceso de adaptación do planeamento urbanístico municipal á LOUG, especialmente entre aqueles municipios dos territorios máis urbanizados e con máis presión inmobiliaria que, antes da entrada en vigor desta lei, xa contaban con figuras de planeamento. Tamén explica o feito de que boa parte dos que si abordaron este proceso son municipios fóra das áreas máis urbanizadas que non contaban con planeamento previo.

A consecuencia é a coexistencia de dous criterios de ordenación urbanística: un, que corresponde a unha sexta parte do territorio galego, responde axeitadamente aos criterios de sostibilidade social e ambiental esixidos na lexislación vixente, e o resto que foron redactados á marxe destas esixencias, nos que persisten unhas delimitacións de solo urbano consolidado, de núcleo rural e urbanizable xustificadas no seu momento en base a previsións de desenvolvemento inmobiliario ou demográfico desmesuradas, sen contrapartidas dotacionais e ambientais suficientes.

## 2 O territorio urbano herdado

O inxente proceso urbanizador da última década provocou cambios cualitativos e cuantitativos nas problemáticas xa sinaladas no apartado 1.2.2 deste artigo, debido fundamentalmente a tres factores: a extensión do réxime do solo urbanizado, os trazos da produción inmobiliaria que se apoiou neste modelo e o veloz desenvolvemento das infraestruturas de transporte.

As principais consecuencias foron un maior grao de difusión polo conxunto do territorio da Comunidade Autónoma da urbanización desestruturada e de baixa densidade, a extensión da ruderalización<sup>19</sup> do solo rústico, e da segregación, en termos espaciais e de accesibilidade, dos espazos periurbanos con respecto aos núcleos máis densos.

### 2.1 A produción de solo urbano

Hoxe en día Galicia conta con 93.000 hectáreas de parcelas urbanas ou de núcleo rural. A reserva de solo urbanizable contemplado nos planeamentos urbanístico e sectorial acada, pola súa parte, outras 215.000 ha.<sup>20</sup> En conxunto, máis do 10% do territorio do país está orientado, dunha ou outra maneira, ao desenvolvemento urbanístico.

---

19 O termo ruderalización refírese á transformación dunha situación natural baixo a influencia de residuos da actividade humana.

20 Datos obtidos da explotación dos datos da EIEL do Ministerio de Administracións Públicas para o ano 2005 e da súa actualización en base aos planeamentos urbanísticos e sectoriais aprobados definitivamente desde esa data.

As delimitacións de solo urbano apoiáronse no enorme número de asentamentos e na densidade da rede viaria rural existentes antes do comezo do proceso de urbanización, e xustificáronse na meirande parte das ocasións, segundo se desprende do estudo das memorias dos planeamentos vixentes redactados antes da entrada en vigor da LOUG, en estimacións de crecemento demográfico ou inmobiliario esaxeradas e nunca acadadas no horizonte temporal dos plans.

Proba do sobredimensionamento do solo urbano en relación ás necesidades de produción inmobiliaria é o feito de que tan só o 55% das parcelas delimitadas como solo urbano ou de núcleo rural están hoxe en día edificadas. Esta porcentaxe varía entre o 64% correspondente aos municipios das cidades e o 50% dos municipios fóra das áreas urbanas nos que a desproporción entre oferta e demanda é aínda máis evidente<sup>21</sup>.

O dereito a edificar adquiriuse na meirande parte dos casos pola inclusión de predios dentro dunha delimitación de solo urbano ou de solo de núcleo rural, sen máis contrapartidas para a administración pública tãe as derivadas das taxas administrativas e impostos, e a urbanización mínima necesaria na fronte de parcela<sup>22</sup>. Para o particular propietario todo foron vantaxes á hora de autopromover vivenda, mais para o común resultou ser todo o contrario.

Por outra banda, ao non producirse procesos de reorganización da propiedade en ausencia de xestión urbanística, a estrutura viaria sobre a que se desenvolveu esta extensión da urbanización estivo fundamentalmente composta polas estradas de acceso aos núcleos de poboación, os rúes históricos e os viarios produto dos procesos de concentración parcelaria. Por todo isto resultaron inabordables tanto a tarefa de dotar dun certo grao de racionalidade á traza, coma a de proporcionar uns estándares mínimos de calidade á imaxe urbana destes espazos. Nas contadas ocasións nas que dentro das vilas se produciron aperturas viarias, estas raramente responderon a razóns de estrutura e si de intensificación dos aproveitamentos inmobiliarios con respecto á situación preexistente.

En primeiro lugar, porque a traza, pavimentación, infraestruturas... previos á edificación non foron acompañadas de procesos de xestión de solo que permitiran a asunción, por parte dos beneficiarios do proceso, das cargas de urbanización e cesión de parcelas para dotacións públicas. Estas foron maioritariamente asumidas pola colectividade, vía orzamentos municipais, vía convenios con outras administracións públicas.

En terceiro lugar, a baixísima densidade dos solos urbanos, que no ano 2005 era de 6,9 viv./ha<sup>23</sup> para o total do solo urbano e de núcleo rural delimitados fóra dos municipios das 7 cidades, ten gravísimos impactos que comprometen a sostibilidade futura do territorio<sup>24</sup>.

21 Datos extraídos por explotación das estatísticas da Oficina Virtual do Catastro.

22 *Galicia é herdeira dunha sociedade campesiña que presenta a peculiaridade de que as cidades creceron sobre a base de construír alí onde houboese solo, a cambio do pacto tácito da xeración e da apropiación privada das rendas urbanas resultantes deste proceso construtivo.* GRUPO INTERDISCIPLINARIO DE URBANISMO E CIDADANÍA DA EGAP, *Urbanismo e territorio en Galicia, reflexións para o futuro*, Santiago de Compostela, EGAP, 2006, p. 9.

23 Cálculo realizado partindo dos datos de vivendas e delimitacións de solo urbano contidos na EIEL do Ministerio de Administracións Públicas para o ano 2005.

24 *Incremento unitario dos prezos de construción, conservación e utilización do territorio urbanizado, demanda de grandes infraestruturas de urbanización, subministrados de auga, electricidade, telecomunicacións, recollida e depuración de augas residuais, demanda de grandes infraestruturas viarias, ferroviarias e transporte público suburbano, especialización funcional e homoxeneización dos fragmentos espaciais urbanos, desaparición do espazo público multifuncional e sen limitación de acceso, crecemento exponencial das distancias percorridas nos desprazamentos cotiáns, case todos mecanizados, e a desaparición dos percorridos a pé, consumos crecentes de materias primas non*

Este modo de produción de solo urbano fixo practicamente innecesario o desenvolvemento de figuras de planeamento que supoñan xestión de solo (Plans de Sectorización, Plans Parciais e PERIs)<sup>25</sup>. A diferenza da tendencia que seguiron as maiores áreas urbanas españolas nos últimos tempos, nas que o principal vector de urbanización foi o desenvolvemento de solos urbanizables, en Galicia, debido á sobreoferta de teito edificable en solo urbano, e á sostida dinámica de densificación nos solos urbanos máis consolidados, a meirande parte do solo urbanizable previsto nos planeamentos quedou sen desenvolver.

Os solos pensados para a extensión da cidade entraron así nun período indefinido de expectativa urbanística que supón o abandono das actividades agropecuarias e forestais propias do solo rústico. Co tempo estes terreos, que en moitas ocasións ocupan posicións relevantes no centro das áreas urbanas, entre os límites das cidades consolidadas e os municipios da periferia, entran nun proceso de ruderalización e/ou renaturalización, o que fai necesaria e posible a recualificación ambiental destes espazos, suavizando a presión humana sobre os espazos naturais e a paisaxe<sup>26</sup>.

## 2.2 A produción de vivenda

Sobre as bases de predominio das estruturas rurais ás que antes faciamos referencia, e na práctica ausencia de procesos de xestión de solo urbano, nos últimos 60 anos o parque de vivendas medrou en Galicia en case 1,2 millóns de unidades, multiplicando por 4 as existentes en 1960 (cadro 3), a un ritmo só lixeiramente inferior ao español, que medrou 4,5 veces no mesmo período.

Cadro 3. Ritmo anual de construción de vivendas en Galicia 1961-2011

GALICIA	1961-1970	1971-1980	1981-1990	1991-2001	2001-2011*
		19.226	28.346	19.428	19.734

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivendas 2001. Elaboración propia.

(\*) Estimación segundo estatística de visado de dirección de obra do Ministerio de Fomento 2000-2009. Elaboración propia

Se analizamos o acaecido na última década, que foi a de meirande desenvolvemento inmobiliario da historia, unha serie de trazas moi relacionadas entre si caracterizan esta dinámica no contexto español: o predominio da autopromoción de vivenda unifamiliar illada e do destino de segunda residencia ou investimento-aforro privado como razóns da súa promoción, e o pequeno tamaño das promocións, especialmente nos espazos urbanos máis afastados dos centros das cidades. Estas trazas son coherentes co escaso peso dos procesos de transformación vía xestión urbanística desenvolvidos neste período.

*renovables e de contaminación urbana.* MAGRINYA, F. e HERCE, M. "Los costes ambientales de la baja densidad", *La ciudad de baja densidad. Lógicas, gestión y contención*, primeira edición, Barcelona, Xarxa de Municipis-Deputació de Barcelona, 2007, pp. 243-264.

25 *As operacións urbanísticas de transformación son custosas de comprender e de financiar, moi complexas de xestionar, afectan a intereses e actores de moi diverso tipo, e non poden fracasar...Fronte a oso, o realmente sinxelo, o case máxico, é converter unha "pataqueira" en cidade cun só toque da varíña máxica da clasificación.* ALVAREZ MORA, A., CASTRILLO, M., DE LAS RIVAS, J. L., SANTOS, L., "Perfiles de una tragedia: la crisis residencial y urbanística española", *Papeles de relaciones eco-sociales y cambio global. N.º 113*, Madrid, FUHEM, 2011, pp. 57-69.

26 Un exemplo de desenvolvemento de accións de recualificación dos espazos periurbanos a través da intervención nos solos ruderalizados é o Projecte Life Anella Verda da Diputació de Barcelona. <http://www.diba.es/parcsn/parcs/Life/Life.htm>.

Mentres en Galicia máis das tres cuartas partes da vivenda unifamiliar construída na última década respondeu á tipoloxía illada, no conxunto do territorio español dúas terceiras partes correspondéronse coa produción de vivenda unifamiliar encostada e, polo tanto, foron produto de operacións “comerciais” vencelladas a procesos de xestión urbanística e construción de vivenda para a súa posta no mercado (cadro 4).

Cadro 4. Tipoloxía vivendas en obra nova en visados de dirección de obra 2000-2009

	Vivendas unifamiliares encostadas		Vivendas unifamiliares illadas		Vivendas en edificios de vivenda colectiva	
	Total	%	Total	%	Total	%
GALICIA	11.644	3,76	39.392	12,73	256.593	83,51
ESPAÑA	917.760	16,72	449.050	8,18	4.121.517	75,10

Fonte: estadística de visado de dirección de obra do Ministerio de Fomento 2000-2009. Elaboración propia

Por outra banda, máis do 60% das vivendas iniciadas en Galicia nos últimos dez anos, fronte a un 40% para o conxunto español, tiveron como destino ou provocaron o aumento dos efectivos de vivenda baleira ou secundaria, tanto directamente como indirectamente vía abandono dunha vivenda vella pola mudanza a unha nova.

Mentres o número medio de vivendas dos edificios de vivenda colectiva no conxunto das áreas urbanas supera as 10 vivendas por edificio, no resto de Galicia este índice é de 4,5. Esta cifra, equivalente a que de cada 4 edificios, 1 tería 6 vivendas e outros 3 terían 4 vivendas cada un, é signo dun extraordinario grao de minifundismo empresarial no sector, tanto na xestión inmobiliaria como na construción e os servizos técnicos.

Se a baixa densidade e o modo de produción do solo urbano supoñen un reto para a sostibilidade do territorio en termos económicos e ambientais, os trazos diferenciais anteriormente descritos non fan máis que agrandar estes retos, ao afondar aínda máis nos efectos da dispersión e difusión do fenómeno urbano polo conxunto do territorio.

### 2.3 A produción de infraestruturas de transporte

Desde os anos oitenta desenvolveuse extraordinariamente a rede de infraestruturas de transporte por estrada en Galicia. Entre os anos 1987 e 2000 multiplicou por 6 a súa extensión, sendo esta a principal causa de artificialización de solo en Galicia neste período<sup>27</sup>.

No período 2000-2006 o ritmo de produción foi aínda maior para o conxunto do Estado, crecendo a súa ocupación ata as 2.300 ha/ano fronte ás 270 ha/ano do período anterior<sup>28</sup>,

27 A superficie artificial medrou un 20% en Galicia entre os anos 1987 e 2000. A superficie adicada a autoestradas, autovías e terreos asociados medrou un 508,10% no mesmo período. OBSERVATORIO PARA LA SOSTENIBILIDAD EN ESPAÑA. *Cambios de ocupación del suelo en España*, primeira edición, Madrid, Ministerio de Fomento, 2006, p. 365-366.

28 OBSERVATORIO PARA LA SOSTENIBILIDAD EN ESPAÑA. *Sostenibilidad en España 2011*, primeira edición, Madrid, Ministerio de Medioambiente, Medio Rural y Marino, 2011, p. 283.



resultando ser Galicia, xunto con Canarias, a comunidade autónoma con maior densidade de estradas de titularidade supramunicipal<sup>29</sup>.

Este alto ritmo de construción de viario rodado tivo un impacto moi significativo nas estruturas territoriais herdadas, sobre todo nas proximidades dos núcleos de poboación das áreas máis densamente urbanizadas. Nunha primeira fase a súa implantación produciuse por medio de estradas de circunvalación, para despois desdoblarse en vías de alta capacidade, obviando na meirande parte das ocasións as determinacións contidas no planeamento urbanístico vixente e a realidade territorial preexistente, mercede á súa posición superior na xerarquía dos instrumentos de ordenación do territorio.



Fotos 1 e 2. Miño. Sucesivamente a circunvalación da N-651 e a AP-9 rachan a relación entre o espazo urbanizado máis denso e o resto do territorio.



Foto 2. O planeamento urbanístico, posteriormente, toma como límite da extensión do solo urbano a estrada N-651

A súa concepción como obras segregadas que conectan eficientemente dous puntos distantes entre si descoidou a corrección de moitos dos efectos negativos locais que a súa implantación física provocou, na accesibilidade local, no patrimonio, na continuidade das escorredoiras e na paisaxe, entre outras. O seu paso polo borde dos núcleos de poboación máis relevantes, xerou un efecto barreira e rachou a estreita relación espacial e accesibilidade histórica existentes entre estes e a periferia urbanizada, artellada ata entón na continuidade dos camiños rurais. A ascensión, por parte da planificación urbanística, da súa traza como límite ata onde estender a urbanización densa enfatizou aínda máis este efecto (fotos

29 Segundo o Anuario do Ministerio de Fomento do ano 2009 Galicia contaba nesa data con un total de 17.556 km de estradas, autoestradas, autovías e vías rápidas, o que equivale a un ratio de case 0,6 km de estrada por km<sup>2</sup>.



1 e 2). Ademais, a mellora de tempos de viaxe entre os nodos do territorio, incrementou espectacularmente o número de viaxes<sup>30</sup> empeorando a conxestión dos centros urbanos.

Esta reflexión sería extensible á planificación do solo empresarial, cuxos proxectos, en xeral, ao estar deseñados con premisas semellantes dos proxectos sectoriais viarios, xeran uns impactos dificilmente corrixibles desde a ordenación urbanística.

## 3 Os instrumentos de intervención no solo urbano

### 3.1 Os programas de rehabilitación

O instrumento que se demostrou máis eficaz á hora de abordar a recuperación da cidade consolidada foron as áreas de rehabilitación desenvolvidas ao abeiro dos sucesivos plans estatais de vivenda.

As prácticas dos equipos técnicos e administrativos das oficinas de rehabilitación conseguiron colocar no centro do debate social e mediático a recuperación da cidade existente, sensibilizando en poucos anos á opinión pública acerca da necesidade de protexer e poñer en valor o patrimonio edificado. Ademais, contribuíron á entrada de novos habitantes en réxime de aluguer nos barrios históricos das cidades, que eran en moitos casos os que tiñan máis problemas de baldeiramento demográfico.

Sen embargo, a pesares de todas estas virtudes, o alcance desta política foi moi limitada por tres razóns: a case total circunscrición aos centros históricos das vilas e cidades, a ausencia de coordinación coa ordenación urbanística e os limitados recursos públicos adicados a este fin.

As áreas de rehabilitación integral en Galicia abranguen hoxe en día a 34 municipios e 58 conxuntos urbanos<sup>31</sup>. Aínda que o Plan Estatal de Vivenda 2005-2008 contemplaba xa entre os programas a financiar os de recuperación de calquera parte da cidade que sufrise un proceso de degradación física, social ou ambiental<sup>32</sup>, os 8 conxuntos de vivenda social da segunda metade do século XX que se están a rehabilitar en Santiago de Compostela, A Coruña, Ourense e Lugo son a excepción que confirma a regra de ter orientadas prioritariamente as políticas de rehabilitación urbana á recuperación das zonas históricas.

Aínda aceptando o gran peso relativo que para a vivenda e a actividade teñen os centros históricos en moitas das vilas que contan con áreas de rehabilitación, limitar a intervención rehabilitadora aos espazos máis antigos significa deixar fóra do seu alcance á práctica totalidade dos tecidos urbanos construídos nos anos sesenta e setenta do pasado século (a década de maior desenvolvemento inmobiliario nas cidades), que son os barrios menos habitables, máis conxestionados e con maiores déficits estruturais.

30 *O tráfico medio diario nos accesos radiais ás cidades da Coruña e Vigo multiplicouse por catro ou cinco nun período de 20 anos.* DALDA, J. L., G. DOCAMPO, M., G. HARGUINDEY, J., *Cidade Difusa en Galicia*, primeira edición, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2006, p. 87.

31 Fonte IGVS da Xunta de Galicia (2011). Elaboración propia.

32 *Aos efectos deste Real Decreto, entenderanse como áreas de rehabilitación integral os tecidos urbanos, zonas dos mesmos ou barrios en proceso de degradación física, social ou ambiental* (Art. 50. Concepto de Áreas de Rehabilitación Integral do Plan Estatal de Vivenda 2005-2008).

Por outra banda, moitas das áreas de rehabilitación en funcionamento confróntanse nos seus ámbitos á ausencia dun planeamento específico, en forma de plan especial de protección, ou á obsolescencia dos criterios cos que se redactaron no seu día os plans especiais viventes. Esta circunstancia debilita a aposta pola rehabilitación nun contexto no que as presións inmobiliarias que supoñen a substitución dos inmobles están lonxe de ser desactivadas, e impiden a incardinación da política sectorial de vivenda en políticas urbanísticas máis ambiciosas concertadas con outras administracións públicas.

Por último, a política de rehabilitación de vivendas apenas ten hoxe en día peso nos orzamentos da administración autonómica: no ano 2011 supuxeron apenas un 4,6% do gasto total da política de vivenda e solo, fronte ao 87% adicado á urbanización de solo e promoción de vivenda pública<sup>33</sup>. Neste contexto, apostas recentes como a Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago, que poden funcionar ben no eido de estender a cultura da rehabilitación polo conxunto do territorio, están a consumir máis dunha cuarta parte das intervencións de rehabilitación subvencionadas asignadas anualmente a Galicia polo Ministerio de Fomento, e non parecen estar entre as estratexias máis axeitadas á hora de abordar as problemáticas detectadas nos tecidos urbanos consolidados.

## 3.2 Os proxectos urbanos

Desde a metade da década dos oitenta, coincidindo co proxecto de transformación urbana dirixido por Oriol Bohigas en Barcelona, os arquitectos comezaron a reivindicar o proxecto urbano como forma case exclusiva de intervención na cidade, outorgándolle á arquitectura a capacidade case milagrosa de resolver os conflitos urbanos por medio da súa proposta formal<sup>34</sup>.

O campo que dá acubillo á “forma” como instrumento de intervención na cidade desde o proxecto limitouse e limitase fundamentalmente aos proxectos que resolven programas de raíz infraestrutural ou dotacional que coparon boa parte do protagonismo das páxinas das revistas de arquitectura máis populares nas últimas dúas décadas.

A defensa da arquitectura como solucionadora de conflitos formais e estruturais na cidade atopou un dos seus maiores aliados nas políticas culturais de moitos países europeos, que asumiron a formulación do “socialismo cultural” enunciada en Francia a principios dos anos 80. Tratábase de chegar aos cidadáns, ata aquel momento alleos ao consumo cultural, por medio dun edificio, que asumindo o título de centro de arte, espazo de creación, museo, ágora... constituía un evento tan extraordinario como para seducir por si mesmo aos medios de comunicación e ao público, independentemente do seu contido<sup>35</sup>.

Na súa versión máis extrema, esta formulación serviu para xustificar a intervención do Guggenheim de Bilbao e unha serie de formulacións de grande escala (Cidade da Cultura, Centro Niemeier, Ciudad de las Artes y las Ciencias...) que, ao longo da última década,

---

33 XUNTA DE GALICIA. Orzamentos do exercicio 2011.

34 *Nese momento desencadénase a rabiosa reivindicación da arquitectura como forma fundamental de actuación sobre a cidade, como única alternativa válida ao urbanismo anterior. É unha especie de rebelión nos arquitectos, tras décadas de sumisión ás ciencias sociais, non exenta totalmente de reivindicacións corporativistas.* DE TERÁN, F., (op.cit.) p. 17.

35 POIROT-DELPECH, B. “Gadgetique”, *Le Monde 30 maio 1990* e FUMAROLI, M, *El Estado Cultural*, primeira edición, Barcelona, Acanalado, 2007, p. 14.

buscaban, non xa a rexeneración urbana, ou a asunción universal da cultura oficial, senón, fundamentalmente, a proxección da imaxe das cidades no mundo, co fin de transformalas en destinos turísticos e culturais globais. A procura deste efecto Guggenheim<sup>36</sup> argumentouse desde o interese supramunicipal dos proxectos, por riba das determinacións do planeamento vixente, xerando así impactos non previstos no planeamento urbanístico.

A proliferación de contedores arquitectónicos de ámbito máis local (casas de cultura, centros cívicos...) sen dúbida axudou a mellorar a dotación cultural dos residentes en vilas e barrios, pero apenas tivo un impacto rexenerativo na estrutura da cidade, ao estar condicionada a súa implantación pola dispoñibilidade periférica de solo público, pero tamén por ser concibidas, en moitos casos, como obxectos arquitectónicos un tanto ensimesmados e illados da trama urbana onde se inseriron.

A formulación do proxecto urbano como instrumento de intervención na cidade esqueceu, en definitiva, que era a calidade do marco urbanístico vixente<sup>37</sup> o que facía viables e efectivas estas intervencións.

### 3.3 Os instrumentos de intervención na cidade difusa

Un dos principais recursos cos que conta o territorio galego á hora de abordar o reto da especialización e a racionalidade territorial no contexto europeo é a boa inserción histórica do tear dos asentamentos rurais e urbanos no territorio<sup>38</sup>. Se a revitalización das cidades, instrumentada a través das políticas complexas de intervención no eido físico e social, é unha premisa para a posta en valor desta condición histórica, a intervención na cidade difusa deberíase rexer polo reforzo da identidade dos asentamentos tradicionais das aldeas e núcleos parroquiais, tal e como propoñen as Directrices de Ordenación Territorial e o Plan de Ordenación do Litoral recentemente aprobados, pero tamén polo reforzo dos nodos funcionais de orixe máis recente, resultado da duplicación da estrutura de asentamentos ao longo das vías de comunicación.

Fronte a esta aposta clara que desde o planeamento territorial se fai pola mellora das estruturas urbanas difusas, o planeamento de desenvolvemento, artellado a través de plans especiais de reforma interior en solo urbano e plans especiais de mellora en solo de núcleo rural, tivo moi escaso éxito.

A simple asunción vía clasificación como solo urbano ou de núcleo rural<sup>39</sup> dos espazos urbanizados ao marxe do planeamento non resolve, por si mesma, as eivas estruturais

36 *O discurso oficial predica que a cidade gañou en brillo grazas ao efecto Guggenheim e que os flancos da Ría de Bilbao seguirán a mesma corrente producida por unha rexeneración á que só hai que dar suaves empurróns para que continúe en movemento. A lóxica deste enunciado postula que, se nunha zona céntrica pero cotrosa se erixe un ornamento, a área enteira e partes significativas do resto da cidade estetízanse pola irradiación da beleza ornamental. De aquí que sexa tan importante a arquitectura e que o belo non teña nada que ver aquí co desinteresado ou o superfluo, se se entende como inútil, senón cun investimento estratéxico para mover a evolución urbana.* ESTEBAN, I. *El efecto Guggenheim. Del espacio basura al ornamento*, primeira edición, Barcelona, Anagrama, 2007, p. 35.

37 *Evidentemente o caso de Barcelona só era posible pola existencia dun bo Plan Xeral desde 1976. Da mesma maneira que as operacións puntuais desenvolvidas en Madrid na segunda metade da década atopan a súa xustificación dentro do novo Plan Xeral de 1985.* DE TERÁN, f. (op. cit.) p.16.

38 DALDA, J. L., G. DOCAMPO, M., G. HARGUINDEY, J. (op. cit.) p. 90.

39 Referímonos aquí á modificación introducida pola Lei 2/2010 na LOUG, contemplando un novo tipo de solo de núcleo rural: o núcleo rural común. A non existencia dun asentamento tradicional previo ao que vincular estes núcleos abre a porta á posibilidade de delimitar como núcleo rural, e polo tanto consolidar a situación xurídica, calquera grupo de vivendas xurídicas á marxe do planeamento por parcelacións

e ambientais que carrega a extensión de urbanización sobre camiños rurais a golpe de autopromoción de vivendas unifamiliares. Cando a condición de edificable se estende a calquera parcela que conte cos servizos básicos ou simplemente estea delimitada dentro do solo urbano ou de núcleo rural, resulta complicado estimular o investimento privado en urbanización e cesión de solo se non é a cambio de materializar maiores aproveitamentos urbanísticos.

### 3.4 A ausencia de instrumentos de ordenación supramunicipal

A ausencia ata hai un ano de instrumentos de ordenación territorial supuxo confrontar unha dinámica urbanizadora unicamente desde os campos do planeamento sectorial e urbanístico. A perspectiva parcial e especializada desde a que se formulan os plans e proxectos sectoriais e, sobre todo, a óptica illada e competitiva que caracterizou o exercicio das prerrogativas locais en materia de planificación urbanística, sen coordinación ningunha cos municipios limítrofes, fixo que este proceso, que xa hai décadas acadou unha dimensión supramunicipal, non atopara unha resposta de escala axeitada desde o planeamento.

Un exemplo que condensa as consecuencias do anterior foi a descontinuidade nas condicións de ordenación, coincidente co límite municipal entre un municipio e outro. Mentres os municipios periféricos ás cidades aproveitaron a oportunidade de desenvolvemento urbano nos lugares máis accesibles e achegados ao centro urbano principal, ofertando solo en condicións moi vantaxosas en termos de fiscalidade e edificabilidade, para os municipios centrais das áreas urbanas os terreos adxacentes a estes lugares, non deixaron de ser posicións periféricas con respecto á cidade, que se ordenan en base a ordenanzas de baixa densidade ou se consideran solo rústico (fotos 3, 4 e 5).

O resultado é o nacemento de núcleos urbanos de nova planta<sup>40</sup>, sen apenas antecedentes históricos, xurdidos en base a plans de aliñacións, e con densidades moi altas, trazas que os fan participar das taxas de conxestión e falta de habitabilidade propias dos barrios máis densos da cidade consolidada.

---

urbanísticas ilegais en solo rústico nos últimos 50 anos, o que contradi coa vontade expresada nos instrumentos de ordenación territorial hoxe vixentes.

40 Exemplos desta situación poderían ser Meicende en Arteixo, Vilaboa en Culleredo, Perillo en Oleiros, limítrofes co municipio da Coruña, Os Tilos en Teo, O Milladoiro en Ames e Sigüeiro en Oroso, limítrofes con Santiago.



Foto 3. O núcleo do Milladorio no municipio de Ames, apoiado na accesibilidade que a traza da N-550 lle proporciona coa cidade de Santiago de Compostela, ao norte. Os límites do núcleo coinciden cos límites do termo municipal

Regap



ESTUDOS E NOTAS





Foto 4. Discontinuidade urbana entre Santa Icia (Ferrol) ao norte e A Solaina (Narón) ao sur: en Ferrol ordenanza de vivenda unifamiliar en parcela mínima de 1.000 m<sup>2</sup> e polígono de solo urbano non consolidado. En Narón, edificación en altura B+4 en solo urbano consolidado



Foto 5. Discontinuidade urbana entre Sigüeiro (Oroso) ao norte e A Barciela (Santiago) ao sur. En Sigüeiro solo urbano consolidado, vivenda colectiva B+3/B+4. En A Barciela, núcleo rural

### 3.5 A debilidade do planeamento territorial

Se a falta de instrumentos de ordenación territorial ou urbanística de ámbito supramunicipal deu lugar aos fenómenos anteriormente descritos, unha vez aprobadas as Directrices de Ordenación do Territorio, aspectos coma o carácter potestativo que ten a formulación dos instrumentos de ordenación territorial de escala intermedia<sup>41</sup>, a ausencia de normas de aplicación directa que afecten aos planeamentos vixentes, ou a falta de definición temporal da obriga do cumprimento das determinacións excluíntes, debilitan a súa eficiencia como instrumento definidor dun modelo territorial para Galicia.

No que atinxe á definición da estrutura de asentamentos, chama a atención a falta de tratamento específico para os espazos periurbanos da periferia das cidades, do Salnés ou da marxe norte da Ría de Arousa<sup>42</sup>. Se para as áreas urbanas das sete cidades prevese a formulación futura de Plans Territoriais Integrados, en ámbitos que serán o resultado da adscrición voluntaria dos municipios das áreas urbanas, os segundos merecen o mesmo tratamento por parte das DOTs que os espazos rurais interiores: a previsión de dous nodos do sistema urbano intermedio en Vilagarcía e Ribeira.

Por outra banda, o Plan de Ordenación do Litoral, exclúe do ámbito da súa competencia os solos de núcleo rural e o solo urbano consolidado delimitados, e apraza a asunción das súas determinacións por parte do planeamento urbanístico ao momento da súa revisión, adaptación ou modificación futura.

Un e outro documento, ao admitir o aprazamento “sine die” tanto da aprobación dos instrumentos de ordenación das áreas urbanas coma da adaptación dos planeamentos urbanísticos vixentes ás determinacións máis importantes, prolongan indefinidamente a situación de ausencia de coordinación supramunicipal do planeamento.

## 4 Conclusións

Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística en Galicia, orientados sobre o papel a poñer en valor o tear de asentamentos rurais e a paisaxe, obvian hoxe en día a dimensión das problemáticas estruturais específicas debidas precisamente ás peculiaridades históricas do noso sistema de asentamentos, consolidando así a realidade dun feito urbano que está moi lonxe de resolver axeitadamente a dialéctica entre a conxestión da cidade consolidada e a baixa densidade da cidade difusa.

En primeiro lugar, a prórroga sen data de caducidade dos instrumentos de ordenación urbanística formulados con anterioridade á data de entrada en vigor da LOUG, das DOT e do POL supón a vixencia indefinida dun modelo de ordenación baseado, sobre todo, nunha extensión desmesurada dos espazos edificables. Aínda en ausencia dunha dinámica inmo-

41 Neste eido destacar a redacción do artigo 1.3.1.a das DOT: As áreas urbanas formaranse por asociación voluntaria dos municipios inmediatos ás cidades que as centralizan. A Consellería Competente en ordenación territorial da Comunidade Autónoma poderá elaborar un PTI no que se concretará a delimitación do seu ámbito e defina o modelo do territorial específico do espazo en cuestión e os aspectos que lle competen no ámbito da planificación territorial.

42 Os municipios da Ría de Arousa acollen segundo o último padrón de 1 de xaneiro de 2011 unha poboación total de 181.641 habitantes, nun territorio caracterizado por unha estrutura urbana polinuclear e unha urbanización difusa, cuxas capitais municipais non acollen máis dun 39% da poboación total, o que indica problemáticas específicas, moi diferentes ás existentes nas vilas do interior”.

biliaria que faga posible unha materialización das súas expectativas que puidera afondar nos impactos territoriais e ambientais herdados, a vixencia desta enorme oferta de solo edificable hipotecará durante moito tempo a iniciativa dos concellos sobre a ordenación do seu territorio municipal<sup>43</sup>.

En segundo lugar, o proceso de adaptación do planeamento vixente ao marco legal da LOUG, que podería ter suposto un efecto estandarizador dos contidos técnicos do planeamento urbanístico, tivo escaso éxito e prolongouse extraordinariamente no tempo. Isto levou á actual coexistencia de planeamentos formulados en diferentes momentos, axustados a marcos xurídicos diferentes e instrumentados a través de figuras que responden a requirimentos de calidade técnica moi dispares.

A falta dunha instrución técnica<sup>44</sup> que fixe criterios tan básicos como son a estrutura documental dos plans ou o vocabulario a empregar nas súas disposicións normativas, dificulta a lectura das súas determinacións, ao tempo que fai inviable a súa futura tramitación dixital ou a súa integración nun sistema de información territorial que redunde nunha maior coordinación interadministrativa, transparencia e participación pública<sup>45</sup>.

En terceiro lugar, a estas eivas de carácter técnico xúntanselle unha falta de coordinación entre planeamentos de rango urbanístico e sectorial, a ausencia de formulación tanto de instrumentos de ordenación territorial de escala intermedia como de plans urbanísticos de escala supramunicipal, que impiden hoxe en día abordar a falta de articulación dos espazos máis urbanizados. Do mesmo modo, a debilidade e falta de integración no planeamento urbanístico das políticas de recuperación urbana imposibilita actuar eficientemente sobre as problemáticas da cidade existente.

Deberíamonos interrogar sobre a idoneidade de todo este corpo técnico, xurídico e administrativo, definido no seu momento ao abeiro dun paradigma baseado no crecemento inmobiliario sen límites, á hora de ordenar hoxe en día unha cidade que xa non medra, medio baleira, difusa, infradotada, desestruturada e con importantes problemas de conxestión e habitabilidade. Deberíamos ser quen de formular un novo modelo de planificación do urbano definido a partires da contención do desenvolvemento, do afondamento na resposta ambiental, do perfeccionamento dos instrumentos de xestión e da defensa da urbanística como disciplina coordinadora dos instrumentos sectoriais de intervención no territorio.

No eido xurídico débese abordar e resolver cuestións como a limitación dos dereitos adquiridos polos propietarios do solo urbano ou de núcleo rural, por medio, por exemplo, dunha categorización máis ampla e efectiva do solo urbano non consolidado ou pola extensión da potestade administrativa, máis aló da propia da disciplina urbanística, á hora de formular propostas de vixencia transitoria sobre os solos urbanos e urbanizables aínda non edificados ou urbanizados.

---

43 Esta consecuencia xa foi destacada na análise que Eugenio Burriel realizou para o solo urbanizable no caso valenciano en BURRIEL DE ORUETA, E.L., "Los límites del planeamiento urbanístico municipal. El ejemplo valenciano", *Documents D'Anàlisi Geogràfica* n.º 54, Cerdanyola del Vallés, Universitat Autònoma de Barcelona, 2009, p. 33-54.

44 A súa necesidade no eido da codificación da protección patrimonial foi formulada por Daniel González Franco (op.cit. p. 589)

45 Neste obxectivo enmárcase a proposta de Instrucións Técnicas de Planeamento realizada para a Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas por unha equipa de traballo do COAG o pasado mes de decembro, descrita no apartado 5 deste artigo.



No eido administrativo cabería prever a integración das determinacións urbanísticas, estratéxicas e sectoriais<sup>46</sup> en instrumentos de ordenación territorial únicos de ámbito supramunicipal, evitando os conflitos que a actual falta de integración instrumental provoca.

No eido técnico, ademais da estandarización da redacción de planeamento, deberíanse prever instrumentos orientados prioritariamente á corrección das eivas estruturais e físicas do espazo urbanizado, e máis axeitados en contidos e escalas á complexidade das problemáticas a abordar.

Unha vez concluída a inviabilidade ambiental, económica e social do modelo de desenvolvemento defendido nas últimas décadas, a ausencia dunha aposta clara polo cambio de modelo só se podería interpretar como un sinal de que case ninguén está disposto a asumir o fin dunha época na construción da cidade baseada na produción inmobiliaria<sup>47</sup>, menos aínda tendo en conta os bos predicamentos sociais e políticos dos que segue a gozar o modelo anterior<sup>48</sup>.

## 5 Unha proposta de instrucións técnicas de planeamento

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en cumprimento dun convenio de colaboración en materia de planeamento urbanístico asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, presentou o pasado mes de decembro unha proposta de Instrución Técnica de Planeamento.

Esta iniciativa apóiase no artigo 50 da LOUG que contempla, entre outros obxectivos, definir os requisitos mínimos de calidade, substantivos e formais dos distintos instrumentos de planeamento urbanístico, e as prescricións técnicas para elaborar a documentación dos diferentes instrumentos de planeamento, e supón un avance no eido previsto pola Lei do Solo Estatal, co obxecto de promover a transparencia das administracións públicas competentes na planificación do territorio<sup>49</sup>.

Polo tanto, o obxecto da proposta é dobre: por unha banda racionalizar e sistematizar o contido dos plans, e pola outra incluír na estrutura documental dos mesmos uns contidos que permitan xerar un sistema de información.

As comunidades autónomas de Castela e León (2006), Castela a Mancha (2010), Asturias (2010) e Aragón (2011) hoxe en día xa contan con instrucións técnicas para a elaboración de planeamento. En xeral, as devanditas instrucións fixan os requisitos de calidade e ho-

46 Neste eido interesante a reflexión proposta na metodoloxía do Plan Base, instrumento que expresa as determinacións de ordenación tanto estratéxicas e urbanísticas nun só documento, desenvolvido pola Cátedra Unesco UIA-CIMES. LLOP TORNÉ, J.M. (coord.) *Ciudades intermedias y urbanización mundial*, Lleida, Ajuntament de Lleida, UNESCO, UIA, Ministerio de Asuntos Exteriores de España, 1999, pp 42, 43 e 44.

47 *Esta é, ao noso xuízo, a traxedia: malia a crise galopante, o modelo urbanístico-inmobiliario baseado no crecemento urbano e na primacía da construción de obra en novo solo, mantense incólume á espera de tempos mellores, dado que a burbulla inmobiliaria non estaría "estralada" senón tan só "desinflada"...* ALVAREZ MORA, A., CASTRILLO, M., DE LAS RIVAS, J.L., SANTOS, L. (op. cit.), pp. 57-69

48 *Aínda supoñendo que a praxe do planeamento urbanístico que se redacta hoxe en día superase o modelo aquí descrito, o certo é que os modos social e políticamente adquiridos de construír o territorio, baseados no devandito modelo, gozan duna puoco desexable —pero certamente robusta— saúde.* GONZÁLEZ FRANCO, D. (op. cit), páx. 588.

49 *A aplicación daqueles criterios e principios básicos que posibiliten, desde a coordinación e complementación coas administracións competentes na materia, a formación e actualización permanente dun sistema público xeral e integrado de información sobre solo e urbanismo.* Disposición Transitoria Primeira da Lei do Solo Estatal.

moxeneidade do planeamento, a terminoloxía e cartografía base a utilizar na súa redacción e os requisitos técnicos necesarios para a súa integración nun sistema de información espacial.

No caso galego, o punto de partida para a definición da instrución caracterízase pola inexistencia dunha cartografía dixital oficial actualizada, de procedementos de tramitación dixital de plans ou dun sistema de información urbanística<sup>50</sup>. A única referencia da que partir é o prego técnico para a redacción e tramitación de planeamento subvencionado pola Xunta de Galicia, que fixa o idioma, formatos, escalas mínimas e contido preceptivo do documento a redactar.

Tendo en conta estes antecedentes, as Instrucións Técnicas de Planeamento céntranse en definir o ámbito de obrigatoriedade do cumprimento da instrución, unhas condicións xerais dos documentos, unha estrutura documental e un glosario de termos a empregar. A sistematización documental que se propón é compatible cunha futura implantación da tramitación telemática dos plans, e básica para a futura racionalización do inventario do planeamento e a mellora dos procedementos de publicación e participación pública na súa tramitación.

## 5.1 Réxime de aplicación

Atendendo ao feito de que actualmente en Galicia preto dun terzo dos municipios están en distintos momentos de tramitación da adaptación do seu planeamento xeral á LOUG, o proceso de implantación previsto pola proposta de instrución parte de esixir o seu cumprimento íntegro só aos plans xerais que non estean aprobados inicialmente no momento da entrada en vigor da instrución, así como aos futuros documentos de revisión, adaptación e refundidos. Asemade prevese a súa aplicación aos plans de desenvolvemento promovidos no marco dos Plans Xerais que teñan a obriga de cumprimentar a instrución.

Non se inclúen as modificacións puntuais nin os plans de desenvolvemento formulados desde plans non aprobados inicialmente no momento de entrada en vigor das instrucións, pois o interese de contar con información homologable á instrución en ámbitos illados, dentro de plans xerais que non a cumprimenten, é moi limitado.

## 5.2 Instrucións de carácter xeral

Con respecto ao idioma, prevese o uso obrigatorio do galego, sen prexuízo de que a administración poida solicitar a maiores, desde o prego de licitación, unha tradución ao castelán.

A base cartográfica a empregar é a B.T.G. (base topográfica de Galicia) nas escalas mínimas máis comúns: 1:5000 para territorio municipal, 1:2.000 para os núcleos rurais e o solo urbanizable, 1:1000 para o solo urbano e ordenacións de pormenor. O uso desta base permitirá a integración futura do Sistema de Información Urbanística galego nun sistema estatal, ao utilizar a B.T.G. o mesmo sistema de referencia Datum ETRS89 e o mesmo despece que o empregado na cartografía do Instituto Geográfico Nacional.

---

50 A web de planeamento da Xunta de Galicia é unha base de datos na que se pode consultar en formato dixital a información dos plans, pero carece dun sistema de referencia que ordene a información espacial que contén.

Ao non existir hoxe en día un procedemento de tramitación dixital do planeamento en Galicia, a instrución contempla a entrega en papel, ademais de tres formatos dixitais: shape, para os arquivos de forma, pdf (300 p.p.) para os textos e planos, e xml para os metadatos do documento e índice dos arquivos.

No que atinxe ao formato dos documentos propónse a unificación de tipos e fontes para os textos, e uns mínimos criterios de maquetación para os planos, incorporando as ITPs unha páxina de texto-tipo e de plano-tipo a modo de exemplo.

### 5.3 Estrutura documental

Cada plan, en cada fase da súa tramitación, consta dunha única carpeta que contén os arquivos que completan a súa estrutura documental. En cada fase entrégase o plan coa súa documentación completa, co fin de garantir a súa unidade e coherencia en cada fase da súa tramitación. Tendo en conta os dous fins da instrución, a estrutura documental, aínda que se integre nunha única carpeta, é dobre: por un lado o documento destinado á tramitación (textos e planos, en formato pdf) e pola outra o documento en formato shape, destinado á xeración do sistema de datos espaciais.

No que atinxe ao contido do plan, este está definido nas seccións 2ª, 3ª e 4ª do título II da LOUG a través do conxunto mínimo de determinacións que debe establecer cada figura (PXOM, NNSS, PP, PS, PERI, PE...) en cada unha das súas fases de tramitación. A análise destas determinacións e de como expresalas a través das especificacións, tanto gráficas como escritas, que a instrución establece, permite deseñar unha estrutura documental na que cada par de arquivos (texto+plano) en formato pdf ou arquivo en formato shape correspóndese coa expresión dun conxunto de determinacións.

En última instancia establécese a equivalencia entre a fase de tramitación dunha determinada figura de planeamento e un contido documental mínimo para establecer as determinacións esixidas pola LOUG, en formato pdf e en formato shape.

Por exemplo, o documento de inicio dun Plan Xeral debe conter, segundo a LOUG, a expresión das determinacións relativas á información do territorio municipal e a proposta dunha estrutura xeral e orgánica do territorio. Esta esixencia cumprímntase, segundo a proposta de instrución, coa entrega dunha memoria (MEM), do estudio do medio rural (EMR), da análise do modelo de asentamento (EMA), dos planos de información (INF01 a 09) e de estrutura xeral e orgánica do territorio (ORD1) en formato pdf, e dos arquivos AMB01 (ámbito), ORD01 (clasificación do solo), ORD03 (sistemas xerais), DES02 (ámbitos de ordenación incorporados), PRO01 (elementos e ámbitos de protección) e AFE01 (ámbitos de afección) en formato shape.

O establecemento do contido dos plans a través das determinacións que se lles esixe definir permitiría a xeración automática dunha nova estrutura documental, en base á definición dunha nova colección dos arquivos xa contemplados na instrución, no caso da esixencia dunha nova fase de tramitación ou da aparición dunha nova figura de planeamento.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

## 5.4 Glosario de termos

A proposta de instrución técnica de planeamento inclúe entre as súas disposicións un glosario de termos de obrigada utilización na redacción e tramitación do planeamento urbanístico en Galicia.

O glosario recolle unha colección dos termos máis comunmente empregados na redacción de normativas de planeamento municipal, relativos fundamentalmente á definición do volume edificado, do cómputo da edificabilidade e do aproveitamento urbanístico, dos parámetros de situación da edificación na parcela e dos usos do solo e da edificación.

A terminoloxía elaborouse a partires da contida na propia LOUG e das definicións propostas no Informe de Sistematización do Proxecto del Impulso del Urbanismo en Red<sup>51</sup>. No caso de que os equipos redactores consideren necesaria a introdución de novos termos ou matices non contemplados neste glosario, poderán facelo sempre e cando non contradigan coas súas definicións ás contempladas na instrución.

En Ferrol, a 15 de maio de 2012

## Bibliografía

ÁLVAREZ MORA, A., CASTRILLO, M., DE LAS RIVAS, J.L., SANTOS, L, *Perfiles de una tragedia: la crisis residencial y urbanística española*, en *Papeles de relaciones eco-sociales y cambio global. N° 113*, FUMHEN, Madrid, 2011.

BURRIEL DE ORUETA, E.L.: *Los límites del planeamiento urbanístico municipal. El ejemplo valenciano*, en *Documents D'Anàlisi Geogràfica* n.º 54, Universitat Autònoma de Barcelona, Cerdanyola del Vallés, 2009.

CASTELO ÁLVAREZ, B., *Ferrol: morfología urbana y arquitectura civil, 1900-1940*. Universidade da Coruña, A Coruña, 2000.

DALDA, J.L., G. DOCAMPO, M., G. HARGUINDEY, J., *Cidade Difusa en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2006.

EQUIPO TAULA (1993): "Subsanación de deficiencias en la adaptación del PGOU de Vigo de 1988 a la Ley 11/1986 de adaptación de la del suelo a Galicia. Ámbito exterior del núcleo central" en *PXOU de Vigo*, Concello de Vigo, 1990

ESTEBAN, I., *El efecto Guggenheim. Del espaciobasura al ornamento*, Anagrama, Barcelona, 2007.

FUMAROLI, M., *El Estado Cultural*, Acantilado, Barcelona, 2007.

---

51 *Urbanismo en Red* é un programa do Goberno de España, cofinanciado pola UE, que pretende impulsar a publicación dos plans urbanísticos municipais a través de internet, na procura dunha maior transparencia na xestión pública e unha maior interoperabilidade entre as diferentes administracións.  
<http://www.urbanismoenred.es/urbanismoenred/>

- GONZÁLEZ FRANCO, D., *La evolución del modelo territorial en Galicia. Una interpretación económica y espacial en Revista Gallega de Administración Pública* n.º 41, EGAP, Santiago de Compostela, 2011.
- GRUPO INTERDISCIPLINARIO DE URBANISMO E CIDADANÍA DA EGAP (2006): *Urbanismo e territorio en Galicia, reflexións para o futuro*, EGAP, Santiago de Compostela, 2006
- LLOP TORNÉ, J.M. (coord.), *Ciudades intermedias y urbanización mundial*, Ajuntament de Lleida, UNESCO, UIA, Ministerio de Asuntos Exteriores de España, Lleida, 1999.
En Francia, o primeiro intento de volta á lóxica transversal no territorio prodúcese en 1964, coa creación do prefecto rexional, ao que se lle atribúen funcións de coordinación da política do Estado no territorio, aínda que na práctica non se conseguiu ese obxectivo. Tras este primeiro intento, nos anos 90 e sobre todo no ano 2004, mediante a creación do CAR e dos polos rexionais, sucedéronse as iniciativas para fortalecer a coordinación transversal. Así mesmo, deuse un novo impulso á configuración do prefecto rexional como a autoridade de coordinación da acción dos servizos periféricos do Estado no territorio (intento de alcance semellante ao que se produce en España durante a Transición, aínda que no noso caso baixo a autoridade do delegado provincial con competencias de carácter xeral). Finalmente, coa RXPP, desde 2007, prodúcese o impulso máis potente á lóxica transversal no territorio mediante a integración dos servizos departamentais baixo a dependencia do prefecto departamental, mediante o fortalecemento da figura e instrumentos ao servizo do prefecto rexional para que poida levar a cabo a súa función de coordinación interdepartamental, así como mediante a introdución dunha relativa subordinación do prefecto departamental á autoridade do prefecto rexional, para os asuntos de interese rexional.

En terceiro lugar, coa RXPP acométese a maior racionalización e redución da Administración periférica do Estado francés, facéndose eco das consecuencias da descentralización administrativa. A maior racionalización e redución administrativa que se levou a cabo en España, prodúcese a raíz da LOFAXE, coa que se pretende tamén extraer as consecuencias derivadas da descentralización, neste caso en favor das comunidades autónomas.

As diferenzas na evolución de ambas as dúas Administracións periféricas ata a actualidade son, porén, importantes:



- 1ª En España, na cúspide da Administración periférica do Estado perviviu sempre unha figura política. O delegado do goberno seguiu a ser unha figura política, ao non esixirse como requisito de nomeamento a condición de funcionario.

En cambio, a cúspide da Administración periférica francesa, o prefecto rexional, si goza da súa tradicional profesionalización.

- 2ª En España, desde os anos 80 vaise consolidando un modelo de estado descentralizado política e administrativamente, sobre todo desde a reforma dos estatutos de autonomía de 1994, o que levou a que a Administración periférica do Estado (o que en España se denomina a Administración Xeral do Estado) ostente poucas competencias executivas.

Pola contra, Francia foi e segue a ser un Estado centralista política e administrativamente, aínda que se propugnara unha descentralización administrativa, a principios dos 80 e desde o ano 2003. En consecuencia, as funcións, tamén administrativas, e o tamaño do Estado central, e polo tanto dos seus servizos desconcentrados territoriais, é moito maior que no Estado español. Por ese carácter centralista, tamén pervive un maior nivel de control e supervisión dos entes descentralizados.

- 3ª En España, desde 1997, establécese con determinación a superioridade xerárquica dos delegados do goberno sobre os subdelegados do goberno na provincia, dotando aos primeiros dos mecanismos xurídicos necesarios para garantir esta superioridade. En cambio, os prefectos departamentais ostentan as súas propias competencias, diferentes ás dos prefectos rexionais, e seguen a ser nomeados desde París.

- 4ª En España, tamén coa LOFAXE, establécese un principio xeral de integración dos servizos periféricos do Estado, preferentemente nas delegacións do goberno, aínda que tras o desenvolvemento normativo posterior a maioría dos servizos do Estado seguen sendo servizos non integrados. En Francia si se produciu unha integración no nivel departamental, pero non no nivel rexional, onde cabe prever que a lóxica ministerial se siga impondo na práctica, sendo difícil que o prefecto rexional poida desenvolver a súa función de coordinación, establecida a nivel normativo coa estrutura actual da prefectura, moi semellante por outro lado á que se dotaba ao delegado do goberno na súa lei de creación, en 1983.

En consecuencia, no chanzo rexional constátase un maior avance da lóxica transversal a nivel normativo en España, aínda que na práctica tamén en España gran maioría dos servizos, mesmo os integrados, funcionan cunha grande autonomía e dependencia de Madrid. Esta situación débese, en primeiro lugar, a que os servizos desconcentrados reciben as súas ordes directamente desde Madrid, sen que os ministerios cursen as súas instrucións a través dos delegados do goberno. En segundo lugar, a que os delegados do goberno teñen a miúdo perfís moi políticos, sen que se busquen perfís tecnócratas con vocación de dirixir ou, polo menos, coordinar tecnicamente os servizos periféricos do Estado, máis alá das materias de mantemento da orde pública e seguridade cidadá.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Chegados a este punto, realizaremos unhas reflexións finais sobre as principais problemáticas subxacentes no deseño das Administracións periféricas de ambos os dous países na actualidade.

## 4 Reflexións finais sobre o modelo de Administración periférica do Estado

### 4. O caso francés: a difícil rexionalización da acción do Estado

Parece que a idea de seguir unha lóxica transversal e territorial das políticas públicas no ámbito territorial da rexión, sobre todo a nivel das competencias en materia de política económica, é unha estratexia comunmente aceptada en Europa<sup>41</sup>.

Esta idea de territorializar a acción do Estado, sobre todo en materia de planificación económica, está presente nas reformas da Administración periférica do Estado en Francia desde os anos 60, sobre todo mediante a creación e progresivo fortalecemento da figura do prefecto de rexión. A esta mesma idea responde tamén a creación, como ente descentralizado administrativamente, da rexión, á que se lle atribuíron tamén funcións de coordinación das accións de política económica, medioambientais e de ordenación do territorio e de definición e xestión da formación profesional na rexión<sup>42</sup>.

Non obstante, o liderado do prefecto de rexión nesta tarefa, tanto na fase de definición da estratexia como, sobre todo, da súa tradución en programas e accións sectoriais concretas, atopa na actualidade certos obstáculos:

En primeiro lugar, non se lle atribuíron suficientes poderes sobre as estruturas ministeriais: non ostenta ningún poder sobre o nomeamento e cesamento dos directores rexionais, que seguen a ser nomeados polos ministros, nin sobre a execución orzamentaria dos créditos (tan só se lle outorga un poder de supervisión no reparto destes entre os servizos), polo que é moi difícil que poida impoñerlles a súa autoridade.

Adicionalmente, tampouco se lle dotou da infraestrutura propia necesaria para poder ter un coñecemento e exercer un control efectivo da acción dos servizos ministeriais, xa que conta cunha infraestrutura moi exigua (composta polos encargados de misión, que son a miúdo estruturas unipersonais, encargadas dun ámbito de extensión ás veces coincidente cunha ou varias direccións rexionais). Por outro lado, o crecemento destas estruturas parece que resulta disfuncional e ineficiente, pois supón duplicar funcións cos servizos ministeriais.

En segundo lugar, a atribución desta función a un funcionario do Estado, que ademais ten a obriga de rotar periodicamente, resulta disfuncional, xa que non se garante o seu coñecemento do territorio e as súas especificidades. Ademais, os prefectos ata agora teñen un perfil profesional propio do Ministerio do Interior, con competencias específicas en materia de seguridade e xestión de crises, máis que no campo do desenvolvemento económico,

41 A actuación da Unión Europea en materia de desenvolvemento económico, baseada na unidade territorial rexional desde a mesma creación da Dirección Xeral de Política Rexional a finais dos anos 60, así como a prosecución das actuacións neste ámbito, son boa mostra diso.

42 Véxase o Informe Balladur : Balladur, E., *Comité pour la réforme des collectivités locales. Il est temps de décider*, La Documentation française, mars 2009, pp. 31 e ss.

polo que resultaría máis axeitado diferenciar o perfil e o posto de prefecto de rexión do de prefecto de departamento. O prefecto de rexión responde a unha lóxica totalmente diferente ao prefecto de departamento. O prefecto de rexión debería ser máis ben dun corpo técnico xeralista, en vez de provir do corpo prefectoral do Ministerio do Interior.

Outro obstáculo a esa función de dirección e coordinación da política rexional é o da deficiente coordinación coa colectividade local de nivel rexional, a rexión (co seu presidente e *Conseil Rexional*), que nin sequera está presente no CAR. Neste sentido, a descentralización administrativa veu a dificultar aínda máis a coordinación da acción pública no territorio.

Por todas estas razóns non parece que o empeño dos reformadores da RXPP en erixir ao prefecto de rexión en impulsor da política do Estado no territorio vaia consolidarse na práctica. Parece máis ben que onde si pode erixirse en impulsor e responsable rexional é no ámbito das fusións e reorganizacions de servizos, xa que, en efecto, as propostas neste sentido foron elevadas a París a través do prefecto de rexión, e este foi e segue a ser o interlocutor da Administración central neste terreo<sup>43</sup>.

Abundando na cuestión de como acadar unha territorialización de determinadas políticas do Estado, sobre todo en materia de ordenación do territorio e planificación económica, a forma máis axeitada parece a da descentralización. Deste modo, a necesaria coordinación entre políticas realizaríase por cargos electos e técnicos da propia Administración territorial vinculados por unha relación de servizo á Administración propia dese territorio. Sería por iso máis axeitado que as competencias ligadas ao desenvolvemento económico rexional fosen exercidas por un ente descentralizado, tal como ocorre en España, cun presidente e un órgano colexiado interministerial de autogoberno.

Non obstante, para que ese labor de planificación poida realizarse axeitadamente, tanto na fase de deseño como na fase de implementación, debería ser realizada por unha Administración descentralizada forte, con competencias nun gran número de materias ligadas ao desenvolvemento económico (tales como a ordenación do territorio, vías de comunicación e transportes, agricultura e pesca, industria, turismo e comercio, cultura, medio ambiente, formación profesional e universitaria, etc.), e non só administrativas, senón tamén normativas. No marco dun Estado centralista como o francés, a rexión francesa non pode ostentar competencias legislativas nin parece que vaia reunir tampouco competencias administrativas en todas esas materias<sup>44</sup>.

43 En confirmación desta hipótese podemos traer a conto a experiencia española, que tamén intentou (primeiro coa lei de 1983, posteriormente, e con instrumentos moito máis vigorosos que os postos ao servizo do prefecto rexional a raíz da RXPP francesa, coa LOFAXE) esa dirección rexional das políticas públicas polo delegado do goberno. Ata o momento constatouse que a acción dos servizos ministeriais, tanto os que fican non integrados, como os poucos que finalmente se integraron nas delegacións do goberno, seguen dependendo funcionalmente na práctica dos seus ministerios en Madrid, e non dos delegados territoriais, que seguen limitando a súa competencia ás funcións de seguridade pública e xestión de crises. E iso nun Estado como no español, política e administrativamente descentralizado, no que o número de competencias administrativas no Estado son moito menores que en Francia.

As delegacións do goberno na actualidade exercen basicamente un control sobre a xestión de recursos humanos das delegacións e subdelegacións (incluíndo o persoal dos servizos integrados), elaborando as relacións de postos de traballo correspondentes, así como un control dos medios materiais, ao ostentar a habilitación de Capitulo II (gastos en bens e servizos), isto é, exercen basicamente como xefes de servizos comúns da delegación e subdelegacións do goberno. É probablemente nestas competencias internas de carácter transversal onde os prefectos de rexión atoparán menores obstáculos á súa consolidación.

44 Esta situación constitúe un argumento a favor da tese de que a forma de estado máis axeitada nos estados de certa extensión e alta densidade de poboación en todo o territorio é a federal ou politicamente descentralizada, de modo que a planificación económica territorial poida realizarse polos entes politicamente descentralizados, sen prexuízo de que outras razóns, de índole histórico-cultural, poidan prevalecer nesta cuestión.

En todo caso, aínda que sexa para unha mera coordinación das políticas sectoriais no territorio, parece difícil que o prefecto de rexión, coa súa débil configuración actual, poida realízarla. Tal función esixiría unha integración efectiva das direccións rexionais nas prefecturas rexionais, un poder de nomeamento dos directores rexionais, e dos prefectos departamentais, polo prefecto de rexión, así como a atribución de poderes na execución orzamentaria dos créditos ministeriais, así como un necesario cambio a un perfil técnico de tipo xerencial nos prefectos rexionais.

## 4.2 O caso español: a necesidade dunha nova revisión da Administración periférica do Estado

No caso español, o delegado do goberno non ten como misión principal, como o prefecto rexional francés tras as reformas operadas no marco da RXPP, a de acadar a territorialización da acción de goberno e a elaboración da estratexia do estado na Rexión, sobre todo en materia de planificación económica. A consecución deste obxectivo no Estado español tras a Constitución de 1978 canalizouse fundamentalmente a través da descentralización a favor das comunidades autónomas, que asumiron as competencias en materia de desenvolvemento e planificación económica, ao lado da gran maioría das competencias sectoriais necesarias para implementala.

As funcións principais atribuídas aos delegados do goberno na LOFAXE son, ademais das referidas ao mantemento da orde pública e da seguridade cidadá, as de dirección dos servizos integrados do Estado no territorio e de supervisión e impulso dos non integrados e exercer a coordinación e cooperación coas comunidades autónomas (e entidades locais), así como o control de legalidade da súa acción.

Tal como sinalamos anteriormente, na actualidade os delegados do goberno non exercen na práctica nin o impulso e coordinación da acción dos servizos non integrados, nin tampouco están exercendo a dirección político-técnica da acción ordinaria dos servizos integrados (respecto de cuxos titulares ostentan poderes de nomeamento), debido aos perfís puramente políticos —e non técnicos— que normalmente teñen os delegados e mesmo os seus colaboradores directos (secretario xeral, subdelegados).

En canto á coordinación político-técnica da acción do Estado coa comunidade autónoma, tampouco se realiza a través dos delegados do goberno, senón fundamentalmente de modo sectorial e, xeralmente, ademais, centralizado en Madrid.

Finalmente, tamén o labor tradicional de control de legalidade dos actos das comunidades autónomas e entidades locais foi perdendo intensidade ao longo dos últimos 20 anos, sendo actualmente practicamente anecdótica.

En resumo, podemos constatar que, na práctica, a configuración e funcións que a LOFAXE pretendeu atribuír hai xa catorce anos aos delegados do goberno, máis alá daquelas en materia de interior, non se consolidaron na práctica<sup>45</sup>.

---

45 Véxase o *Informe de Evaluación sobre el Funcionamiento de los Servicios de la Administración Periférica del Estado en 2010*, consultable en: <http://www.seap.minhap.gob.es>, en especial as pp. 25 e ss.

Ante esta constatación, cabe cuestionarse cal ha de ser o papel dos delegados do goberno nun Estado política e administrativamente moi descentralizado, como é o noso na súa configuración actual.

Parece que as súas funcións poderían reconducirse ás seguintes:

- 1ª Coordinar, máis que impulsar, a acción dos servizos non integrados e dirixir efectivamente os servizos integrados.

Como vimos, a maioría dos servizos do Estado no territorio non se integraron nas delegacións do goberno. Non parece realista nin tampouco prioritario postular a súa integración, ao tratarse na súa maioría de servizos altamente tecnificados. Respecto dos mesmos, o labor do delegado sería o de detectar e evitar incoherencias en políticas que interaccionen (por exemplo, en materia de infraestruturas). Respecto dos poucos servizos non integrados que, residualmente, quedan nas delegacións do goberno, a súa función si debe seguir sendo a de dirixilos, aínda que formulándose en cada caso se é necesaria a súa implantación provincial, con dependencias nas subdelegacións ou mesmo se é necesaria a súa implantación rexional ou se, pola contra, sería suficiente a súa prestación directamente desde Madrid e/ou por medios telemáticos.

- 2ª Exercer o necesario control de legalidade dos actos e normas das comunidades autónomas e entidades locais.

- 3ª Informar aos servizos centrais encargados da planificación económica nacional ou aos ministerios, respecto da acción dos servizos do Estado no territorio, así como das accións da comunidade autónoma (configurándose como unha sorte de embaixador do Estado na comunidade autónoma). Tal labor de información podería ir tendencialmente acompañado, na medida en que os medios que se poñan á súa disposición o permitan, dun labor de asesoramento aos servizos centrais, sexa de carácter transversal ou ministerial, de acordo co que xa actualmente sinala o artigo 23.2 da LOFAXE, respecto da concreción das políticas nacionais no seu territorio.

- 4ª A coordinación e cooperación política coa comunidade autónoma.

Esta función debería potenciarse, precisamente con base á posición preeminente das comunidades autónomas no territorio. Neste sentido, os delegados do goberno serían tamén os interlocutores territoriais do goberno central de carácter transversal que poderían apoiar ás comunidades autónomas nos seus labores de planificación económica.

Para propiciar unhas exitosas relacións de colaboración parece axeitado que as comunidades autónomas fosen consultadas preceptivamente no nomeamento dos delegados do goberno.

- 5ª Exercer as funcións de mantemento da orde pública e seguridade cidadá e xestión de crises.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

- 6ª Exercer as accións conxunturais de carácter transversal que requiran unha implantación no territorio que lles sexan encomendadas desde Madrid.<sup>46</sup>
- 7ª Como xefe dos servizos comúns da delegación, subdelegacións e servizos integrados, correspóndelle tamén al delegado propoñer e dirixir as reorganizacións administrativas necesarias no seo das mesmas, en particular, ao fío das transferencias de competencias ás comunidades autónomas.

En suma, as funcións principais do delegado serían as de evitar incoherencias na acción do Estado no territorio, informar aos servizos centrais transversais da acción do Estado e da comunidade autónoma e, tendencialmente, consolidar unha función de asesoramento na planificación económica do Estado respecto do seu territorio (o que vería unido ao incremento das unidades de estudos nas delegacións), e exercer as funcións en materia de mantemento da orde pública e seguridade cidadá. Adicionalmente, exercer a coordinación política coa comunidade autónoma e entes locais e aquelas funcións de coordinación técnica de carácter transversal que se lle encomenden desde Madrid e coordinar a necesaria reorganización e racionalización dos servizos das delegacións, subdelegacións e servizos integrados.

Para o axeitado exercicio das súas funcións parece imprescindible unha profesionalización da figura, esixíndose que sexa nomeado entre funcionarios do grupo A1, tal como ocorre cos prefectos franceses, aínda que tal como propugnamos respecto dos prefectos rexionais, parece máis axeitado que proveñan dun corpo xeralista, para o axeitado desempeño das súas funcións “xerenciais”, podendo ter delegadas ou mesmo desconcentradas nun órgano dependente do delegado do goberno as funcións de seguridade e mantemento da orde pública.

## 5 Conclusións finais

Na actualidade, o principal desafío ao que se enfrenta a Administración periférica do Estado en Francia é o de acadar unha maior coordinación e unidade de acción do Estado no ámbito rexional, fundamentalmente no ámbito da planificación económica, pois é o nivel rexional o que a Unión Europea sinalou como o óptimo para a acción pública nesta materia.

Esta coordinación é dificultada pola aínda forte dependencia dos directores rexionais respecto dos ministerios en París, así como pola atribución de competencias ás colectividades territoriais, sobre todo a Rexión, que responde ás súas propias lóxicas políticas, o que dificulta a súa coordinación co Estado.

Adicionalmente, a función de dirección e coordinación rexional demanda un cambio de perfil do prefecto rexional cara funcionarios de corpos “xerenciais” e non vinculados á materia de interior.

En todo caso, parece que a actividade de deseño e implementación da planificación económica require dunha Administración con competencias nun gran número de materias ligadas

---

46 Como exemplo destas accións conxunturais de carácter transversal podemos citar o labor de información e asesoramento na presentación polos concellos das solicitudes do “Plan E”, que se realizou a través das delegacións do goberno. Non obstante, parece aconsellable que as actividades executivas conxunturais que sexan necesarias sexan exercidas polas CCAA vía encomenda de xestión.

ao desenvolvemento económico e non só administrativas, senón tamén normativas, que non ostentan nos estados centralistas nin as prefecturas rexionais, nin tampouco as colectividade locais, o que apunta cara unha vantaxe técnica neste campo nos estados federais ou politicamente descentralizados.

No caso español, a principal problemática aínda non resolta na Administración periférica estatal é a derivada da presenza das Administracións autonómicas. Esta presenza aconsella a cesión de todas aquelas competencias administrativas non ligadas ao mantemento dos principios de unidade e solidariedade nacionais, concentrándose a Administración periférica estatal nas funcións de coordinación coa acción autonómica e de asesoramento ao Estado central na concreción no seu territorio das políticas nacionais, así como o necesario control da legalidade da actividade autonómica e local.

Finalmente, para o axeitado exercicio tanto as funcións de execución e coordinación sobre os servizos periféricos do Estado, como as de coordinación técnica coas comunidades autónomas, que ostentan os delegados do goberno, parece aconsexable introducir a esixencia de que sexan nomeados de entre funcionarios do subgrupo A1, completando así a profesionalización prevista na LOFAXE para os restantes órganos directivos da Administración Xeral do Estado.

## 6 Bibliografía

### 6.1 Bibliografía utilizada

Arenilla, Manuel, *Modernización de la Administración periférica*, Ministerio de Administraciones Públicas, 1991.

Bezes, Philippe et Le Lidec, Patrick, «L'hybridation du modèle territorial français. RGPP et réorganisation de l'État territorial», *Revue française d'administration publique*, n.º 136, 2010, p. 919-942.

Balladur, F. (coord.): *Comité pour la réforme des collectivités locales. Il est temps de décider*, La Documentation française, mars 2009 (Informe Balladur).

Camdessus, Michel, *Le Sursaut. Vers une nouvelle croissance pour la France*, La Documentation française, 2004 (Informe Camdessus).

Castells Arteché, J. M., "La reforma de la Administración periférica do Estado", *Anuario Jurídico de La Rioja*, núm. 1, 1995.

López Gorra, Luis, "Organización Periférica en la Ley de Organización y Funcionamiento de la Administración Pública", *Documentación Administrativa*, n.º 246-247, setembro 1996-abril 1997.

Péberau, Michel, *Rompre avec la facilité de la dette publique. Pour des finances publiques au service de notre croissance économique et de notre cohésion sociale*, Ministère de l'Économie, des Finances et de l'Industrie, La Documentation française, 2005.

Regap



ESTUDOS E NOTAS

Pérez Calvo, Alberto, "Administración Periférica del Estado: el Delegado del Gobierno en el Estado Autonómico", *Revista Jurídica de Navarra*, núm. 32, 2001.

Sánchez Morón, Miguel, "Racionalización administrativa y organización territorial", *Revista Española de Derecho Constitucional*, núm. 40, 1994.

Sarmiento Acosta, Manuel J., *La organización de la Administración periférica*, Ministerio de Administraciones Públicas, 1997.

Tornos Más, Joaquín, "La reforma de la Administración periférica del Estado", *Documentación Administrativa*, n.º 246-247, setembro 1996-abril 1997.

Tulard, Marie-José, «Les services déconcentrés: le besoin d'un État territorial plus cohérent et plus efficace», *La réforme de l'État*, La Documentation française, Cahiers français, n.º 346, 2008, pp. 45-49.

Vivancos Comes, Mariano, "Gobernadores civiles: crónica de una muerte anunciada. La figura del subdelegado del gobierno", *Cuadernos Constitucionales de la Cátedra Furió Ceriol*, 18/19, 1997.

VV.AA., *Service Publique, Dossier Réorganisation territoriale de l'État: piloter et accompagner la mise en œuvre*, n.º 143, xuño 2009.

VV.AA.: *La coordination du travail interministériel: mission d'audit de modernisation*, Conseil d'État et Inspection Générale des Finances Publiques, La Documentation française, 2007.

## 6.2. Recursos electrónicos

Informes de seguimiento da RXPP (desde decembro de 2008 ata o 10 de maio de 2012)

- *RXPP: primeiro informe de etapa ao Presidente da República* (decembro de 2008)
- *RXPP: segundo informe de etapa ao Presidente da República* (maio de 2009)
- *RXPP: terceiro informe de etapa ao Presidente da República* (febreiro de 2010)
- *RXPP: cuarto informe de etapa ao Presidente da República* (xuño de 2010)
- *5º Consello de modernización das Políticas Públicas* (marzo de 2011)
- *6º Consello de modernización das Políticas Públicas* (decembro de 2011)

Consultados na páxina web dedicada á Revisión Xeral das Políticas Públicas: <http://www.rgpp.modernisation.gouv.fr>.

- Sobre a reforma das colectividades locais en Francia: <http://www.interieur.gouv.fr/sections/reforme-collectivites>.
- *Informe de Avaliación sobre o Funcionamento dos Servizos da Administración Periférica do Estado en 2010* (n.d.), consultado na páxina web da Secretaría de estado de Administración Pública: <http://www.seap.minhap.gob.es>.



# Regap

Comentarios e crónicas

2



# Crónica parlamentaria do primeiro período de sesións de 2014. Aspectos institucionais da Cámara e avaliación lexislativa da Lei de turismo de Galicia

Crónica parlamentaria del primer período de sesiones de 2014.

Aspectos institucionais de la Cámara y evaluación legislativa de la Ley de Turismo de Galicia

Parliamentary chronicle of the first period of sessions of 2014.

Institutional aspects of the Chamber and legislative evaluation of the Law of Tourism of Galicia

46  
Regap

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

PATRICIA MURIAS GIL

Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España)  
patriciamuriasgil@gmail.com

XOSÉ ANTÓN SARMIENTO MÉNDEZ

Secretario xeral da CALRE  
Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España)  
secretaria.oficialia@parlamentodegalicia.es

Recibido: 02/06/2014 | Aceptado: 05/06/2014

**Índice:** I. Introducción. II. Composición da Cámara. Baixas e altas de deputados. III. Reunións dos órganos da Cámara. Calendario de actividades. IV. Procedementos de natureza normativa. V. Procedementos de control, impulso e información. VI. Declaracións institucionais. VII. Procedementos de control económico e orzamentario. VIII. Procedementos relativos a outras institucións e órganos. IX. Procedementos de designación e propostas de nomeamento. X. Solicitude de creación de comisións non permanentes. XI. Solicitude de creación de comisións de investigación. XII. Avaliación lexislativa da Lei de turismo de Galicia.

## I Introducción

A actividade parlamentaria deste período de sesións viuse complementada coa importancia que supón asumir a presidencia da CALRE por parte da Presidencia do Parlamento de Galicia.

O acto de traspaso da titularidade da presidencia tivo lugar na sede do lexislativo galego e contou coa asistencia da presidenta saínte da CALRE e titular do Parlamento de Bruxelas Capital, Françoise Dupuis, o presidente da Xunta de Galicia, o delegado do Goberno, o alcalde de Santiago, os integrantes da Mesa do Parlamento e portavoces dos grupos parlamentarios, e a presidenta do Parlamento das Illas Baleares na súa condición de actual presidenta da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos de España (COPREPA), entre outras personalidades.

Pilar Rojo foi elixida presidenta da CALRE por unanimidade na Asemblea anual desta organización celebrada en Bruxelas a finais de outubro de 2013. Daquela, Rojo Noguera declarou que asumía esta responsabilidade co reto de acadar unha maior colaboración entre todos os parlamentos rexionais que forman parte da CALRE como foro de debate e de intercambio de experiencias<sup>1</sup>.

## Aspectos institucionais da presidencia da CALRE neste período de sesións

Hai que destacar a intervención da presidenta do Parlamento na súa condición de presidenta da CALRE en el Annual Meeting of Taiwan Local Councils Representatives Community Forum (TCF) que dá conta do alcance da presidencia desta organización internacional interparlamentaria.

A **CALRE** son as siglas de “Conference of Regional Legislative Assemblies of the European Union” (Conferencia de Asembleas Rexionais con poder lexislativo) e está composta por **74 Asembleas Rexionais** con poder lexislativo de **8 países** da Unión Europea que representan máis de 200 millóns de habitantes. Os 8 países son os seguintes: **Bélxica, Alemania, Italia, Austria, Portugal, Reino Unido, Finlandia e España**.

A CALRE componse de catro órganos principais e dous órganos subsidiarios e o seu funcionamento atópase regulado polo Regulamento interno da CALRE.

Os catro **órganos principais** da CALRE son: a Presidencia, a Vicepresidencia, o Comité Permanente e a Asemblea Xeral.

**A Presidencia:** é o representante da CALRE e ten potestade para tomar todas as decisións relativas á aplicación das decisións adoptadas polos órganos da asociación. É de duración anual, a solicitude do membro interesado.

**O Comité Permanente:** está formado por o/a presidente/a da actual Conferencia, o/a vicepresidente/a, un presidente/a por estado e o/a presidente/a dos grupos de traballo. E tal e como se establece no noso Regulamento interno, reunírase un máximo de tres veces ao ano.

**A Asemblea Plenaria:** convócase unha vez ao ano, concretamente a celebramos nos días 6, 7, 8 de novembro de 2014.

Os órganos subsidiarios da CALRE son: a Secretaría Xeral e os Grupos de Traballo.

---

1 [Acción exterior autonómica y parlamentos territoriales: recapitulación a la luz de la STC 31/2010, de 28 de junio](#) Xosé Antón Sarmiento Méndez. Anuario da Facultade de Dereito de Ourense, ISSN 1695-3452, Nº. 1, 2009-2010, páxs. 427-454.

Durante a Presidencia 2014 da CALRE establecéronse cinco **Grupos de Traballo**:

- O Grupo de Traballo sobre a subsidiariedade
- O Grupo de Traballo sobre política de cohesión
- O Grupo de Traballo sobre e-democracia
- O Grupo de Traballo sobre inmigración
- O Grupo de Traballo sobre políticas territoriais e do medioambiente da Unión Europea

A CALRE fundouse en Oviedo o 7 de outubro de 1997 co obxectivo de outorgar un papel máis influente aos Parlamentos rexionais no procedemento legislativo europeo.

Como base para o desenvolvemento da CALRE tivéronse en conta declaracións centradas nas relacións do Parlamento Europeo cos Parlamentos rexionais; no papel dos Parlamentos rexionais nas políticas da Unión Europea e no principio de subsidiariedade.

Por que resulta importante o labor da CALRE?

Porque o **Parlamento Europeo** desempeña un papel importante no **procedemento legislativo europeo**, xa que se converte en colexislador xunto co Consello da Unión Europea, e as políticas europeas interfírense, cada día máis, no ámbito das competencias que corresponden aos parlamentos rexionais. E o **principio de subsidiariedade**<sup>2</sup>, regulado no art.5 do Tratado da Unión Europea, é o principio base da defensa dun goberno de proximidade na Unión Europea. Encárgase de asegurar que as decisións tomadas en Europa se realicen ao nivel máis próximo posible dos cidadáns. Isto implica que as decisións adoptadas a nivel europeo deberán xustificarse en relación coas posibilidades dispoñibles a nivel nacional, rexional ou local. Agás nos seus ámbitos de competencia exclusiva, só intervén na medida en que a súa acción sexa máis eficaz que unha intervención a nivel nacional, rexional ou local. Este principio, está estreitamente vinculado ao principio de proporcionalidade en virtude do cal a acción da UE non debe exceder do necesario para acadar os obxectivos dos Tratados.

Por todo iso, durante os seus primeiros anos a CALRE centrou o seu traballo:

- no reforzamento das **relacións entre o Parlamento Europeo e os Parlamentos rexionais**.
- na defensa do **dereito de acción directo** ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- na defensa dunha **clara división de competencias** entre os diferentes niveis de poder, desde o máis inferior, o nivel local e rexional, ata o nivel superior, o nivel europeo, pasando polo nacional.

<sup>2</sup> [El Sistema de Alerta Temprana para el control de la subsidiariedad](#): su aplicación por el Parlamento Vasco. [José Luis de Castro Ruano](#). Revista CIDOB d'afers internacionals, ISSN-e 1133-6595, N.º 99, 2012. (Exemplar dedicado a: Las comunidades autónomas españolas en el proceso decisorio de la UE. Un callejón con salida), páxs. 93-111.



- na **participación dos parlamentos rexionais** con poder lexislativo no **procedemento lexislativo europeo**.
- e no establecemento de **comisións de asuntos europeos nos parlamentos rexionais**.

Coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa no 2009, acadáronse algúns logros en relación co principio de subsidiariedade<sup>3</sup> xa que a partir deste momento os Parlamentos rexionais obteñen un maior papel como defensores deste principio a escala europea a través do sistema de alerta temperá. Este sistema permítelles abordar as iniciativas europeas nunha fase inicial do procedemento lexislativo para determinar se vulneran as competencias rexionais ou non.

Pero, tamén quedaron sen abordar outros temas reivindicados dende a existencia da CALRE como é o dereito de acción directo ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) tras a aprobación do Tratado de Lisboa. Este dereito outorga o poder de acudir ante o Tribunal de Xustiza da UE para a defensa dos dereitos vulnerados por parte das institucións europeas. Non obstante, este dereito si foi concedido ao Comité das Rexións (órgano representativo da voz das autoridades rexionais e locais da UE).

Por iso, desde o 2009 a estratexia da CALRE foi dirixida cara a un enfoque de representatividade máis directa ante as institucións europeas, desprazando as súas reunións de traballo a Bruxelas, centro institucional e do procedemento lexislativo europeo.

Na actualidade tamén podemos sinalar que unha das liñas estratéxicas da CALRE céntrase en solicitar unha maior presenza dos entes rexionais con capacidade lexislativa no seo do Comité das Rexións (CdR), órgano europeo encargado de representar os niveis de goberno sub-estatais, como punto de partida para reivindicar a defensa dos seus intereses na escena europea.

Durante a presidencia 2014, presidencia que recae sobre o Parlamento de Galicia, o programa de traballo anual da CALRE establece as seguintes prioridades:

- **Reforzar a colaboración da CALRE coas institucións europeas**, como son o Comité das Rexións, a Comisión Europea e o Parlamento Europeo. O obxectivo é o de aumentar a visibilidade da realidade rexional europea, amosando as súas fortalezas para o servizo público e para a participación cidadá.
- A promoción da **participación dos parlamentos rexionais no proceso ascendente de formación do dereito da Unión**.
- **Manter os vínculos establecidos coas asociacións que representan ás entidades locais e rexionais**, coa finalidade de establecer accións conxuntas e, en especial, traballar en liñas de democratización do Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa.

3 El parlamentarismo español ante el sistema Alerta Temprana sobre el Principio de Subsidiariedad: a propósito de la V Conferencia sobre subsidiariedad (2011) José Joaquín Fernández Alles. Revista General de Derecho Constitucional, ISSN 1886-6212, Nº. 11, 2011, pág. 5.

- **Reforzamento na observancia do principio de subsidiariedade**<sup>4</sup> como garantía para a execución eficiente das iniciativas legislativas europeas.
- **Regulación intelixente e Programa de adecuación e eficacia da regulamentación** coa finalidade de analizar a incidencia que ten o fenómeno da lexislación excesiva (goldplanting) por parte dos Estados membros sobre o reparto de competencias normativas cos entes sub-estatais a fin de evitar que os custos, políticos e económicos, da busca da eficacia regulatoria tendan a recaer acriticamente sobre as rexións con competencia lexislativa.
- **Traballar coa Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (FRA)** en proxectos de defensa e estudo de dereitos, sobre todo conectados co nivel lexislativo e a representación cidadá.
- **Colaborar co Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas**, examinando a calidade da lexislación propia no fortalecemento dos dereitos fundamentais.
- O seguimento do procedemento de execución de la política de cohesión na Unión Europea que posúe espacial incidencia sobre os entes rexionais e locais.
- Crise e oportunidade post-2015: **o rol esencial das autoridades rexionais nos procesos de descentralización do poder** e da toma de decisións **como mecanismo de desenvolvemento sostible**, apoderamento cidadán e a loita contra a pobreza.
- **Impulso para unha maior colaboración entre todos os membros da CALRE**, como foro de debate e de intercambio de experiencias fomentando un maior achegamento entre todos os integrantes da CALRE.
- **Eleccións ao Parlamento Europeo 2014**. A CALRE debe contribuír a mobilizar aos cidadáns para superar os elevados niveis de abstención que caracterizan aos comicios europeos e reforzar así a lexitimidade democrática da UE. Os parlamentos rexionais desempeñan, pola súa proximidade ao cidadán, un papel esencial á hora de promover unha dinámica de maior participación en asuntos europeos.
- **O Parlamento rexional como un referente, o parlamento rexional como unha necesidade**. A permanente actualización das cámaras rexionais permitirá satisfacer as novas esixencias cidadás que xiran arredor de perspectivas de acción con máis expectativas.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

## II Composición da Cámara. Baixas e altas de deputados

Non se produciron dentro deste período renuncias á condición de deputado.

4 [El control de la subsidiariedad por los parlamentos regionales: recomendaciones para una estrategia europea](#), Gracia Vara Arribas, Revista “Cuadernos Manuel Giménez Abad”, ISSN-e 2254-4445, Nº. 2, 2011, págs. 1-9.

### III Reunións dos órganos da Cámara. Calendario de actividades

A ordenación do traballo parlamentario e o calendario de actividades para este período aprobouse na Mesa-Xunta de Portavoces (artigo 67 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

O resumo estatístico deste período é o seguinte:

Órgano		Núm. reunións
MESA		28
XUNTA DE PORTAVOCES		15
PRESIDENTES/AS DE COMISIÓN		6
PLENO		13
DEPUTACIÓN PERMANENTE		1
Comisións	Comisión 1ª. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior	12
	Comisión 2ª. Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos	10
	Comisión 3ª. Economía, Facenda e Orzamentos	10
	Comisión 4ª. Educación e Cultura	28
	Comisión 5ª. Sanidade, Política Social e Emprego	15
	Comisión 6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo	11
	Comisión 7ª. Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes	10
	Comisión 8ª. Pesca e Marisqueo	10
	Comisión do Regulamento	1
	Comisión do Estatuto dos Deputados	0
	Comisión de Peticións	2
	Comisión de Control da CRTVG	6
	Comisión para as Relacións co Consello de Contas	4
	Comisión de Asuntos Europeos	2
	Comisión de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia	33
	Comisión non permanente de estudo para a elaboración dunha nova Lei do solo de Galicia	12
Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade	6	
Comisión non permanente para a igualdade e para os dereitos das mulleres	8	



## IV Procedementos de natureza normativa<sup>5</sup>

Durante este primeiro período ordinario presentáronse 5 proxectos de lei:

1. Proxecto de lei de accesibilidade.
2. Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia.
3. Proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
4. Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.
5. Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Destes aprobáronse 3, xa convertidos en lei; son as seguintes:

1. Lei 4/2014, do 8 de maio, pola que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.
2. Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
3. Lei 6/2014, do 26 de xullo, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Por conseguinte, os dous proxectos de lei que se atopan en trámite son:

1. Proxecto de lei de accesibilidade.
2. Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia.

Presentáronse tamén neste primeiro período, **12 proposicións de lei**:

1. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, do Consello Consultivo de Galicia.
2. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e do Regulamento do Parlamento de Galicia.
3. Proposición de lei a iniciativa do G.P. AGE, de consultas populares de Galicia.

<sup>5</sup> Sobre esta función pode consultarse: Cuadros Anexos: Procedimiento legislativo común (multicameral); Elaboración de los presupuestos en sede parlamentaria; El derecho a la información de los parlamentarios en el proyecto de presupuestos (...). Patricia Murias Gil, Manual de actuación del parlamentario / coord. por Xosé Antón Sarmiento Méndez, Editorial El Derecho, 2011, páxs. 73-78.

4. Proposición de lei a iniciativa do G.P. AGE, de modificación da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.
5. Proposición de lei a iniciativa do G.P. AGE, de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia.
6. Proposición de lei a iniciativa do G.P. Mixto de modificación da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se regula unha rede de apoio á muller embarazada.
7. Proposición de lei a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
8. Proposición de lei a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
9. Proposición de lei a iniciativa do G.P. Mixto de derogación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
10. Proposición de Lei a iniciativa do G.P. AGE, de reforma da Lei 1/1993, do 18 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
11. Proposición de lei a iniciativa de dona Consuelo Martínez García do G.P. AGE, de modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
12. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, de dereitos e garantías da dignidade dos enfermos terminais.

Destes aprobáronse 2, xa convertidos en lei; son as seguintes:

1. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. DOG núm. 79, 25-4-14.
2. Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia. DOG núm. 80, 28-4-14.

Non se tomaron en consideración as seguintes:

1. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da lei de eleccións ao Parlamento de Galicia.
2. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
3. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.
4. Proposición de lei, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares en Galicia.

5. Proposición de lei a iniciativa do G.P. Mixto de modificación da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se regula unha rede de apoio á muller embarazada.
6. Proposición de lei a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

E dúas proposicións de lei foron retiradas antes da toma en consideración:

1. Proposición de lei a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
2. Proposición de lei a iniciativa do G.P. Alternativa Galega de Esquerda, de consultas populares de Galicia.

Xa que logo, atópanse neste momento en trámite as seguintes:

1. Proposición de lei, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular.
2. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA) de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e a constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos.
20 [Contratación y servicios turísticos: especial estudio de la legislación valenciana sobre turismo Carlos Muñoz Gil, Diario La Ley, ISSN 1138-9907, N° 7551, 2011. Un novo enfoque en: La responsabilidad social corporativa en la gestión hotelera. Marta Martos Molina. Anuario Turismo y Sociedad, ISSN-e 0120-7555, Vol. 12, 2011, páxs. 169-184.](#)

contratos de prestación de servizos<sup>21</sup>, como desde a regulación mercantil da tutela das empresas que traballan no sector<sup>22</sup>.

09/PNC-001573	14-02-2014	D. Pedro Puy Fraga Grupo Parlamentario Popular de Galicia	Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia, logo do consenso co sector, dos decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, en materia de aloxamento en hoteis e pensións, albergues, apartamentos e vivendas turísticas e establecementos de turismo rural
09/PNP-000084	07-12-2012	Dª Cristina Isabel Romero Fernández Grupo Parlamentario Popular de Galicia	Sobre a ampliación pola Xunta de Galicia do número de Oficinas de Turismo participantes no sistema de recollida, tratamento e análise da información estatística
09/PNP-001372	14-02-2014	D. Pedro Puy Fraga Grupo Parlamentario Popular de Galicia	Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia, logo do consenso co sector, dos decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, en materia de aloxamento en hoteis e pensións, albergues, apartamentos e vivendas turísticas e establecementos de turismo rural

A necesaria planificación e avaliación das decisións parlamentarias en materia turística constitúen un punto de partida incuestionable no relativo á adopción das políticas públicas nesta materia. Expertas de prestixio como a letrada das Cortes de Aragón, Olga Herrainz Serrano<sup>23</sup>, teñen manifestado as importantes diferenzas que no Estado autonómico español existen no tocante á planificación e escrutinio das políticas públicas turísticas. A sistematización e dación de conta que nestas páxinas se ven de facer respecto do tratamento parlamentario do turismo en Galicia posterior á aprobación da vixente lei autonómica poden servir de punto de partida para un estudo da reforma lexislativa da mesma, ou cando menos dun desenvolvemento regulamentario do texto lexislativo o máis aproximado posible á realidade socio-económica do país<sup>24</sup>.

21 [Contratos de aproveitamento por turno de bienes de uso turístico, de adquisición de productos vacacionales de larga duración, de reventa y de intercambio](#). María José Morillas Jarillo. [Derecho de los negocios](#), ISSN-e 2254-9013, ISSN 1130-5711, Ano n.º 23, Nº 263-264, 2012, páx. 124.

22 [Martín María Razquin Lizarraga: "Los conceptos subjetivos del derecho del turismo \(II\). El Estatuto del turista como consumidor y usuario"](#). Na obra colectiva [El derecho del turismo en el estado autonómico. Una visión desde la ley de turismo de la Comunidad Autónoma de Aragón](#). Cortes de Aragón, Zaragoza 2006, Páx. 273 e ss. Igualmente J.A. Torres Lana, M.N. Tur Fernández e J.D. Janer Torres, [La protección jurídica del turista como consumidor](#). Editorial Tiran Lo Blanch, Valencia 2003. Páx. 56.

23 "La ordenación territorial del Turismo. La Planificación turística". Na obra colectiva [El derecho del turismo en el estado autonómico. Una visión desde la ley de turismo de la Comunidad Autónoma de Aragón](#). Cortes de Aragón, Zaragoza 2006. páxina 305 e seguintes. En parecido sentido: [Reflexiones sobre seguridad, poderes públicos y actividad turística](#). Francisco Javier Blanco Herranz. [Estudios turísticos](#), ISSN 0423-5037, Nº. 160, 2004, páxs. 5-30.

24 Interesantes reflexións ao respecto: [La necesidad de una nueva perspectiva de regulación en la legislación autonómica en materia de turismo](#). Antonio Villanueva Cuevas. [Revista General de Derecho Administrativo](#), ISSN-e 1696-9650, Nº. 28, 2011.



# Xurisprudencia contencioso-administrativa

Jurisprudencia  
contencioso-administrativa

Contentious-administrative  
jurisprudence

46  
Regap

FRANCISCO DE COMINGES CÁCERES

Maxistrado (Galicia, España)  
francisco.cominges@vigo.org

Recibido: 02/06/2014 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

**Índice:** I. Ensino II. Expropiación forzosa III. Persoal IV. Proceso contencioso-administrativo V. Tributos. VI. Urbanismo e ordenación do territorio

## I Ensino

Anulación de concertos educativos con centros docentes  
privados que escolarizan alumnos dun único sexo

O **Tribunal Supremo** (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 4), na sentenza do **23 de xuño de 2014** (casación 2251/2012, relator: Excm. Sra. Teso Gamella) estimou o recurso formulado por un sindicato contra unha Orde da Xunta de Galicia pola que se aprobaron os concertos educativos cos centros privados de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, especial, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior, respecto de cinco centros docentes das provincias de A Coruña e Pontevedra que escolarizan alumnos dun único sexo. Concluíu o Tribunal nesta sentenza o seguinte:

«(...) conviene advertir que no está en cuestión la existencia de la educación diferenciada, tan legítima como el modelo de coeducación que establece la Ley. Lo que se cuestiona es que ese tipo de enseñanza acceda a la financiación pública propia de un concierto educativo. El mandato legal, en definitiva, descarta que la enseñanza sepa-

*rada, por razón de sexo, pueda acogerse al sistema de enseñanza gratuita de centros concertados sostenidos con fondos públicos.*

*El mentado artículo 84.3 [Ley Orgánica de Educación] expresa, por tanto, una opción legítima que adopta el legislador y que no contraría el artículo 27.9 de la CE que dispone que «los poderes públicos ayudarán a los centros docentes que reúnan los requisitos que la ley establezca». De modo que ese derecho que es de configuración legal no alcanza, de conformidad con lo que dispone la Ley Orgánica de Educación de 2006, a los centros docentes que opten por el modelo de educación diferenciada que no pueden ser concertados, y por ello no pueden ser sostenidos con fondos públicos.*

*Tras la expresada Ley Orgánica de Educación no resulta conforme a Derecho que esos centros privados, de educación no mixta, puedan tener la condición de concertados sostenidos con fondos públicos, cuando expresamente, insistimos, en el régimen de admisión de alumnos se prohíbe la discriminación por razón de sexo, ex artículo 84.3 de la Ley. Y esa imposibilidad de obtener conciertos para esos centros docentes tampoco perturba ningún derecho constitucional de los padres, que conservan el derecho de libre elección de centro y el de los titulares a la creación de centros con ideario o carácter propio. Sin que se vulnere el número 9 del artículo 27 de la CE porque determinados centros no puedan acceder al concierto si no reúnen los requisitos que la Ley establece.*

*También hemos señalado que ni la LODE ni la LOCE reconocen a los titulares de los centros concertados el derecho a establecer en ellos un sistema de enseñanza diferenciada como parte integrante de su derecho de creación y dirección de centros privados y que, por esta razón, deba ser aceptado como un contenido adicional de lo directamente establecido en el artículo 27 de la CE. El sistema de enseñanza mixta, en el caso de los centros concertados, es una manifestación o faceta más de esa competencia sobre la admisión del alumnado que corresponde a la Administración educativa que financia dichos centros concertados. Esto es, forma parte de esa intervención estatal que limita el derecho de dirección en los centros privados que reciben ayudas públicas, en virtud de lo establecido en el artículo 27.9 de la CE.*

*Carece, por tanto, de fundamento, atendida la configuración legal del derecho fundamental reconocido en dicho artículo 27 de la CE, que la sentencia recurrida atribuya prioridad, mediante una interpretación no conforme con nuestra reiterada doctrina, a normas reglamentarias.*

*Hemos declarado, en fin, que el artículo 10.c) de la Convención sobre la eliminación de todas las formas de discriminación contra la mujer, así como el artículo 2 a) de la Convención relativa a la lucha contra las discriminaciones en la esfera de la enseñanza de 14 de diciembre de 1.960 de la UNESCO, que cita la recurrida, que resulta significativo al respecto que las normas reguladoras del régimen de admisión de alumnos en los centros públicos, también en los concertados, no hayan incluido hasta ahora al sexo entre los motivos por los que no se puede discriminar a los alumnos (artículos 20.2 y 53 de la LODE, 3 del Real Decreto y, posteriormente, el artículo 72.3 de la Ley Orgánica 10/2002, de 23 de diciembre, de Calidad de la Educación). Es verdad que el artículo 84.3 de la Ley Orgánica, 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, sí incluye al sexo entre las causas por las que no se podrá discriminar a los alumnos en la admisión*

a los centros públicos y a los concertados. Teniendo en cuenta que su disposición adicional vigésimo quinta asegura una atención preferente y prioritaria a los centros que desarrollen el principio de la coeducación en todas las etapas educativas.

En definitiva, no pueden comprometerse los fondos públicos, por la vía de los conciertos educativos, más allá de los supuestos previstos por la Ley.

Por cuanto antecede, procede declarar haber lugar al recurso de casación, pues la sentencia ha infringido el artículo 84.3 de la Ley Orgánica de Educación de 2006 y la jurisprudencia dictada en su aplicación. Y estimar el recurso contencioso administrativo, anulando la Orden impugnada respecto de la aprobación de los conciertos educativos a los cinco centros privados a que se refiere el presente recurso».

## II Expropiación forzosa

### Expropiación da illa de Cortegada

Na interesante sentenza do Tribunal Supremo (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 5<sup>a</sup>) do 30 de abril de 2009 (casación 1949/2005, relator: Excmo. Sr. Yagüe Gil) sobre o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da illa de Cortegada resumíuse a súa historia recente nos seguintes termos:

«(...) la isla litigiosa se sitúa en el término municipal de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), en el interior de la ría de Arousa, a unos 200 metros de distancia de la costa más cercana. Dispone de unas 50 hectáreas de superficie y está deshabitada desde tiempo atrás.

En el año 1910 se donó su propiedad al entonces Rey de España Alfonso XIII con la idea de que estableciese en ella su residencia de verano, contribuyendo así a la revitalización económica de la zona. Dicha residencia no se llegó nunca a construir. En 1958 adquirió la isla su heredero Don Juan quien, a su vez, procedió a venderla en el año 1978 a la entidad mercantil "Cortegada S. A." por el precio de 60 millones de pesetas (360.607,26 euros). En la escritura de compraventa otorgada se hizo constar el propósito de dicha mercantil de urbanizar la isla, con un uso "turístico-residencial" y una edificabilidad de 0,8 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup>.

En el Plan General de Ordenación Urbana de Vilagarcía de Arousa aprobado en 1986 se clasificó la isla como "suelo urbanizable programado", pero con la siguiente salvedad, contenida en su disposición transitoria tercera: "Si transcurrido el plazo de dos años, contados a partir de la aprobación definitiva de este Plan General, no se hubiesen iniciado las obras de urbanización y siempre que ello no se debiera a causas imputables a la Administración, los terrenos pasarán, automáticamente y sin necesidad de modificar el Plan a la categoría de Suelo no Urbanizable de Protección Especial del Litoral Costero". En el año 1987 se aprobó el Plan Parcial de la isla, promovido por "Cortegada S.A.". El Proyecto de Urbanización no se llegó nunca a aprobar.

Mediante Decreto de la Xunta de Galicia 193/1991, de 16 de mayo, se estableció un "régimen de protección preventiva para la isla de Cortegada", en aplicación de lo dispuesto en el artículo 24 de la Ley estatal 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

*de los Espacios Naturales y de la flora y fauna silvestre. Dicho Decreto fue impugnado por la entidad mercantil "Cortegada S.A. ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el recurso contencioso administrativo 4591/1992, que resultó desestimado por sentencia de 21 de diciembre de 1995. Contra ella interpuso el recurso de casación n.º 5232/1996, que fue también desestimado por sentencia de esta Sala del Tribunal Supremo de 10 de julio de 2002.*

*Por otra parte, la isla fue declarada "espacio natural" protegido en las Normas Subsidiarias de Planeamiento de la provincia de Pontevedra, aprobadas el 14 de mayo de 1991 y publicadas en el Diario Oficial de Galicia de 19 de junio del mismo año.*

*Mediante Orden Ministerial de 21 de octubre de 1992 se aprobó el deslinde del dominio público marítimo terrestre de la isla, estableciéndose al mismo tiempo una servidumbre de protección de costas de cien metros desde la ribera del mar. Fue impugnada por la entidad "Cortegada S.A." ante la Audiencia Nacional en el recurso contencioso administrativo 278/1997, que resultó desestimado por sentencia de 26 de noviembre de 1999. Se interpuso también contra ella recurso de casación (n.º 2464/2000), que se desestimó en la sentencia de esta Sala de 17 de diciembre de 2003.*

*Asimismo, en fecha 25 de septiembre de 1996 el Ministerio de Medio Ambiente resolvió denegar a la citada entidad mercantil la concesión solicitada para la ocupación de los terrenos de dominio público marítimo terrestre necesarios para la ejecución de un puente de acceso a la isla. Impugnó también dicha resolución ante la Audiencia Nacional en el recurso 431/1997, que fue desestimado por sentencia de 22 de septiembre de 2000. Contra ella interpuso a su vez recurso de casación ante el Tribunal Supremo (n.º 1799/2001), que fue desestimado por la sentencia de esta Sala de 4 de noviembre de 2004.*

*El 4 de febrero de 2000 se aprobó un nuevo Plan General de Ordenación Municipal en Vilagarcía de Arousa, en el que se clasificó la isla de Cortegada como "suelo rústico de protección de espacios naturales" (BOP de Pontevedra de 26 de mayo de 2000).*

*Mediante el Decreto 88/2002, de 7 de marzo, de la Consellería de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia, impugnado en este litigio, se aprobó definitivamente el Plan de Ordenación de los Recursos Naturales del espacio natural de la isla y su contorno.*

*Por Ley 15/2002, de 1 de julio, se declaró y delimitó el "Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia", incluyéndose en él el archipiélago de Cortegada. La misma Ley prohibió directamente "aquellos usos y actividades que alteren o pongan en peligro la estabilidad de los ecosistemas o la integridad de sus componentes" (artículo 4.1) y estableció la obligación de clasificar todos los terrenos del Parque Nacional como "suelo no urbanizable objeto de especial protección o clase equivalente regulada por la legislación urbanística" (artículo 4.2)».*

Nunha fase posterior a Xunta de Galicia procedeu á expropiación forzosa da illa. O Xurado de Expropiación de Galicia fixou o seu prezo xusto en 1.800.000 euros. A propietaria impugnouno, reclamando o pago de 186.000.000 euros. Finalmente o **Tribunal Supremo** (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 6<sup>a</sup>) na súa sentenza do **7 de xullo de 2014** (casación 1949/2012, relator: Excmo.

Sr. Trillo Alonso) pecha a cuestión confirmando a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia. Considera en primeiro termo que dito acto administrativo se beneficia da presunción xeral de validez recoñecida no artigo 57.1 da Lei 30/1992, o que despraza á recorrente a carga da proba sobre a súa posible incorrección. En segundo lugar, que non se acreditou a inadecuación nin do método utilizado para valorar os terreos, nin do seu resultado. E que, finalmente, as indemnizacións derivadas das limitacións á propiedade que supuxera a aprobación do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da illa deberán cuantificarse e pagarse nun expediente diferenciado.

### III Persoal

#### 1 Vacacións do persoal funcionario e estatutario. Supresión dos “canosos”. Non cabe engadir días adicionais de vacacións ao máximo de 22 días hábiles establecido para todas as Administracións na normativa básica estatal

O **TSXG**, S<sup>a</sup> do Cont.-Ad., Secc. 1<sup>a</sup>, na súa sentenza do **2 de xullo de 2014** (rec. 111/2014, relator: Ilma. Sra. Galindo Gil) declarou derrogado ou desprazado polo Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, o disposto no artigo 75.2 do Texto Refundido da Función Pública de Galicia (Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo) sobre goce de días adicionais de vacacións por cumprimento de anos de servizo (os coloquialmente denominados “canosos”). De xeito que os funcionarios públicos e o persoal estatutario do SERGAS non poden gozar xa, en concepto de vacacións, de máis días cos vinte dous establecidos no artigo 50 (modificado) da Lei 7/2007, de 12 de abril, aprobatoria do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), por moitos anos que leven traballando na Administración.

#### 2 Prohibición xeral de contratación de novo persoal nas Administracións Públicas

Nas sentenzas do **21 e 28 de maio de 2014** (recs. 47/2014 e 74/2014, relatores: Ilmos. Sres. Seoane Pesqueira e Díaz Casales) o **TSXG** censurou a contratación temporal e sucesiva de operarios polo Concello de Xinzo de Limia, por infrinxir a prohibición de contratar persoal temporal establecida no artigo 3 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro (e na posterior Lei 2/2012, de Orzamentos Xerais do Estado). Tamén por incumprir os principios de libre concorrência e publicidade no acceso ao emprego público; e por cometer vicio de desviación de poder. Concluíu o Tribunal sinalando que: *«la gravedad de la actuación municipal, con incumplimiento grosero y consciente de la normativa de obligada aplicación que ha quedado mencionada, pese a los informes desfavorables de Secretaría e Intervención, pudiera ser constitutiva de un delito de prevaricación, lo que justifica asimismo el pronunciamiento de remisión de testimonio de los autos y del expediente administrativo al Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Xinzo de Limia, a fin de que se investiguen las posibles responsabilidades penales que se podrían derivar»*.

Na sentenza do **30 de abril de 2014** (rec. 267/2012, relator: Ilmo. Sr. Seoane Pesqueira) o **TSXG** anulou un acordo do Pleno do Concello de Santiago de Compostela polo que se crearon tres novas prazas de funcionarios de habilitación de carácter nacional (secretario de apoio, interventor de apoio e tesoureiro de apoio). En primeiro lugar, pola inxustificada

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

insuficiencia coa que se emitiu, sen demorar o incremento do cadro de persoal ao exercicio orzamentario que estaba a punto de iniciarse «*sin esperar siquiera a que los puestos correspondientes a las plazas creadas se reflejasen en la RPT, urgencia que parece apuntar más a la inminente aprobación de lo que constituiría el Real Decreto Ley 20/2011 que a cualquier otra consideración, en tanto en cuanto su entrada en vigor podía entrañar un obstáculo para llevar a cabo el objetivo de creación de las plazas de Secretario, Interventor y Tesorero*». E, en segundo lugar, por infrinxir a “taxa de reposición cero” establecida no devandito Real Decreto Lei. Insiste así o Tribunal en que: «*En contra de lo que entiende la Dirección Xeral de Administración Local, lo fundamental no es que la selección y formación de los funcionarios de Administración Local con habilitación estatal esté atribuida a la Comunidad Autónoma ni que el concreto funcionario que ocupe la nueva plaza no sea de nuevo ingreso (de hecho en el artículo 3 del RD Ley lo que se prohíbe es la incorporación de nuevo personal, no la de personal de nuevo ingreso), sino que las plazas que han de ocupar dichos funcionarios corresponden a la Administración Local y pertenecen a la plantilla del correspondiente Concello, en este caso de Santiago de Compostela, que es quien ha de abonar sus retribuciones periódicas a cargo de su presupuesto. Lleva razón la defensa de los recurrentes cuando afirma que la finalidad del RD Ley es reducir los gastos corrientes en el capítulo I de los presupuestos, gastos de personal, que es precisamente donde se consignan los créditos destinados a remunerar a los habilitados que se incorporan al Concello, por lo que, al asumir presupuestariamente el Concello las plazas incrementadas (y por eso hay que realizar una modificación de la plantilla que supone una alteración presupuestaria con el fin de generar los créditos con los que hacer frente a ese nuevo gasto corriente), se vulnera la literalidad de la norma, así como su espíritu y finalidad. Frente al anterior argumento no resulta operativo el que se deriva del informe del nuevo Interventor Municipal de 28 de diciembre de 2012, de que como tal incremento de gasto se realizó con cargo a otros créditos que fueron amortizados (plazas de personal eventual y dedicaciones exclusivas) no se incrementa el gasto del capítulo I. Y ello porque, como se deduce del informe de la Dirección Xeral de Administración Local, no se trata de compensar o nivelar unas amortizaciones con incorporaciones de nuevos créditos, sino de disminuir el coste del personal. Ha de insistirse en que en el artículo 3 del RD Ley se prohíbe la incorporación de nuevo personal, y dicha prohibición se conculcaría si se permitiera la compensación que pretende el Concello. A lo anterior ha de añadirse que los créditos amortizados se refieren a gastos de carácter estructural de personal permanente, mientras que el personal eventual o las dedicaciones exclusivas se revisan con cada nueva Corporación municipal. Refuerza la interpretación literal y lógica del artículo 3 del RD Ley 20/2011 el hecho de que se extiende la prohibición incluso a las plazas incursas en procesos de consolidación, pese a que lógicamente debiera resultar prioritaria la regularización de la situación de quienes estuviesen implicados en alguno de dichos procesos, lo que revela la intención del legislador de reducir incluso la organización administrativa de personal. En este sentido, asimismo se prohíbe la cobertura de vacantes dotadas presupuestariamente y se pretende incluso amortizarlas”*.

### 3 Compensación da supresión da paga extra cun complemento de produtividade. Fraude de lei e desviación de poder

O **TSXG** na sentenza de **2 de xullo de 2014** (rec. 174/2014, relator: Ilmo. Sr. Chaves García) revogou en apelación a sentenza de instancia e declarou a nulidade dun acordo do Concello de Pontevedra sobre pago de complemento de produtividade aos seus funciona-

rios. Considerou o Tribunal que o devandito pago incorría en fraude de lei e desviación de poder porque con el se pretendía na realidade compensar aos seus empregados da supresión da paga extra que se tiña producido polo Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo. Para acadar dita conclusión o Tribunal tomou en consideración o dato significativo de que entre o exercicio de 2011 e o de 2012 o complemento de produtividade se incrementara de 25.000 euros a 735.000 euros, e de 15 beneficiarios a 441. Tamén o de que se repartiu esa produtividade de maneira lineal e igualitaria entre todos os empregados públicos. E as propias declaracións do Alcalde-Presidente nos medios de comunicación anunciando que substituíu a paga extra por complementos de produtividade. Finalmente a sentenza condena ao Concello de Pontevedra a: «*adoptar las medidas precisas para la devolución de lo indebidamente abonado por el complemento de productividad litigioso*».

## IV Proceso contencioso-administrativo

As relacións de postos de traballo (RPT) das Administracións públicas carecen da natureza xurídica das disposicións xerais. Competencia dos Xulgados do Contencioso-Administrativo para coñecer da súa impugnación en primeira instancia

O **Tribunal Supremo** (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 1<sup>a</sup>), nun extenso Auto de 22 de maio de 2014 (rec. 130/2013) inadmitiu o recurso de casación interposto fronte a unha sentenza do TSXG sobre unha modificación da RPT da Xunta de Galicia, tras considerar que as RPT son meros actos administrativos e non disposicións xerais. Carecen de natureza regulamentaria. Como consecuencia diso non poden ser impugnadas indirectamente, nin cabe interpor recurso de casación contra as sentenzas ditadas en primeira instancia sobre dita materia. O cambio de criterio do alto tribunal sobre a natureza xurídica das RPT instaurouse a partir da súa sentenza do 5 de febreiro de 2014 (casación 2986/2012). Neste Auto o Tribunal Supremo insiste en que:

*«(...) Las relaciones de puestos de trabajo son expresión de una actividad administrativa reflexiva o de autoorganización, por la que la Administración determina su estructura administrativa con los requisitos legalmente exigidos y con la necesaria flexibilidad. De acuerdo con la última jurisprudencia de esta Sala, que vamos a relacionar, no son disposiciones generales ni normas en sentido estricto sino actos administrativos generales que, en cuanto tales, y aún con una cierta vocación de permanencia, son característicos de una actividad administrativa y no de una actividad normativa o reglamentaria.*

*Ocurre que las relaciones de puestos de trabajo son instrumentos organizativos que dan operatividad a las normas propiamente dichas. (...) En relación con las personas respecto a las cuales individualizan —o puedan, o, en su caso, deban, individualizarse— esas normas abstractas se presentan las RRPPTT como actos administrativos generales que, en virtud de la teoría configurada en la doctrina científica conforme a la figura, de origen francés, del acto-condición o, en la de origen italiano, del acto de admisión (provvedimenti ammissori), operan en relación con el destinatario real o potencial (empleado público designado o aquéllos que estuvieran en posesión de los*

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS



*requisitos necesarios para serlo o haberlo sido) la función de transformar —o poder transformar— la expectativa o derecho al nombramiento en una situación jurídica generadora de los derechos y deberes propia del estatuto del puesto de trabajo de que se trate. A través de las relaciones de trabajo (artículo 15.1 de la Ley 30/1984) u otros instrumentos organizativos similares (a que se refiere hoy el artículo 74 del EBEP) se verifica una ordenación del personal de las Administraciones Públicas de acuerdo con las necesidades de los servicios y con la precisión de los requisitos para el desempeño de cada puesto de trabajo (SSTC 8/2010, de 27 de abril FJ 4 y 48/1998, de 2 de marzo FJ 7) (...).*

*En cualquier caso, es patente que las cuestiones de personal al servicio de la Administración que no afecten al nacimiento o extinción de la relación de servicio de funcionarios de carrera quedan excluidas, con carácter general, del recurso de casación, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 86.2.a) de la Ley de esta Jurisdicción, si bien este Tribunal, como se ha dicho, hace años que venía admitiendo que las sentencias recaídas en relación con impugnaciones directas de las RPT's de dicho personal tenían acceso a casación por assimilarlas, a los solos efectos de dicho acceso, a las disposiciones generales. (...)*

*Ciertamente, la doctrina que se incorpora en este auto comporta un nuevo régimen de impugnación jurisdiccional de las RPT's consecuente con su naturaleza jurídica de actos, pretendiendo clarificar la doctrina jurisprudencial sobre esta cuestión. A este respecto, ha de ponerse de manifiesto que es reiterada la doctrina constitucional que admite sin reservas el cambio de criterio jurisprudencial, siempre que éste no sea arbitrario y esté motivado, sin que quepa pretender de la jurisprudencia un carácter monolítico y estático, puesto que su valor reside precisamente en su dinámica adaptativa y motivada a las nuevas realidades en que se desenvuelven las relaciones jurídicas, teniendo en cuenta la libertad de apreciación de todo órgano jurisdiccional en el ejercicio de su función juzgadora (de conformidad con el artículo 117.3 de la Constitución Española) y la consecuencia de una diferente concepción jurídica igualmente razonable y fundada en Derecho de los supuestos sometidos a su decisión. (...)*».

## V Tributos

Imposto de transmisión patrimonial. As autorizacións administrativas que se conceden ás instalacións de xeración de enerxía eléctrica non son actos equiparables ás concesións administrativas. Non suxeición ao imposto

O **TSXG** (S<sup>a</sup> do Cont.-Ad., Secc. 4<sup>a</sup>) na sentenza do **22 de xaneiro de 2014** (rec. 15555/2012, relator: Ilma. Sra. Rivera Frade) concluíu que:

*«(...) cuando se trata de autorizar la actividad de generación de energía eléctrica no se produce el hecho imponible del Impuesto de transmisiones patrimoniales, pues no nos encontramos ante la prestación de un servicio público, y por tanto, no se otorgan facultades de gestión de un servicio público, ni de atribución del uso privativo de bienes de dominio o uso público, ni de aprovechamiento especial de bienes de*



dominio o uso público. Esta solución no se contradice con las consideraciones que se recogen en las sentencias del Tribunal Supremo de 7 de febrero de 2013 (Recurso de casación número 3030/2010) y 23 de septiembre de 2013 (Recurso casación número 1856/2012), pues en ambas se estudia la sujeción al ITP de una autorización administrativa para la instalación de una central de cogeneración de electricidad concedida al amparo de la Ley 40/1994. Incluso la primera de ellas contiene un voto particular (del Magistrado Don Emilio Frías Conde) en el que se sostiene que las autorizaciones administrativas otorgadas al amparo de la ley 40/1994 no implicaban la transferencia por parte de la Administración de una esfera de actividad prestacional de servicio público, pues según se expresaba en su exposición de motivos el sistema integrado conservaba la calificación tradicional de servicio público, que fue abandonada por la posterior Ley 54/1997, para ser sustituida por la de servicio esencial, y que por tanto, ante esta realidad, los artículos 1 y 2 de la Ley de 1994 no podían ser interpretados en el sentido de que la autorización administrativa para la instalación de un parque eólico constituía también un servicio público.

Pero si el análisis del régimen jurídico de la producción eléctrica al amparo de aquella Ley se ha entendido para la mayoría de los magistrados que integraban la Sala sentenciadora como un servicio público, con cita de la STC 18/2011, de 3 de marzo, en la primera sentencia ya se dice que la configuración del sector de la energía eléctrica como servicio público era la tradicional hasta la Ley 54/1997. Y es que con la nueva Ley ya no podemos hablar de un servicio público de titularidad estatal, y con la autorización habilitando la instalación no se otorgan a la prestadora del servicio facultades de gestión de servicio público, ni se origina un desplazamiento patrimonial a favor de la empresa».

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

## VI Urbanismo e ordenación do territorio

### 1 Inexecución de sentenza que ordea derrubar unha edificación, por imposibilidade material (edificio Fenosa na Coruña)

Na sentenza do **Tribunal Supremo-**, S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 5<sup>a</sup>, do **8 de xullo de 2014** (casación 2465/2013, relator: Excmo. Sr. Peces Morate) revógase o Auto do TSXG no que se declarara a imposibilidade material de execución forzosa dunha sentenza do ano 2001 (confirmada en casación no 2006) na que se anulou unha licenza de obras e se condenou ao Concello da Coruña a derrubar o edificio de vivendas e locais executado ao seu amparo. Considera o alto Tribunal, en primeiro lugar, que neste caso se excede con creces o prazo de dous meses establecido no artigo 105 da Lei Xurisdiccional 29/1998 para poder promover un incidente de inexecución de sentenza: *«la causa de imposibilidad material manifestada ... ya existía en el año 2006 (...). El plazo de dos meses, establecido por el citado artículo 105.2, no es un plazo de caducidad absoluto, de manera que su inobservancia, si está justificada, no impide promover, transcurrido el plazo de dos meses, el incidente de imposibilidad legal o material de ejecutar las sentencias, pero también hemos expresado que la ejecución de una sentencia firme no puede quedar supeditada indefinidamente a la promoción sucesiva de incidentes de imposibilidad legal o material de ejecución de una sentencia por causas existentes al momento de haberse promovido el primero».*

E, en segundo lugar, sobre o fondo do asunto manifestou o Tribunal Supremo nesta sentenza o seguinte: «*Que la Sala de instancia vuelva a traer a colación el principio de proporcionalidad para resolver si es o no desproporcionado tener que acometer obras de refuerzo que, lógicamente, no figuraban en los proyectos iniciales de 1962 y 1964, no resulta acorde con el principio de ejecutabilidad en sus propios términos de las sentencias firmes recogido en los artículos citados por la recurrente, al articular estos motivos de casación, tanto de la Constitución como de la Ley de esta Jurisdicción. Lo natural es que una construcción acabada, a pesar de que la licencia concedida se hubiese impugnado en sede judicial, experimente debilitamiento de la estructura al ser demolida en cumplimiento de la sentencia anulatoria de dicha licencia y ello requiera los reforzamientos necesarios aunque no estuviesen previstos en los proyectos iniciales, pero ello no hace desproporcionada la demolición, ya que con ella se trata de restaurar el orden jurídico infringido y la realidad física alterada, según declaramos en aquella nuestra sentencia de 28 de marzo de 2006, y por tanto, las razones dadas por la Sala de instancia para declarar la inejecución de la sentencia por causa de imposibilidad material no son atendibles y esa decisión, adoptada en los autos recurridos, debe ser anulada para que, como pide en casación la demandante en la instancia y ahora recurrente, continúe la ejecución de la sentencia, dictada por la propia Sala de instancia el 20 de diciembre de 2001 (recurso contencioso-administrativo 6937/1997), en sus propios términos, ya que las actuaciones administrativas ilegales no pueden contar con el respaldo de los jueces y tribunales, sometidos exclusivamente al imperio de la Ley (artículo 117.1 de la Constitución) y no a criterios de oportunidad o de conveniencia coyuntural*».

## 2 Nulidade da disposición da Lei de Vivenda de Galicia que impedía a execución das sentenzas anulatorias de licenzas urbanísticas que levan consigo o derrubamento de vivendas mentres non se indemnice aos afectados

O **Tribunal Constitucional**, na sentenza **82/2014, do 28 de maio** (relator: Sr. Valdés dal Re, BOE do 24/06/2014) declarou a nulidade dun inciso da disposición adicional sexta da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia no que se condicionaba a execución das sentenzas anulatorias de licenzas urbanísticas que levan consigo o derrubamento de vivendas á previa indemnización dos afectados pola vía da responsabilidade patrimonial das Administracións públicas. Na sentenza incídese no seguinte:

«(...) *Que duda cabe de que los órganos judiciales deberán ponderar la totalidad de los intereses en conflicto a la hora de hacer ejecutar sus resoluciones y que no cabe descartar que tal ponderación pudiera llevar al órgano judicial a acomodar el ritmo de la ejecución material de las demoliciones que hayan de tener lugar a las circunstancias concretas de cada caso. Pero lo que resulta incompatible con la reserva estatal en materia de legislación procesal —art. 149.1.6 CE— es que el legislador autonómico establezca una causa de suspensión o aplazamiento de la ejecución de las Sentencias que han de ejecutarse mediante el derribo de edificaciones, máxime cuando el precepto legal no condiciona la efectividad de la demolición judicialmente acordada al transcurso de los plazos para resolver el expediente de responsabilidad patrimonial, sino a su efectiva resolución y al pago de la indemnización acordada, de suerte que la ejecución de la Sentencia termina por escapar del control judicial, único competente*

*para hacer ejecutar lo juzgado a tenor de lo dispuesto en el art. 117.3 CE que resulta igualmente vulnerado».*

### 3 Anulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Omisión do informe sectorial de augas (Confederación Hidrográfica). Incumprimento da reserva de equipamentos e dotacións. Informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Desviación de poder

O **Tribunal Supremo** (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 5<sup>a</sup>), na súa **sentenza do 4 de xullo de 2014** (casación 915/2012, relator: Excmo. Sr. Calvo Rojas) confirma a declaración de nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Melón aprobado no ano 2008 por tres motivos. En primeiro termo porque fora informado desfavorablemente pola Consellería de Cultura respecto do mosteiro de Santa María, declarado monumento histórico-artístico. En segundo, por omisión do preceptivo informe sectorial de augas (da Confederación Hidrográfica) sobre dispoñibilidade dos recursos hídricos necesarios para atender ao incremento da demanda de auga que se derivaría da duplicación da poboación en dez anos e da construción dun parque empresarial e un campo de golf previstos no plan; así como sobre a infraestrutura para a evacuación e depuración das augas residuais. E en terceiro lugar, por incorrer en desviación de poder a cualificación como equipamento deportivo dun pavillón ao carón do mosteiro que se debía derrubar en execución dunha sentenza firme anterior. Sobre a alegación do Concello de que o Informe de Cultura se emitiu extemporaneamente o alto Tribunal conclúe que:

*«(...) el informe de la Dirección General de Patrimonio Cultural se emitió, aunque fuera de plazo; y así lo admite el propio Ayuntamiento, que afirma que, pese a la tardanza del informe, una vez recibido cuidó de que sus exigencias se incorporasen al documento en tramitación. Ya hemos señalado que, al no recibir el informe dentro del plazo señalado, el Ayuntamiento podía disponer que prosiguiesen las actuaciones, como efectivamente hizo. Ahora bien, ello no significa que el informe recibido tardíamente quede privado ex lege de toda virtualidad. El párrafo segundo del artículo 83.4 de la Ley 30/1992 establece que «el informe emitido fuera de plazo podrá no ser tenido en cuenta al adoptar la correspondiente resolución». La expresión legal, siendo imprecisa, no puede entenderse en el sentido de que la Administración actuante pueda, a su libre criterio, atender o desatender el informe; menos aún cuando se trata de informes que tienen legalmente atribuido el carácter de preceptivos y vinculantes. El recto entendimiento del citado artículo 83.4 lleva a considerar que la Administración que dirige el procedimiento debe exponer las razones por las que el informe recibido tardíamente no puede ser tenido en consideración (explicando, por ejemplo, que al haber sido recibido en la fase final del procedimiento y estando ya cumplidos todos los trámites de audiencia e informes, no resulta viable que las indicaciones del informe tardío encuentren reflejo en la resolución final). Ninguna explicación de esa índole ha existido en este caso. Más bien al contrario».*

### 4 Autorización ambiental integrada. Carácter vinculante do informe municipal sobre a compatibilidade do proxecto coa ordenación urbanística aplicable

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Na sentenza do **Tribunal Supremo** (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 5<sup>a</sup>) do **27 de xuño de 2014** (casación 715/2012, relator: Excmo. Sr. Suay Rincón) confirmouse a anulación da autorización ambiental integrada dunha industria de Redondela porque o Concello emitiu durante a súa tramitación un informe urbanístico desfavorable. Afirmo o Tribunal nesta sentenza que o informe da Administración municipal sobre a compatibilidade urbanística do proxecto que o interesado debe achegar coa súa solicitude de autorización ambiental integrada: *«posee carácter vinculante en los extremos concernientes a la compatibilidad del proyecto con el planeamiento urbanístico. A este ámbito urbanístico se contrae, consiguientemente, la vinculatoriedad de dicho informe. En dicho ámbito, la Administración autonómica no tiene opción y no puede decidir la continuación del procedimiento administrativo. Fuera de dicho ámbito, en cambio, el informe carece de los efectos obstativos apuntados —cabe añadir, incluso en extremos atinentes a otros ámbitos de competencia municipal—»*. Máis aínda neste caso no que: *«El informe del Ayuntamiento se emite en sentido desfavorable al otorgamiento de la autorización ambiental integrada porque la actividad a desarrollar está dentro del espacio natural protegido «Ensenada de San Simón», incluido en la lista gallega de Lugares de Importancia Comunitaria de la Red Europea Natura 2000, y declarado zona de especial protección de los valores naturales según el Anexo I del artículo 1º del Decreto 72/2004; y porque a la actividad, al tener que ser objeto de autorización ambiental integrada y estar sujeta al RAMINP, no le es aplicable la categoría de industria limpia compatible con áreas residenciales por su escaso nivel de contaminación acústica, de humos, gases o vertidos descrita por las normas subsidiarias de planeamiento municipal»*.